



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 49

Sesión plenaria
29 de setembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 16619 (11/PNP-001620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a socialización e o retorno económico dos beneficios xerados pola produción enerxética en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021

5.2 20105 (11/PNP-001835)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 25.08.2021

5.3 20129 (11/PNP-001838)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para iniciar o proceso de reversión ao público das residencias de maiores de titularidade pública e xestión privada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 25.08.2021

5.4 20651 (11/PNP-001878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego intersectorial de prevención do suicidio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 08.09.2021

5.5 21094 (11/PNP-001922)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e seis deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da elaboración dun estudo da situación do mercado financeiro desde o punto de vista da concentración bancaria e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 198, do 15.09.2021

5.6 21288 (11/PNP-001939)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e nove deputados/as máis

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53

Publicación da iniciativa, BOPG nº 198, do 15.09.2021



Punto 6. Interpelacións

6.1 11740 (11/INT-000672)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora do acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

6.2 21014 (11/INT-001140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a política do Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 16.09.2021

6.3 21329 (11/INT-001151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e dous deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa xestión dos encoros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 16.09.2021

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 22242 (11/POPX-000041)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a estratexia para a consecución de fondos Next Generation para a reactivación de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

7.2 22243 (11/POPX-000042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas para defender os intereses de Galicia ante o Goberno do Estado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 20637 (11/POP-003134)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego das axudas que se destinaron dende a Xunta de Galicia ás axencias de viaxe e aos turoperadores para facer fronte á situación da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 08.09.2021



8.2 19114 (11/POP-002616)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e tres deputados/as máis**

Sobre a procura por parte da Xunta de Galicia dunha nova localización para a empresa Ence

Publicación da iniciativa, BOPG nº 183, do 09.08.2021

8.3 22211 (11/PUP-000208)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre o peche da factoría de Vestas en Chavín, no concello de Viveiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021

8.4 18109 (11/POP-002306)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto das verteduras contaminantes que se producen no regato de Piñor, que verte as súas augas no río Furelos, en Melide

Publicación da iniciativa, BOPG nº 173, do 26.07.2021

8.5 20746 (11/POP-003151)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis**

Sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar para evitar que a canteira da Casa-longa, no concello de Teo, se converta nun vertedoiro de residuos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 08.09.2021

8.6 18798 (11/POP-002567)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as razóns polas que o Servizo Galego de Saúde non aboa os salarios do persoal de enfermería conforme os períodos considerados de alta e cotización pola Inspección de Traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 183, do 09.08.2021

8.7 19522 (11/POP-002729)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María e seis deputados/as máis**

Sobre os avances respecto do desenvolvemento das unidades poscovid na sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 180, do 04.08.2021

8.8 22096 (11/PUP-000206)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Suárez Sarmiento, María Elena e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións asistenciais e infraestruturais levadas a cabo no Hospital do Salnés

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021



8.9 22198 (11/PUP-000207)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a contratación por parte do 061 de ambulancias que non cumpren os requisitos técnicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 202, do 22.09.2021



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente, en nome de todas e todos os presentes, amosa a súa solidariedade ante a catástrofe provocada na Palma polo volcán de Cumbre Vieja. (Páx. 11.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a estratexia para a consecución de fondos Next Generation para a reactivación de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Caballero Miguez (S). (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 13.)

Réplica do autor: Sr. Caballero Miguez (S). (Páx. 15.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas para defender os intereses de Galicia ante o Goberno do Estado. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 19.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 23.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e nove deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 26.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Calvo Pouso (P). (Páx. 26.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 28.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 31.)

O señor Calvo Pouso (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 34.)



Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a socialización e o retorno económico dos beneficios xerados pola produción enerxética en Galicia: *rexeitada por 19 votos a favor, 41 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 36.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) e o señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) interveñen para facer unhas aclaracións respecto do texto transaccionado da proposición non de lei presentada pola señora Rodríguez Rumbo que se vai votar a continuación. (Páx. 36.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local: *rexeitado por 32 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 37.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para iniciar o proceso de reversión ao público das residencias de maiores de titularidade pública e xestión privada: *rexeitada por 19 votos a favor, 41 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 38.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego intersectorial de prevención do suicidio: *rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 38.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e seis deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da elaboración dun estudo da situación do mercado financeiro desde o punto de vista da concentración bancaria e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira: *aprobada por 41 votos a favor, ningún voto en contra e 34 abstencións.* (Páx. 39.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e nove deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53: *aprobada por 74 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Interpelación de D^a Noa Susana Díaz Varela e de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Varela (S).* (Páx. 39.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González).* (Páx. 43.)



Réplica da autora: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 46.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 47.)

Interpelación de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora do acceso á vivenda. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández Gómez (S)*. (Páx. 49.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 52.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández Gómez (S)*. (Páx. 55.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 58.)

Interpelación de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa xestión dos encoros. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 60.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 63.)

Réplica do autor: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 68.)

Pregunta de D. Borja Vereá Fraiz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai o Goberno galego das axudas que se destinaron dende a Xunta de Galicia ás axencias de viaxe e aos turoperadores para facer fronte á situación da covid-19. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vereá Fraiz (P)*. (Páx. 70.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 70.)

Réplica do autor: *Sr. Vereá Fraiz (P)*. (Páx. 72.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 72.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a procura por parte da Xunta de Galicia dunha nova localización para a empresa Ence. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 73.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 75.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 75.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 76.)



Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o peche da factoría de Vestas en Chavín, no concello de Viveiro. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 78.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 80.)

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto das verteduras contaminantes que se producen no regato de Piñor, que verte as súas augas no río Furelos, en Melide. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 81.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 82.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 84.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar para evitar que a canceira da Casalonga, no concello de Teo, se converta nun vertedoiro de residuos. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 85.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 86.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 88.)

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns polas que o Servizo Galego de Saúde non aboa os salarios do persoal de enfermaría conforme os períodos considerados de alta e cotización pola Inspección de Traballo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 89.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 90.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 91.)



Pregunta de D^a Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os avances respecto do desenvolvemento das unidades poscovid na sanidade pública. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 92.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 93.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 95.)

Pregunta de D^a María Elena Suárez Sarmiento e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións asistenciais e infraestruturais levadas a cabo no Hospital do Salnés. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Suárez Sarmiento (P)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Sra. Suárez Sarmiento (P)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 99.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a contratación por parte do 061 de ambulancias que non cumpren os requisitos técnicos. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 100.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 101.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 104.)

Remata a sesión ás tres e seis minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Reiniciamos a sesión.

Antes de entrar na orde do día, permítanme as deputadas e os deputados expresar, en nome propio e no nome de cantos hoxe participamos nesta sesión do Parlamento de Galicia, a nosa solidariedade, afecto e cercanía ante a catástrofe provocada na Palma polo volcán de Cumbre Vieja. Temos a seguridade de que ante un suceso destas características todos os galegos e galegas somos e nos sentimos canarios. *(Aplausos.)*

E agora si entramos no punto sétimo da orde do día, preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa do señor Caballero Miguez, portavoz do grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a estratexia para a consecución de fondos Next Generation para a reactivación de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, todos sabemos que acabamos de sufrir unha crise económica derivada dunha pandemia de enorme envergadura e que este curso político ten que ser o da reactivación e o da modernización. E acaba de facerse hoxe público o último informe socioeconómico do Foro de Galicia, no que se recollen parte dos riscos e dos retos que temos por diante: a deterioración da calidade do emprego, o maior nivel de pobreza severa, que chega a 230.000 galegos e galegas, o risco de incremento de desigualdade... Son elementos que hai que atallar e resolver á vez que esteamos traballando na recuperación da actividade económica, nunha economía na que o PIB se resentiu pola súa estrutura produtiva con menor intensidade, pero onde aínda estamos a 4,2 puntos por debaixo do nivel de PIB real precrise, e no que tamén no que necesitamos xerar emprego.

Esa actividade é a que ten que centrar a axenda do Goberno da Xunta de Galicia. Unha axenda que ten que basearse en fomentar a modernización, facendo fronte a unha dobre transición dixital ecolóxica que é fundamental, pois temos que modernizar a economía e a estrutura produtiva de Galicia; temos que facer políticas de emprego porque a economía galega ten un déficit na xeración de emprego ao longo da última década, antes do tempo da covid e probablemente agora na recuperación poscovid segundo os indicadores e as análises máis axeitados que podemos facer. E tamén o reto do benestar para construír un paraugas de protección no que os galegos e as galegas poidan saír adiante.



E estamos preocupados porque vemos falla de acción por parte do Goberno da Xunta. É necesario investimento público para modernizar a economía galega, é necesario investimento público para xerar emprego de calidade e para situar a economía galega nun círculo virtuoso que permita xerar emprego, benestar, actividade económica e incremento da demanda agregada. Ese é o reto dun goberno de Galicia que non fixo política económica ao longo da última década e que necesita volver poñer a tarefa da reactivación enriba da mesa.

Eu pídollo ao Goberno de España tamén; un goberno que impulsou un Plan Marshall en Europa, que impulsou políticas expansivas, que fixo fronte á crise con políticas radicalmente distintas ás que aplicaban vostedes, os da dereita, cando gobernaban na gran recesión. E tamén lle pido ao Goberno que manteña o seu compromiso de investimento para a reactivación económica, tamén en Galicia; onde quero pedirlle ao Goberno de España que incremente os fondos de investimento público en materia de transportes e infraestruturas para xerar ese círculo virtuoso. Espero que o Goberno de España cumpra, pero espero, señor Feijóo, que vostede cumpra cos galegos e coas galegas. E para cumprir ten que vostede plantexar un mapa de prioridades para os fondos europeos.

Levamos un ano falando do tema das prioridades para Galicia dos fondos europeos. E aquí en Galicia non hai ninguén ao volante, non hai ninguén en materia de fondos europeos que sexa quen de pilotar esta situación. Non hai ninguén ao volante porque a Xunta de Galicia prefire facer política de foguete. Disparar un foguete anunciando sete proxectos tractores, disparar outro foguete falando de cento seis, outro foguete de trescentos cincuenta e catro, e ir soltando foguetes pequenos en anuncios á prensa, cada día un titular, cada día unha busca dunha noticia, pero sen ningún tipo de contido nin orientación.

O Goberno de España acáballe de pedir, señor Feijóo, que vostede faga un mapa de prioridades, que estructure cales son as prioridades de Galicia para ir aos fondos europeos. E eu pídolle que non deixe orfa a Galicia das oportunidades que dan os fondos Next Generation. É hora de abordar a recuperación integral. Unha recuperación que non pode quedar en mans das grandes empresas, senón que ten que ter mecanismos de impulso da cadea produtiva para que cheguen ao conxunto da cidadanía e xeren unha recuperación integral. E iso é o que lle queremos dicir. Levamos máis dun ano falando dos proxectos europeos, que son fundamentais para Galicia, e a súa política foi a política de non facer nada, de anunciar e non ter as prioridades, de carecer de estratexia e de carecer de modelo. Estamos hoxe igual que hai un ano falando dos proxectos europeos porque o Goberno da Xunta de Galicia non tivo estratexia nin acción. E eu quérolle dicir que é hora de tomarse esa tarefa en serio...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que hai que gobernar pensando na reactivación. E Galicia non pode perder a oportunidade de saber situar os fondos europeos naqueles proxectos estratéxicos para a reactivación. Cómpre xestión e cómpre compromiso. A política do conflito é a política do PP, pero non é a política que lles dea resultados aos galegos e ás galegas.

E para orientar, para colaborar e para contribuír, igual que se ten feito noutras comunidades autónomas, algunhas nas que goberna o PP e noutras nas que goberna tamén o Partido So-



cialista, quérolle dicir, señor Feijóo, que tome o tema dos investimentos públicos e dos proxectos europeos con seriedade...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...e que permita que haxa grandes acordos neste país para que Galicia non perda unha oportunidade histórica...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...que non nos podemos permitir deixar atrás.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor Caballero, efectivamente, o Foro Económico de Galicia acaba onte de concretar un balance do que levamos de crise. E quero dicirlle de que non vimos de sufrir unha crise económica, estamos nunha profunda crise económica. E o Foro Económico o que di é que Galicia crece o dobre que a media de España. Debería vostede polo menos non mutilar o que di o foro da economía.

Ademais, como sabe vostede, señoría, no emprego en Galicia levamos oito meses baixando o desemprego. Somos a comunidade autónoma con maior baixada de desemprego de España.

Por iso resulta curioso escoitalo a vostede incluso falar de prioridades nos fondos Next Generation. Non levamos outra cousa dentro das nosas prioridades que o concretar, efectivamente, cales son as propostas dos Next Generation. Dende o primeiro instante en estado de alarma creamos unha comisión de expertos economistas, profesores universitarios, empresas e Xunta de Galicia para concretar as prioridades. E o que pedimos loxicamente é claridade de criterios para adxudicar eses fondos e unha garantía de cohesión territorial de España para que eses fondos non vaian aos socios do Partido Socialista.

Señoría, o Goberno non está cumprindo. E non está cumprindo porque se comprometeu na Conferencia de Presidentes de transferir o 50 % dos fondos ás comunidades autónomas, e resulta que, de momento, o 60 % dos fondos os xestiona directamente o Goberno de España. E o 34 % que remite ás comunidades autónomas non os remite para que as comunidades fagan as súas políticas industriais de emprego e enerxéticas, non, remíteos para que adxudiquemos e xestionemos exactamente con toda meticulosidade o que o Goberno de España quere que se faga. Por tanto, señoría, as condicións precisadas do Goberno de España están



conformando ás comunidades autónomas como meras oficinas xestoras das decisións dos fondos que sinala o Goberno central, é dicir, o Partido Socialista.

Isto debería de incomodalo a vostede. Polo que vexo non é así; ao contrario, parece que está defendendo o que fai o Goberno central. Por certo, señoría, o Goberno central e o Plan Marshall que vostede anuncia, en relación coas políticas do Partido Popular, recorde vostede que o Plan Marshall do que fala vostede, é dicir, os fondos Next Generation, estes están aprobados polo Grupo Parlamentario Popular Europea, que é o que xestiona a Comisión Europea.

Pero, en todo caso, cando vostede di que non temos prioridades... Señoría, despois da comisión de expertos, constituímos unha comisión parlamentaria. Na comisión parlamentaria estivo o Partido Socialista, o BNG e o grupo maioritario. Estivemos dez meses traballando nas prioridades, ¡dez meses! Fixéronse cento cincuenta informes, compareceron corenta e nove axentes económicos e sociais, incorporáronse cincuenta e dúas emendas da oposición, propuxemos cincocentas seis epígrafes, das cales o 72 % non tivo un só voto en contra. O Partido Socialista non votou en contra de nada. Iso si, abstívose en todo. É dicir, ¿fala vostede de prioridades? De cincocentas propostas, o Partido Socialista abstense en todas, non vota en contra de ningunha, pero non vota a favor de ningunha, ¿cre vostede que iso é unha prioridade? Será unha broma, señor Caballero.

¿Cal é a súa prioridade? Descoñézoa. Pero si lle podo asegurar que as nosas prioridades se van remitir ao Goberno central. Hai cinco grandes prioridades: o sector forestal, o sector sanitario, o sector agroalimentario, o sector da automoción e o sector enerxético. Son as cinco grandes prioridades.

Se vostede ten algunha prioridade dentro das cincocentas abstencións durante dez meses na comisión parlamentaria para estudar os fondos, por favor, remítamalas porque lle podo asegurar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que vou estudalas con todo detalle e, se podo, incorporalas ás prioridades de Galicia remitidas ao Goberno central.

Máis nada e moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor Feijóo, a política da autocompracencia, do autobombo e da opacidade non son bos compañeiros de viaxe para poder afrontar o reto da reactivación de Galicia. (*Aplausos.*)

Vostedes artellaron dende un primeiro momento unha estratexia de escapada cara a adiante que hoxe vostede continúa, un novo foguete. Primeiro foron sete, despois foron cento seis,



despois trescentos cincuenta e catro, agora son cinco eixes prioritarios, e cada día van soltando distintos proxectos nunha estratexia deslabazada, desnortada, sen rumbo, dun goberno que en todos estes anos de xestión en Galicia nin tivo política económica, nin tivo política industrial, nin tivo política de orientación do modelo produtivo.

E sábese en Galicia, porque cando vostede sinala que o Partido Popular fixo unha gran fronte á hora de defender as políticas expansivas, recoñeza que vostedes foron un problema, señor Feijóo. O Partido Popular foi un problema á hora de activar fondos europeos en Europa e tamén aquí en España, e posibilitar políticas expansivas de gasto público para facer fronte á crise económica derivada da pandemia. E foi o Goberno progresista en España o que marcou unha pauta que cambiou as cuestións, que conseguiu que España chegue ao 19 % dos fondos que se van repartir dende ese tipo de plantexamentos, mentres a poboación que temos en España é moito menor en porcentaxe da Unión Europea. Un goberno que o fixo ben, que permitiu que cheguen aos orzamentos xa deste ano 20.000 millóns de euros que están xestionándose a través da cogobernanza entre o Estado e as comunidades. E o PP foi tamén un obstáculo para conseguir esa posibilidade de gasto dende o primeiro momento. *(Aplausos.)* Carecen vostedes de lexitimidade, señor Feijóo.

Pero quérolle dicir máis: a comisión parlamentaria á que vostede fai referencia foi unha comisión na que vostedes optaron pola opacidade, por agochar os proxectos europeos, por non tentar traballar neses ámbitos. E agora segue coa política do botafumeiro, de intentar confundir falando de moitas receitas que, ao final, amosan que vostedes non son quen de xestionar a reactivación de Galicia.

Despois de todo ese tipo de resolucións que vostedes fixeron na Comisión de reactivación, eu preguntolles aos galegos e ás galegas despois de todo o traballo da Comisión de reactivación, na que o Partido Popular aplicou o seu rodo e quedou só na súa estratexia herdeira dos recortes: ¿cales son os grandes cambios que lles deron aos galegos e ás galegas?, ¿onde están as grandes medidas que hoxe vostede pode dicirlles aos galegos e ás galegas que está facendo con máis de mil millóns de euros extraordinarios este ano?

Ten que cambiar a política económica, ten que facer política industrial, señor Feijóo. E os fondos europeos son unha forma tamén para reactivar a industria en Galicia. O seu balance é terrible en materia industrial en Galicia. En doce anos de goberno caeron empresas en todos os lugares, as de maior referencia. Deu o fiasco de Pemex como grande anuncio. E polo medio perdemos empresas como Caramelo, como Alfacame, como Pescanova, como Pórtico, como Isobat, como Gamesa Siemens...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Agora hai crise en Ence, hai crise en Ferroatlántica, hai crise na Mariña, hai crise en tantos lugares, e vostedes teñen un conselleiro de Economía que as competencias son desta maioría do PP, que cando lle din os problemas dos galegos, en vez de ser sensibles se poñen nerviosos e increpan a oposición, cando o que teñen que facer é gobernar *(Aplausos.)* e dar respostas aos problemas industriais aproveitando os fondos europeos para modernizar a economía.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: E quérolle dicir, señor Feijóo, que faga tamén hoxe unha referencia á política industrial da Xunta cando unha empresa como Vestas acaba de anunciar un peche.

Deixe de escapar e de poñer responsabilidades fóra da Xunta, porque se vostede non ten ningunha responsabilidade, se vostede non asume ningunha competencia, se cando hai problemas, vostede nunca ten unha solución, é mellor que diga que non é capaz de gobernar...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero. Terminou o seu tempo.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ... e aqueles aos que lles dá responsabilidades que gobernen en Galicia, señor Feijóo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda de peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Caballero, para gobernar Galicia hai que gañar as eleccións. *(Risos.) (Aplausos.)* É imposible gobernar Galicia perdendo as eleccións coma vostede.

Ás veces, penso que vostede cre que está no Congreso dos Deputados, e ás veces creo que vostede non ten máis obxectivo que intentar ser director xeral do Goberno central. Isto non é así, señoría. Vostede é o secretario xeral do Partido Socialista en Galicia, e debería ser un pouco respectuoso, en primeiro lugar, coa verdade; en segundo lugar, cos traballadores que están a piques de ir á rúa polas súas políticas industriais, e, en terceiro lugar, non confundir a xente.

Señoría, os criterios de repartición dos fondos, dos fondos covid, dos fondos REACT, todos os fondos, apártanse do criterio de financiamento autonómico, e vostedes transferiron a Galicia 610 millóns de euros menos dos que nos corresponden. ¿Por que? Porque transferiron a Cataluña e a outras comunidades autónomas o diñeiro que nos corresponde.

Polo tanto, cando vén aquí presumir de fondos, ¿de fondos de que? Pero, señoría, se os fondos son europeos, se os fondos non son españois. Se vostedes recibiron fondos e teñen unha débeda histórica, e resulta que veñen aquí presumir de que transfíren uns fondos que son débedas e que, ademais, non os xeran vostedes. ¡Un pouco de respecto, en primeiro lugar, pola verdade!

A Comisión parlamentaria, cincocentas propostas opacas. Pero se vostede non se opuxo a ningunha.

Fondos europeos, señoría. *(O señor Núñez Feijóo levanta nas súas mans un libro ao que lle pasa as follas.)* Isto está remitido ao Goberno central. Todos estes fondos están remitidos a todos e a cada ministro do Goberno de España e ao presidente do Goberno de España. De momento, de respostas, cero. Polo tanto, cando se nos di que non plantexamos. Mire: o 23 de outubro



remitín as propostas ao presidente do Goberno en extracto, e o 28 de maio a todos os ministros a candidatura de Galicia a fondos europeos. Esta é, señoría. *(O señor Núñez Feijóo volve amosarlle á Cámara o libro anterior.)* Xa verá como non hai nada de extracto nin nada opaco; é imposible ter unha opacidade de máis de cento vinte páxinas.

Pero, señoría, cando vostede intenta confundir os proxectos con eixes estratéxicos é cando menos sorprendente; polo menos debería vostede de manter un certo criterio. Di vostede que é profesor universitario de Económicas, que teñen que ver os eixes estratéxicos cos proxectos que os conforman. O polo de transformación de Galicia: 3.300 millóns, 29.000 empregos. O polo da automoción: 1.300 millóns de euros, 900 empregos. Así ata un total de máis de trece millóns e máis de trinta mil empregos.

Vostede di que hai que priorizar; estamos de acordo. ¿Ten vostede algunha priorización, algunha proposta? Eu invito formalmente por escrito o Partido Socialista a que priorice cales son as súas propostas para intentar contrastalas coas do Goberno e intentar priorizar e acertar. ¿Parécelle que non estamos intentando escoitar a oposición, aínda que sexa a oposición máis cativa do Parlamento? Creo que si.

Eu entendo que o Partido Socialista de Galicia neste momento está, en fin, ocupado. Pero pódolle asegurar que a min non me ocupan máis que os intereses de Galicia. ¿Damos respostas necesarias para superar as ondas pandémicas? A resposta é que si. ¿Damos respostas necesarias para iniciar o curso escolar con normalidade? A resposta é que si. ¿Damos resposta para defender as industrias atacadas polas políticas frívolas enerxéticas do Goberno central? Vostede deféndeas, e nós por suposto que as criticamos, e non as compartimos. *(Aplausos.)* E imos loitar contra as súas políticas industriais.

Se queren aportar, señoría, as portas están abertas. Agora ben, se queren seguir...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...coas súas liortas as portas están pechadas.

Teña coidado, señor Caballero, porque vexo que hai algún deputado no seu grupo que, como parece ser que non ten moito futuro no Partido Socialista, quere pasarse ao Bloque Nacionalista Galego.

Máis nada e moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Non, non. ¡Perdón!, ¡perdoe!, ¡perdoe un momento! ¿Con base en que artigo me pide vostede a palabra?

(Murmurios.)



¡Perdón!

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...Que respecte e defenda como presidente deste parlamento a dignidade dos grupos parlamentarios...

O señor PRESIDENTE: Non, non, ¡perdón!

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: ¡Perdón!

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Non entendín polo que foi. Non o sei. Pero é que non sei a que veu esta cuestión. Non sei cal foi a ofensa.

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Non entendín cal foi a ofensa. Terá que perdoar, pero non sei cal foi a ofensa. Non percibín ningunha ofensa ao Grupo Parlamentario Socialista.

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Esas valoracións fainas a Presidencia. Eu non percibín ningunha ofensa ao Grupo Parlamentario Socialista.

(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)

Terminamos. Terminou. Neste momento non lle estou dando a palabra e non pode acender o micro.

Por favor, ¡silencio!

O señor PRESIDENTE: Pregunta da portavoz do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Pontón Mondelo.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas para defender os intereses de Galicia ante o Goberno do Estado

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señor Feijóo, nun momento complexo e crítico, Galiza necesita coma nunca un goberno que vele polo interese xeral. Pero o que temos é un presidente que se move entre a submisión a



Génova e a confrontación inútil ante o Goberno do Estado, utilizando Galiza como arma partidista a favor do PP e dos *lobbys* económicos amigos do Partido Popular. E sóbrannos os exemplos: vostede non defende Galiza cando renuncia á xestión directa dos fondos europeos e non ten unha estratexia para que recibamos até o último euro que nos corresponde. Vostede non defende Galiza cando se nega a pedirlle ao Estado a intervención pública de Alcoa, deixando no aire o futuro dunha comarca. Ou vostede non defende Galiza cando permite a discriminación do porto da Coruña e non reclama a condonación da débeda co motivo Valencia.

Non defenda Galiza ante o Estado e por riba vende Galiza ante os *lobbys* económicos. Vostede vende Galiza cando se pon do lado do Consello de Administración de Ence en lugar de traballar para o traslado da factoría. (*Aplausos.*) Vende Galiza cando ante a estafa da luz abraza as eléctricas, impulsa un *boom* eólico depredador e vota en contra dunha tarifa eléctrica galega para abaratar a factura.

E vende Galiza cando mira para outro lado ante a estafa das peaxes da AP-9 e di que «son cousas do pasado». (*Aplausos.*) Así é como lles chama vostede a 1.091 millóns de euros cobrados de xeito ilegal aos galegos e galegas dende 2013. ¿Sabe por que? Polas ampliacións ilegais do Partido Popular e do Partido Socialista. (*Aplausos.*) A última ampliación de vinte e cinco anos foi un agasallo do señor Aznar, que tamén privatizou a prezo de saldo a AP-9. ¿E saben quen era o conselleiro de Política Territorial da privatización?, ¿a que non o adiviñan? Alberto Núñez Feijóo. (*Aplausos.*)

Ence, Alcoa, estafa da luz, *boom* eólico depredador, peaxes ilegais, así é como vostede vende Galiza e goberna a favor dos *lobbys* económicos amigos do Partido Popular. E isto ten consecuencias, señor Feijóo: desertización industrial, emigración, destrución de emprego, crise demográfica e perda de peso político e económico. En definitiva, unha Galiza cada vez máis pequena e con menos oportunidades.

Pero desde o BNG non imos permitir que hipoteque o futuro de Galiza porque somos un gran país con potencial, con talento e con xente traballadora. Por iso hoxe lle preguntamos que vai facer para defender os intereses de Galiza ante o Estado. E agardo, señor Feijóo, que por unha vez, en vez de buscar culpables, aporte solucións. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Eu creo que para defender Galicia, se os galegos puideran estar nas sesións de control, decatárianse facilmente de quen defende Galicia e quen fai demagogia utilizando a Galicia.

O BNG, coma sempre, di que toda a culpa do que ocorre en Galicia é da Xunta de Galicia e do Goberno Socialista de Madrid. O Partido Socialista di que non creamos nin confrontemos porque somos especialistas nos conflitos políticos co Goberno de Madrid. Finalizada a sesión de control, o Partido Socialista e o BNG seguen traballando xuntos, gobernando xuntos, pactando xuntos e, polo tanto, ríndose xuntos dos galegos. (*Aplausos.*)



Pero, evidentemente, señoría, nós imos seguir defendendo Galicia, primeiro, porque estamos reclamando con firmeza o que nos corresponde; segundo, porque plantexamos lealdade institucional ao Goberno de España, que é o noso goberno, e en terceiro lugar, señoría, porque propoñemos alternativas.

O que parece razoable é que vostede lles pida aos seus socios un pouco de dignidade, e vostede utilice tamén un pouco de dignidade como responsable do Bloque Nacionalista Galego. Escoitámola falar de Alcoa, de Vestas, do sector naval, do prezo da luz, incluso de Ence. ¿Vostede vén aquí falar en nome dos traballadores de Ence? (*Un deputado pronuncia: Non.*) ¿Vostede vén aquí defender as familias de Ence? ¿Por que non escoita as familias de Ence? ¿Por que non escoita os traballadores desa empresa? ¿Por que simplemente se mofa desa xente utilizando Ence como un reclamo contra a Xunta de Galicia, cando somos nós os únicos que defendemos os traballadores (*Aplausos.*) de Alcoa, de Vestas, de Gamesa, de Siemens e de Ence? (*Aplausos.*)

Pero, señoría, o fundamental para defender os galegos é non mentirilles aos galegos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A primeira mentira, o primeiro mantra, o primeiro slogan, que levan vostedes xa anos falando da tarifa eléctrica. Cando estaban no goberno non falaron nada da tarifa eléctrica. Pero, claro, vostedes falan da tarifa eléctrica que non existe, falan dunha tarifa eléctrica galega. ¿Por que non lles preguntan aos seus socios do Partido Socialista de Galicia o que pensan? ¿Por que non lles preguntan aos seus presidentes das deputacións?, ¿aos seus alcaldes do Partido Socialista?

Señoría, outra das mentiras: vostedes falan do sistema de financiamento e do plantexamento dun concerto para Galicia. Outra mentira máis. Todos os expertos económicos en financiamento, universitarios e non universitarios, acreditan que o sistema de concerto é malo para Galicia, e podemos perder máis de mil millóns de euros.

A terceira mentira: non é certo que o sector eólico se dedica á depredación sen garantías ambientais; evidentemente que non. Mire: no 77,5 % do territorio galego non se pode poñer ningún molinillo eólico, no 77,5 %; no 2020 instaláronse cero molinillos; e no ano 2021 poden ser cinco parques eólicos. Levamos informando negativamente corenta e sete proxectos eólicos tramitados polo Goberno de España, é dicir, polo Partido Socialista, é dicir, polo seu socio. Terceira mentira.

Cuarta mentira, Ence. ¿Cantas mentiras se contan aquí? Se vostedes estiveron no goberno catro anos e daban as...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...declaracións de impacto ambiental favorables para que seguira a empresa. ¿Onde están? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señoría, estas son as mentiras nacionalistas. E por iso vostede debería de preguntarse: ¿os galegos por que non votan ao BNG e non lle dan oportunidade de gobernar? (*Risos.*)



¡Ah, rinse! ¡Ah, ben!, se vostedes están moi contentos... (*Murmurios.*) Prosigan con esa porcentaxe de votos sen dúbida, señoría. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Se os galegos que votan a este grupo parlamentario,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...co 48 % dos votos, son menos que os galegos que votan ao BNG, co 18 % dos votos, (*Murmurios.*) entón, señoría, non me estraña que esta é outra mentira da que vostedes se rin. (*Aplausos.*) Pero, ben, señoría...

Mire, hai un problema, señoría...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...eu non teño a ousadía de vir aquí queixarme do comportamento do Partido Socialista e saír de aquí gobernando do ganchete co Partido Socialista. Eu esa ousadía non a vou ter. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E o que conseguen é o de sempre nas sesións parlamentarias: defender os intereses do BNG, pero non os de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E eu estou aquí para defender os intereses de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por iso, señoría, só me debo a Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada. Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, ¿sabe por que os galegos e as galegas non poden ver o que pasa neste parlamento? Porque leva vostede doce anos impedindo que se retransmitan estes plenos e manipulando a TVG. (*Aplausos.*) Porque non quere que se vexa a súa demagogia.

E mire... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!



A señora PONTÓN MONDELO: E, señor Feijóo, eu non cuestiono a lexitimidade democrática do seu goberno. Vostede a do BNG si. Estamos aquí por obra e graza do Espírito Santo, ¿non, señor Feijóo? Somos a segunda forza política, porque cada vez máis galegos e galegas votaron BNG. *(Aplausos.)*

E o que lle pedimos, señor Feijóo, é que asuma as súas responsabilidades e governe, deixe de vir aquí buscar culpables e déalles solucións aos problemas dos galegos e das galegas. Porque de nada vale que veña aquí con esa crispación, con ese nerviosismo... *(Murmurios.)* Si, si. Ten vostede eu creo que dous problemas: un que parece que ten intolerancia ao debate democrático e outro que non lle gusta que lle digan as verdades. *(Aplausos.)* Pois, desde logo, o BNG vaille seguir dicindo todas as verdades.

Miren: está coa cantinela de se apoiamos o Goberno de Sánchez. Pois, ¿sabe por que apoiamos o Goberno de Sánchez? Porque a alternativa a ese goberno era un goberno do PP máis ultra, de ganchete coa extrema dereita, en coalición coa extrema dereita. *(Aplausos.)* Ese é o goberno que vostedes defenden.

E rirse dos galegos e das galegas é criticar *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* o acordo de investidura do BNG, que, entre outras cousas, conseguiu unha rebaixa histórica nas peaxes da AP-9, e ao día seguinte querer colgarse esa medalla como fixo o señor Feijóo. *(Aplausos.)* Iso si que é rirse dos galegos e das galegas.

E hai moitas diferenzas entre o Partido Popular e o BNG. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O BNG consegue rebaixas na AP-9, o PP consegue que os galegos e as galegas paguen de maneira ilegal durante vinte e cinco anos as peaxes da AP-9. Esa é unha diferenza entre o Partido Popular e o BNG.

Outra diferenza tamén está no tema eléctrico, efectivamente. O BNG defende unha tarifa eléctrica galega, porque temos dereito a un prezo máis baixo da luz para compensar danos e porque é o que pasa nos países europeos. O BNG, señor Feijóo, nunca permitiría que se baleiraran os encoros para que as eléctricas fixeran negocio en plena estafa da luz. *(Aplausos.)* E o BNG, señor Feijóo, tampouco permitiría que se lle rebaixaran as sancións ás eléctricas por ese feito. Esa é a diferenza entre o BNG e o Partido Popular. *(Aplausos.)*

Pero é que hai máis, señor Feijóo: a min nunca me verán abrazada ao lobby eléctrico como fixo vostede co señor presidente de Iberdrola. *(Aplausos.)*

E —remato xa— como vostede segue instalado na política curtopracista e de non darlles solucións aos galegos e galegas, nós queremos deixar hoxe aquí propostas de futuro que sería ben que recollera o seu goberno, porque son importantes para darlle un futuro a este país:

O primeiro é, tomando xa esa senda que abriu a Comisión Europea, reclamar o fin da concesión da AP-9 e a súa gratuidade e, desde logo, poñer fin a unhas ampliacións ilegais que concederon gobernos do PP e do PSOE.



En segundo lugar, intervención pública de Alcoa, con participación tamén da Xunta, para garantir o futuro dunha comarca da Mariña, que se está convertendo nun deserto industrial.

Terceiro — si —, defensa dunha tarifa eléctrica galega. Volveremos traer ese debate ao Debate de política xeral.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Cuarto, señor Feijóo, porque hoxe fixo aquí unha defensa do boom eólico depredador que o define con claridade. Cuarto, poñer fin a esa política de boom eólico depredador, respectar a xente do medio rural, respectar o medio ambiente e, sobre todo, facer que a enerxía que se vai producir polos muíños de vento que se instalen no noso país sirva para algo máis que para encher os beneficios dunhas eléctricas que están estafando...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...á xente deste país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, nós non criticamos que vostede sexa o presidente da Xunta, o que criticamos é que *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* non goberne, que é o mandato que lle deron os galegos e as galegas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora PONTÓN MONDELO: Déixese de buscar excusas e póñase á fronte do país nun momento tan crítico. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

En relación coa retransmisión estou aquí vendo como vostede aínda está intervindo, porque hai unha decalaxe de segundos entre a intervención dun deputado e o directo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Todas as sesións de control se retransmiten, señoría. Debería vostede de sabelo, pero se tamén niso mente, ¿que lle imos facer? Se vostede ata é capaz de dicir que as sesións do Parlamento son en pechado e non se retransmiten, vostede é capaz de dicir o que lle pete.

Como, por exemplo, dicir que non fixemos nada coa AP-9. ¿Como que non, señoría? Se somos o único partido que pediu a transferencia da AP-9 sempre, e vostede votaba en contra da transferencia da AP-9. ¿Como que non, señoría? *(Aplausos.)* ¿Como que non fixemos nada coa AP-9, señoría, se cando vostedes estaban no goberno e eu estaba no escano da oposición,



e vía como o Bipartito pactaba co Partido Socialista en Madrid que os galegos pagamos o 50 % da diminución da peaxe de Rande e A Barcala, o que supoñía 400 millóns de euros de diñeiro da Xunta de Galicia para financiar unha bonificación dunha peaxe dunha autoestrada estatal, nós votabamos que non, e vostedes votaban que si, enteiros, o Partido Socialista e o BNG?

Pero ¿que broma é esta, señoría? O único goberno que denunciou ese convenio foi este goberno, e este goberno deixou de pagar. ¿E sabe o que fixo o Goberno de España, o Goberno socialista? Denunciarnos. Imos ver o que din os xuíces, pero eu, dende logo, négome a pagar co diñeiro dos galegos unha baixada dunha autoestrada estatal como fixo o BNG e o Partido Socialista de Galicia. *(Aplausos.)*

Señorías, ¿como que non defendemos o país? Se nos quedamos sós na reivindicación da débeda do IVE, que son 210 millóns de euros que nos deben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E tivemos que acudir ao Tribunal Supremo, e déronnos a razón. E agora o Goberno de España páganos o que nos debe e di que nos fai moitas transferencias este ano. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero, señoría, ¿de que fala vostede?, ¿de Alcoa? Nós dixemos que a venda de Alcoa na Coruña ía levar á quebra da empresa, e Alu Ibérica está quebrada. E vostedes calaban. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E nós estamos dicindo e seguimos dicindo que namentres non haxa unha tarifa eléctrica competitiva para as hiperelectrointensivas, Alcoa estará en crise permanente e a piques de pechar. E o Partido Socialista e os seus socios calaban. *(Murmurios.)*

Señoría, hai algún deputado seu que me está facendo xestos para que lle fale ao BNG. Pero é que falarlle ao Partido Socialista é falarlle ao BNG. *(Risos.) (Aplausos.)* Pero hai que decidir, señoría: ou con Galicia ou co Partido Socialista. Non se pode, señoría, enganar a todos todo o tempo.

Mire, señoría, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿que se somos amigos das eléctricas? O Goberno do Bipartito: nove expedientes, por un importe de 97.000 euros, que reclamou. O noso goberno: 3.200 expedientes ás eléctricas por importe de 26 millóns de euros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, levan vostedes décadas, dende que empezaron, erixíndose como os únicos defensores de Galicia. Pero resulta que a maioría dos galegos nos vota a nós. Defender Galicia non é actuar con espírito destrutivo sempre. A cada avance que propoñemos, unha crítica; a cada proposta que plantexamos, un insulto, e a cada reivindicación que plantexamos, un portazo. ¿Iso realmente é un partido nacionalista ou é simplemente un partido pechado na súa propia ideoloxía, que se non estás de acordo con el non defendes o país e non acertas en ningunha proposta?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Xa sei que vostedes son un partido sistemático. Sistemático a calquera proposta que non veña do BNG. Sistemático na



súa relación cos independentistas. (*Murmurios.*) (*Risos.*) ¿Non sei por que se rin? Eu nas pa-
peletas vexo Bildu, Esquerra Republicana e o BNG, e síntome absolutamente molesto como
galego, por suposto. (*Murmurios.*) E sistemático —iso si— o seu voto a favor sempre do Par-
tido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, os galegos precisan
dunha oposición, por suposto; un xefe da oposición... (*Murmurios.*) Só lle podía facer unha
pregunta ao presidente, e o Partido Socialista e o BNG facíanlle preguntas de control ao pre-
sidente. Menuda broma, ¿non? (*Murmurios.*) Eu pedinlle ao meu grupo que facer o ridículo
non...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que a oposición son voste-
des. Pero non sei de que se rin...

O señor PRESIDENTE: Remate...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se eu pasei aquí catro anos
na oposición...

O señor PRESIDENTE: Remate, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...vendo as preguntas que lle
facía o portavoz do Partido Socialista e do BNG ao presidente da Xunta, ¡sesión de control!

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, ¿pero que broma é
esta?

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Miren: os galegos non preci-
san unha oposición sistemática á Xunta,...

O señor PRESIDENTE: Presidente, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...os galegos precisan de un
apoio sistemático a Galicia, señorías. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa proposición non de lei...

(*Murmurios.*)



Por favor, temos que continuar co pleno.

Os que queiran saír que saian, pero, por favor, en silencio; se non entorpecen o normal funcionamento do pleno.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e nove deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53

O señor PRESIDENTE: Á proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo parágrafo:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a establecer as mesmas bonificacións que o Estado aplica nas peaxes da AP-9 ás peaxes das autoestradas de competencia autonómica AG-55, A Coruña-Carballo, e AG-57, Puxeiros-Val Miñor.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Diego Calvo.

O señor CALVO POUZO: Grazas, presidente.

Señorías.

Felicitalo polo seu santo a vostede e ao señor Prado Patiño, así como ao señor Tellado.

Hoxe traemos un asunto a esta cámara, unha iniciativa para falar das peaxes das autoestradas galegas. É verdade que durante os últimos meses, durante os últimos anos, poderíamos dicir incluso durante as últimas lexislaturas trouxemos a esta cámara iniciativas distintas para falar da peaxe da AP-9, a principal vía de comunicación de Galicia. Fomos capaces entre os tres grupos parlamentarios de aprobar un proxecto de lei de transferencia, que se trasladou ao Congreso dos Deputados. O último foi hai ben pouco, e eu tiven a honra xunto coa señora Pontón e o señor Caballero de poder defendelo no Congreso dos Deputados.

Despois poderemos falar deste asunto tamén e do cambio de opinión, unha vez máis, do Partido Socialista, e o que quere o Partido Socialista e como di unha cousa aquí e outra en Madrid.

Pero, ao final, señor Bará, o que falamos é de vontade política, de vontade política que lles falla ao Partido Socialista e tamén ao Bloque Nacionalista Galego, porque o acabamos de ver



con ese proxecto do que falabamos de transferencia e as emendas que presentou o BNG, que, por certo, non foi ningunha.

Pero ata aquí poderíamos falar de calquera asunto, desa falla de vontade política, do peche das industrias, do incremento do prezo da luz, do incremento dos impostos que soportan os cidadáns, da modificación do Regulamento da Lei de costas... E en todos e cada un destes asuntos as decisións que toma o Partido Socialista, apoiado polos seus socios do Bloque Nacionalista Galego, prexudican gravemente a Galicia nun momento en que todas as administracións deberían sumar esforzos e remar xuntos para saír dunha situación complicada.

Pois ben, hoxe falamos das peaxes da AP-53, e queremos solicitar o apoio dos deputados desta cámara para solicitar unha rebaixa nas peaxes desta autoestrada. Primeiro, porque no día de hoxe é a autoestrada máis cara de Galicia; o traxecto de ida e volta, de 45 quilómetros, son 12 euros. Segundo, porque a alternativa a esta autoestrada, a N-525, ten unha limitación á velocidade de 50 km/h en gran parte dos tramos. E terceiro, porque ademais esa N-525 atravesa zonas urbanas cun tráfico intenso. En consecuencia, creo que hai suficientes razóns para centrarse nas peaxes desta autoestrada.

Nos territorios periféricos, como é o caso de Galicia, a existencia de autoestradas de peaxe condiciona negativamente a economía das familias e tamén das empresas, que ven reducida a súa competitividade, porque os seus desprazamentos son máis longos e, ademais, máis custosos.

É verdade que agora xa teremos a rebaixa nas peaxes da AP-9, é certo. Despois de moitos meses de anuncios, despois de moitos meses de nunca saber cando se ía producir, a través do desbloqueo. Aquí antes escoitabamos que era grazas ao Bloque, grazas ao PSOE. É certo que o que está gobernando é o Partido Socialista, e tamén é certo que na reunión entre o presidente e o exministro de Fomento se conseguiu desbloquear as bonificacións das peaxes.

E é certo que, unha vez implantadas esas bonificacións, e despois de dous meses e pico da aplicación, comprobamos que o que pensabamos nun primeiro momento era certo, pois nin cumpren as expectativas creadas, nin responden ás necesidades dos usuarios. En primeiro lugar, porque non acadan a contía que tanto faláron aquí de 63 millóns de euros recollida nos orzamentos; vai ser un 20 % inferior. E, en segundo lugar, porque as expectativas que tiña unha gran parte dos usuarios, por exemplo os usuarios de vehículos pesados, viuse reducida, polo que non se contribuirá desgraciadamente a sacar os camións e os vehículos pesados das estradas convencionais. Pero en calquera caso están aí, e fan algo máis barata a viaxe por autoestrada que vertebra Galicia de norte a sur.

Agora, como non podería ser doutro xeito, temos que exixir que se completen as actuacións e que se apliquen tamén rebaixas no tramo Santiago-Dozón da autoestrada AP-53, que vertebra a zona interior da nosa comunidade. É de xustiza exixilo nesta cámara, como tamén é de xustiza que o Goberno estatal aprobe esas bonificacións na que é a autoestrada, no día de hoxe, máis cara de Galicia e unha das máis custosas de España.



Aínda que empezamos o traballo pola AP-9, pois é a vía que vertebra a fachada atlántica ao conectar o 60 % da poboación, sabemos que é igual de urxente que se actúe na AP-53. Por iso vimos reclamar o apoio desta cámara a esta iniciativa.

O desequilibrio territorial que sofre Galicia en materia de peaxes afecta tamén esta autoestrada estatal, clave nas comunicacións entre Ourense e Santiago e esencial para os municipios e as poboacións que conecta, como Vedra, Silleda, Lalín, Dozón, Piñor, etc.

A alternativa —como dicíamos— a esta vía de pago soporta unha grande intensidade de tráfico, tráfico pesado, escasos treitos con terceiros carrís para facilitar o adiantamento a camiións e atravesa moitas poboacións.

Por tanto, a iniciativa que traemos é unha demanda social, pois hai unha petición reiterada a distintos concellos gobernados por distintos partidos, na que se reclama ao Goberno de España unha rebaixa nas peaxes da AP-53. Debemos ter en conta que os usuarios desta autoestrada non teñen agora, nin tiveron nunca, ningún tipo de bonificacións, aínda que sexan usuarios recorrentes. Non teñen axudas nin da empresa concesionaria, nin tampouco da administración propietaria da infraestrutura, nin os usuarios habituais, nin os transportistas, nin familias numerosas. Non se poden beneficiar de ningún tipo de rebaixa. E —como dicía— nin sequera a empresa concesionaria ten ningún tipo de compensación ou rebaixa para os usuarios, como si fixo no seu momento a AP-9 coas viaxes de volta.

Precisamente ese agravio cara aos usuarios desta autoestrada é o que pretendemos corrixir con esta iniciativa, ou sexa, iniciar como fixemos coa autoestrada do Atlántico unha ofensiva desde esta cámara galega para reclamar bonificacións na autoestrada central de Galicia.

Confiamos en que a iniciativa que traemos a debate acade o respaldo unánime desta cámara e acabe co desprezo e o maltrato que supón aos usuarios da AP-53. Pero, a verdade, se lles son sincero, teño pouca confianza, porque, visto o que ten ocorrido coa Lei de transferencia da AP-9, podemos esperar pouco dos partidos que forman esta cámara. Eu pediríalles que confiaran, que apoiaran a rebaixa das peaxes desta autoestrada, porque é necesario.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días.

Señorías, a verdade é que o Partido Popular e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia teñen dous bloques de iniciativas, pois nos seus despachos terán dous bloques: un que presentan



cando non gobernan en Madrid, e outro que si que presentan cando gobernan en Madrid. E hoxe toca recuperar un tema que o Partido Popular aló polo ano 2009 pois trouxera tamén a esta cámara, despois chegaron os gobernos de Mariano Rajoy e metérono nun caixón, e agora pois volven recuperar esta bonificación das peaxes da AP-53. Pero durante máis de seis anos e medio de goberno de Mariano Rajoy pois non dixeron absolutamente nada deste tema. *(Aplausos.)* E daquela o Partido Popular gobernaba na Moncloa e podería dende logo ter feito esa bonificación nas peaxes da AP-53, que agora o Grupo Parlamentario Popular galego trae a debate a esta cámara.

A verdade é que o señor Calvo dicía que é cuestión de vontade política. É a vontade política que vostedes teñen cando non teñen responsabilidades en Madrid. Porque vostedes agora mesmo son o partido máis pesimista da historia, todo é criticar e criticar. Criticaron que non daban chegado esas bonificacións na peaxe da AP-9, e agora mesmo o señor Calvo incluso dixo que agora xa están pero son insuficientes. Pois imos comparar as bonificacións da AP-9 tamén coas bonificacións que pon o Goberno galego nas autoestradas que son da súa competencia.

Pero só por darlle un dato, señor Calvo: no primeiro mes de posta en funcionamento desta bonificación das peaxes da AP-9, os galegos e as galegas aforraron 3,4 millóns de euros. *(Aplausos.)* E iso foi grazas a un Goberno socialista. E iso foi grazas aos orzamentos xerais do Estado, que tanto o Partido Popular como o Bloque Nacionalista Galego votaron en contra. E iso foi o que fixo realidade que se puideran levar a cabo estas bonificacións na AP-9.

O señor Calvo falaba da AP-9, pero é que hai un ratiño o presidente da Xunta de Galicia dicía, sempre di que non se pode faltar á verdade nesta cámara, pero chegou a dicir: «fomos os únicos que pedimos a transferencia da AP-9». Estaba de broma, ¿non? Porque foron vostedes os que durante moito tempo, pois tiñan a presidencia da Mesa do Congreso dos Deputados, bloquearon ese debate de toma en consideración desta transferencia. *(Aplausos.)* E vir agora falar disto é faltar totalmente á realidade dos feitos.

É que chegou a dicir tamén que agora o Goberno de España —dicía o presidente da Xunta de Galicia— lle reclamaba á Xunta de Galicia polo tema da AP-9. Pero é que volven faltar vostedes á verdade, porque saben que foi un fallo xudicial o que fixo que o Goberno central reclamara eses importes á Xunta. Terxiversan de novo a realidade, porque vostedes saben que a empresa concesionaria presentou un recurso contra unha decisión que non foi tomada por un ministro socialista, foi tomada por un ministro do Partido Popular. Polo tanto, basta xa de mentir e de mentir nesta cámara.

Señor Calvo, bonificacións nas peaxes da AP-9: desconto para todos os usuarios de vehículos lixeiros, todos os días do ano, incluídos domingos e festivos, as vinte e catro horas do día; as viaxes de volta son gratuítas, sempre que se realicen nas vinte e catro horas; desconto adicional ademais no tramo Vigo-Tui; desconto para clientes recorrentes; en vehículos pesados desconto do 20 %, sen condicións en todos os tramos; gratuidade do acceso de Redondela... Isto é o que fai o Partido Socialista cando goberna.

¿E que fixo o Partido Popular? Nada, non fixeron nada en relación coa AP-9. E nós xa trouxemos iniciativas a esta cámara, que, por certo, o Grupo Parlamentario Popular votou en



contra, nas que pediamos tamén as bonificacións para as autoestradas que son de competencia autonómica, a AG-55, que, por certo, naceu sendo libre e gratuíta, e despois vostedes puxeron a peaxe. Pediamos esas bonificacións para a AG-55 e para a AG-57, e vostedes votaron en contra.

Porque é certo, teñen bonificacións, pero son moi inferiores ás que o Goberno central aplica na AP-9. Na AG-55 e na AG-57 aplícanlle o cen por cento de bonificación na viaxe de volta. ¿A quen? Ás familias numerosas. ¿Son todas as familias as que hai en Galicia? Non, nembargantes na AP-9 aplícase a todos os vehículos, a diferenza do que fan na AG-55 e na AG-57, que para as familias non numerosas —a gran maioría dos galegos e das galegas— aplican un 25 % de desconto na primeira viaxe de ida e volta, e o 50 % nas seguintes viaxes, ademais de aplicar esa bonificación do 50 % en horario nocturno.

Por iso nós hoxe presentamos esa emenda de engádega na que dicimos que o Goberno autonómico aplique nestas autoestradas —na AG-55 e na AG-57— as mesmas bonificacións que aplica o Goberno de España na AP-9. (*Aplausos.*) Polo tanto, entendo que non deberan de ter problema en aceptarnos a nosa emenda, que ademais vai como unha emenda de engádega. Porque se o señor Calvo dicía que xa é hora de falar das bonificacións da AP-53, será tamén hora de que a AG-55 e a AG-57 teñan os mesmos descontos e as mesmas bonificacións que a AP-9. Aí veremos a vontade política do Partido Popular, se son quen o Grupo Parlamentario Popular de convencer a Xunta para que aplique esas mesmas bonificacións.

Porque vostede falaba da AP-53, era no que consideraban e traían nesta iniciativa. O certo é que non son comparables. A intensidade do tráfico na AP-9 no ano 2019 foi de 24.405 vehículos diarios, a intensidade media diaria do tráfico. Nembargantes, na AP-53 movéronse no ano 2019 unha media de intensidade diaria de 6.988. Polo tanto, 6.988 fronte aos 24.405.

Nós non nos opoñemos a que se lle pida ao Goberno central que aplique as bonificacións semellantes —como vostedes piden na súa iniciativa— ás que se están a aplicar na AP-9. De feito, compañeiros do noso partido, concretamente os compañeiros do PSOE de Ourense, levaron esa iniciativa á Deputación Provincial de Ourense. Polo tanto, nós non nos opoñemos a que se pidan estas bonificacións para a AP-53.

O que hai que facer é se llo pedimos ao Goberno de España, pidámosllo tamén ao Goberno da Xunta de Galicia, ou sexa, que naquelas que son da súa competencia tamén aplique estas bonificacións. Aí —repito— veriamos a vontade política, porque é tamén o momento de que a Xunta sitúe esas comarcas ás que afecta a AG-55 e a AG-57 en condicións tamén de igualdade con respecto a outros territorios de Galicia. É o momento de facerlles a vida máis doada e máis cómoda aos seus veciños e ás súas veciñas, fomentando tamén así o turismo de proximidade, a recuperación económica dos mesmos, tan necesaria nestes momentos que estamos a vivir. É o momento de avanzar cara a un modelo no que cada galego e cada galega poida moverse por todas as vías galegas, independentemente do seu nivel de renda. Por iso nós non nos opoñemos ao que piden vostedes hoxe nesta iniciativa.

Tamén hai que recordar que o Goberno galego conta con fondos e competencias para rebaixar unhas peaxes que son un agravio e un gravame que dificulta o transporte e a mobilidade da



ciudadanía galega. Se o Goberno galego ten tanta vontade política —como dicía o señor Calvo—, tamén pode utilizar fondos autonómicos para aplicarlos a estas bonificacións, aínda que sexan autoestradas de competencia estatal, porque vimos como outras comunidades autónomas si que están a aplicar os seus fondos autonómicos en bonificar autoestradas autonómicas, sempre que sexa para mellorar a vida dos seus veciños e das súas veciñas.

Polo tanto, nós non nos opoñemos á iniciativa que hoxe trae o PP. Hoxe que non están a gobernar en Madrid recuperan esas iniciativas do pasado, que durante seis anos e medio estiveron nun caixón, e non nos opoñemos. Pero cremos que tamén é o momento de que a Xunta de Galicia dea un paso adiante e tamén aplique as mesmas bonificacións na AG-55 e na AG-57 que se aplican na AP-9. E creo que é o momento porque dende o Partido Popular teñen unha gran débeda cos galegos e coas galegas.

Agora falan como que se conseguiron esas bonificacións nas peaxes da AP-9 grazas ao Goberno da Xunta de Galicia. Pero eu só quero recordarlles —e non me cansarei de dicir— que foi o Partido Popular quen ampliou esa concesión ata o ano 2048, que foi o Partido Popular quen privatizou despois esa autoestrada.

Polo tanto, agora implíquense, exerzan tamén as súas competencias. Paréceme moi ben poñerlle deberes ao Goberno do Estado, pero tamén naquelas autoestradas que son de competencia da Xunta de Galicia creo que xa chegou o momento de aplicar esa vontade política da que tanto presumía o señor Calvo e de aplicar as mesmas que lle están aplicando á AP-9 á AG-55 e á AG-57.

Nós non temos ningún problema,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e así o fixemos presentando unha emenda de engádega, en apoiar a iniciativa que hoxe trae o Grupo Parlamentario Popular.

Pola nosa parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Quería pedirlle, señor presidente, que me aclarase unha cuestión, porque eu vin no tema da orde do día que era unha iniciativa sobre a AP-53. E aquí, a verdade, é que ao señor Diego Calvo lle sobraron cinco minutos; debeulle dedicar medio minuto ou un minuto á AP-53. Entón, non sei se é que lle saíu o tiro pola culata hoxe aquí neste debate, señor Calvo. *(Aplausos.)* Porque me parece unha falta de respecto que vostede non falase aquí practicamente nada da AP-53. E eu si que vou falar deste tema.



Ben, en primeiro lugar, de verdade, queremos darlle a benvida á defensa da rebaixa das peaxes; «máis vale tarde que nunca», di o refrán. Alegrámonos de que pidan a rebaixa das peaxes na AP-53, pero o malo é que non caesen antes do cabalo, que non caesen do cabalo cando gobernaban en Madrid e cando podían aprobar esta rebaixa das peaxes.

E voulles lembrar a hemeroteca, a maldita hemeroteca. Decía o portavoz do Partido Popular en Lalín no ano 2013, un tal —non sei se lles soa— Román Rodríguez: o PP vota en contra da proposta do BNG de rebaixa do 50 % das peaxes, porque é inxusto. Nós creamos o problema, pero que o resolva quen o teña que resolver. Esta é a realidade de que vostede nos trae aquí unha PNL que di: «Galicia padece un agravio comparativo en materia de infraestruturas viarias con respecto a outras comunidades autónomas polas peaxes das autoestradas». E, claro, vostedes falan das consecuencias pero non falan das causas. ¿Por que Galicia sofre este agravio? Vóullelo dicir eu: sófrego polos gobernos do Partido Popular, entre outras cousas, que estiveron gobernando catorce anos nos últimos vinte e cinco anos e que impuxeron estas peaxes abusivas.

E vostedes son tamén corresponsábeis do cambalache, do auténtico cambalache do contubernio da AP-9. E isto merece unha peza separada que fale das prórrogas da concesión de vinte anos polo PSOE e de vinte e cinco anos polo Partido Popular, co que se vulnerou a normativa europea da contratación que deu lugar a ese procedemento da Comisión Europea. E o BNG vai traer, desde logo, as iniciativas a este parlamento para exixir responsabilidades, para exixir compensacións e tamén para exixir o fin da concesión.

E xa o colmo é que veña vostede aquí falarnos das transferencias e que diga que outros din unha cousa aquí e a contraria en Madrid. Pero, ¿como teñen tanta cara? Se aprobamos aquí por unanimidade ata en tres veces a transferencia da AP-9, levámola a Madrid e foron vostedes os que a vetaron tres veces na Mesa do Congreso, (*Aplausos.*) e tamén con informes do Goberno do señor Rajoy e da señora Ana Pastor. (*Aplausos.*) ¿Como se atreven vir aquí? E agora estalle poñendo outra vez paus nas rodas coas emendas que presentaron o un e o outro grupo, os dous; hai que falar de todo.

Miren: veñen aquí vostedes facer un exercicio de filibusterismo parlamentario, porque vostedes son os máximos responsábeis da situación da AP-53. Vostedes deron a concesión da AP-53 no 1999 por setenta e cinco anos, que é o máximo legal; vostedes, o Partido Popular do señor Aznar. Vostedes son tamén os corresponsábeis de que teña o treito de peaxe máis caro do Estado; o treito Silleda-Lalín é o máis caro de todo o Estado español. Vostedes son corresponsábeis por todos eses catorce anos que estiveron gobernando de que sexa a única autoestrada sen descontos en pagamentos por telepeaxe, a única. E vostedes tamén son corresponsábeis —porque estiveron gobernando en Madrid e non fixeron nada— de que teña unhas conexións por auténticas corredeiras, como pasa coa conexión da saída e o acceso da Bandeira, que é vergoñento.

Claro, vostedes din que Galiza sofre un agravio nas peaxes, pero eu preguntolles: ¿por que non as eliminaron cando gobernaron en Madrid? Non as eliminaron porque, como dicía moi ben o señor Román Rodríguez, o PP creou o problema, pero a solución tena que tomar quen a ten que tomar. E dicía tamén: as tarifas da autoestrada están acordes coa envergadura da



obra, o gratis total non existe, pero hai liberdade, e quen non queira pagar pode ir pola N-525. Claro, a autoestrada de peaxe para ricos e os pobres que vaian pola N-525. *(Aplausos.)* Esa é a política do Partido Popular. *(Aplausos.)* Falaron claro, por primeira vez falaron claro.

A razón de verdade é que vostedes gobernan ao servizo das empresas que espolian o noso país; ao servizo de Iberdrola, ao servizo de Ence, ao servizo de Abanca, ao servizo de Globalvia. E vostedes, o Partido Popular e a Xunta, son o cabalo de Troia das multinacionais do Ibex. Por certo, das multinacionais do Ibex, que se van reunir hoxe nese vergoñento contubernio da Toxa, porque é «A Toxa», *La Toja* non existe. *(Aplausos.)* ¡Respecten a nosa lingua!, ¡respecten a nosa toponimia oficial! *(Aplausos.)*

¿Saben quen é a concesionaria da AP-53, a concesionaria da AP-9, a concesionaria da AG-55, a concesionaria da AG-57, é dicir, de todas as autovías e autoestradas de peaxe en Galiza? Globalvia, propiedade de fondos de investimento, de fondos de pensións de Canadá, do Reino Unido e tamén dos Países Baixos. Esas son as empresas que vostedes protexen.

E a diferenza é que o BNG leva anos denunciando a discriminación do Deza e tamén de Ourense por estas peaxes abusivas da AP-53. Levámolo aos plenos dos concellos, trouxémolo a este parlamento... Por certo, no 2015 trouxémolo aquí e vostedes votaron en contra da redución do 50 % das peaxes da AP-9 e da AP-53. Levamos denunciando a discriminación que sofren as persoas e as empresas destas comarcas do interior do país, que tanto necesitan precisamente revertir estes atrancos e estas discriminacións. Porque é un atranco para a mobilidade das persoas, é un atranco para a competitividade das empresas e tamén é unha grave dificultade para a seguridade viaria e para a calidade de vida tamén de todas as persoas que viven arredor da N-525, que ten unha intensidade media de máis de dez mil vehículos diarios e que atravesa moitísimos núcleos de poboación, zonas habitadas e zonas urbanas. E vostedes estiveron apoiando, permitindo, consentindo e mantendo esas abusivas peaxes da AP-53.

E agora o Partido Popular vénnos cunha especie de teoría... Ben, primeiro, cunha teoría Matrix, inventando mentiras. Porque o señor Feijóo dixo aquí que si que se retransmitían os plenos deste parlamento. Pero o que lle dixemos nós é que non se retransmitían a través da TVG, porque vostedes vetaron a retransmisión a través da Televisión de Galicia destes debates. *(Aplausos.)* Non me estraña nada despois do que pasou hoxe que non queiran que se vexa pola TVG.

E xa que nos digan que o BNG non reclamou a devolución do IVE parécenos unha desfachatez, porque nós vimos aquí pedirles que presentaran un recurso moito antes de que o fixeran. *(Aplausos.)* Esa é a realidade, e vostedes non o apoiaron. *(Aplausos.)*

E, claro, agora vostedes traen a teoría —si, faga sinais que llo vou dicir igual, non se preocupe— da omnipresenza e da omnipotencia do BNG; o BNG ten que estar en todas partes e ten que resolver todos os problemas. ¿E saben o que lle dicimos? Todos non, pero algúns si que os imos resolvendo, porque, de momento, grazas ao BNG aplicáronse rebaixas das peaxes da AP-9 despois de décadas de subas. *(Aplausos.)* Foi grazas ao BNG, que levou esta negociación a Madrid. *(Aplausos.)* E non o dicimos nós. Tamén, por certo, señoras e señores do



Partido Socialista, é un documento do Goberno do señor Pedro Sánchez, que dixo nesta presentación do cumprimento que foi negociación de acordo co BNG a rebaixa das peaxes. Así que non veñan aquí con contos. Díxoo o señor Pedro Sánchez.

Claro, a conclusión é clara: o BNG é a garantía da defensa dos intereses de Galiza. E como conseguimos a rebaixa das peaxes da AP-9 imos pelexar tamén pola transferencia, por moitos paus nas rodas que poñan, tamén tanto da AP-9 como da AP-53. Imos pelexar pola fin desas peaxes abusivas na AP-9 e na AP-53. Imos dar a batalla contra todos os cambalaches, contra todos os apaños e contra todas as estafas, como esas ampliacións ilegais das concesións, como os convenios ilegais que foron facendo no 2011, 2013 e 2018 os sucesivos gobernos.

E a gran diferenza —remato xa— é que o BNG se abraza con Galiza, e isto tráenos aforros para os bolsillos da xente, que paga menos polas peaxes. E o PP abrázase con Iberdrola, con Abanca, con Pemex, con Ence, cos que espolian Galiza. A conclusión é que os abrazos de Feijóo nos saen moi caros.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Polo grupo autor da proposición non de lei, señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: ¡Menos mal que vostede veu falar da AP-53, xa me gustaba máis a min este ton, señora Otero! A verdade é que vostede fai un traballo difícil. Vostede vén aquí criticar que a redución das peaxes que se fai na AP-53 e na AP-55 non está ben. E vén presumir da redución das peaxes da AP-9. A min paréceme ben a redución das peaxes da AP-9, é certo.

Pero, ¿de que se trata ou cal é o interese final dos cidadáns?, ¿o que pagan por circular ou en poñer máis e distintas posibilidades de ter descontos? Eu supoño que o interesante cando un se enfrenta a unha cabina para pagar a peaxe é saber canto lle vai custar. ¿E sabe vostede cal é máis barata ou máis cara? ¿Sabe vostede que a AP-55 ou a AP-57 son máis baratas que a AP-9 despois de aplicar todas as peaxes que se puxeron enriba da mesa? Iso non o sabe. Quere seguir enganando. Claro, eu creo que iso é importante, non é ver as distintas posibilidades que ten a peaxe para poder reducir. Non, o que importa é canto hai que pagar por quilómetro. Pois por quilómetro saen máis baratas as autoestradas galegas. Pero hai outra diferenza fundamental: nas autoestradas galegas levamos dez anos aplicando descontos, ¡dez anos! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E seguen saíndo moito máis baratas. *(Aplausos.)*

É unha pena que vostede cando falaba do traspaso da AP-9 non diga e non explique a esta cámara, vostede e o seu voceiro que estivo alí comigo defendendo o traspaso da AP-9, por que o Partido Socialista presentou as emendas a esa proposición de lei que supoñen cambiar todo o que se dixo nesta cámara, que supoñen que agora non falamos da transferencia da AP-9, agora falamos de que poden ter a xestión. É dicir, poden decidir se hai que cambiar un sinal, se un gardarraíl está fastidiado ou se é tempo de rozar os bordes da autoestrada.



¿Por que o Partido Socialista se segue pregando unha e outra vez a Pedro Sánchez, señor Caballero? (*Aplausos.*) ¿Por que vostede actúa como un director xeral en vez de actuar como representante dun partido político con representación na Cámara? Ademais, foi ao Congreso e dixo o contrario do que agora fixo o seu partido. ¿É que vostede non ten ningún peso en Madrid? Pois vostede saberá por que o fai.

Señor Bará, di vostede que falaba da AP-53; moito falou, falou moitísimo. Eu vou falar coma vostede. Decía vostede que sempre defenderon as peaxes. ¡Home!, é unha pena. Cando vostede formaba parte do goberno, do Bipartito, vostede era un cargo dentro do goberno, tomouse unha decisión de levantar as peaxes. E o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego dixeron que as peaxes da Barcala e de Rande as pagamos todos, todos os que estamos aquí e mais a xente que está fóra, durante moitísimos anos. Sabe vostede que 400 millóns de euros era a suma desas peaxes. E vostede estaba de acordo en que Galicia pagara as peaxes dunha autoestrada nacional. Esa é a maneira na que o Bloque Nacionalista Galego foi defendendo sempre os intereses de Galicia.

Decía vostede que o Partido Popular defendía Galicia abrazándose cos do Ibex. Ben, eu non sei a foto que están vostedes a poñer, pero grazas a esa foto e a moitas máis seguro que unha empresa como Iberdrola está traballando en Fene, onde moita xente, incluídos votantes do BNG, está traballando, (*Aplausos.*) votantes do BNG tamén. Nós non somos como Sánchez, que presumimos de que tamén incluso poden traballar. Non, non, non.

Pero mire vostede: eu non sei como se defende Galicia. ¿Vostede cre que defende a Galicia indo nunha foto con Bildu? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Vostede cre que se defende Galicia dándose abrazos con Bildu ou con RC? Esa é a maneira que ten o Bloque de defender Galicia. Voulle dicir unha cousa: o Bloque si que vende a Galicia —decía a señora Pontón hoxe—, vende a Galicia todos os días. Porque cada vez que hai un agravio con Galicia feito polo Partido Socialista ou polo Goberno de Sánchez, o Bloque mira para outro lado. (*Murmurios.*) ¿E sabe por que?, ¿sabe que é o peor de todo isto? Xa non é que miren para outro lado, é o prezo que lle poñen a Galicia vostedes. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) O prezo que lle poñen é estar nos concellos, é estar nas deputacións, é un asento en cada un deses sitios. Porque todo o que está a pasar vostedes miran para outro lado. E, iso si, a culpa é do PP. Non, a xente sabe que a culpa non é do PP. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A culpa é de Sánchez. E sabe que o Bloque Nacionalista Galego (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) vende a Galicia por un millón. Iso si que é vender a Galicia, iso si que é ter pouco percorrido en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Calvo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Rematado do debate das proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas.



Non acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para garantir a socialización e o retorno económico dos beneficios xerados pola produción enerxética en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.*

Estaba pendente unha transacción co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. ¿Non sei se se levou a cabo?

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Está feita esa transacción? Eu non teño... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? É que eu non a coñezo. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Foi a que leu onte? ¡Ah!, perfecto. *(A señora Rodríguez Rumbo: Si.)*. Pois entón... Coñécena todos os grupos, ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pois volva lela, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non era unha... Creo recordar —se non me falla a memoria— a súa emenda era de substitución, e vostede quería facer unha emenda para que non fora de substitución, senón cambiáballe todo o texto, e entón ía negociar un texto transaccionado. ¿Teñen ese negocio feito?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: *Témolo, lino onte, e era simplemente coller a primeira parte da emenda presentada polo BNG e a continuación tal como estaba a nosa. Se non recuerdo mal, era cumprir exactamente o que estaba asinado no Pacto local e a continuación exactamente a nosa emenda. Pero, ben, dei lectura e, se me dan uns momentos, podo volver lela íntegra.*

O señor PRESIDENTE: *Pero, a ver, estou recordando eu, que me pode fallar a memoria, que vou cumprindo anos. Pero perdoe, que ao mellor non estou... Pero estou facendo un exercicio de memoria e penso que a diferenza estaba en que vostede pedía un ano, algo dun ano, e vostede non dicía o do ano, ou neste ano. Vostede dicía neste ano, e o señor Iago Tabarés na súa emenda non falaba deste ano. Creo que esa era a diferenza substancial. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, si.



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Realmente o único que se engadía á nosa parte propositiva era iniciar que se cumpra o pactado, o asinado dentro dos acordos tomados dentro do Pacto local, e a continuación tal e como estaba a nosa parte propositiva na iniciativa presentada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Ben, vale. Eu penso que o cambio substancial está niso que eu estou explicando. A súa emenda... Se non é cuestión de collela, que explique, pero eu creo que el falaba de... Vostede falaba neste ano, e el non falaba de neste ano. Creo. A ver. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano do señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Cumprir o Pacto local e actualizar o Pacto local antes de que remate o ano e previa audiencia en consenso da Comisión Galega de Cooperación Local. E penso que non vai desvirtuar o voto en contra o Partido Popular. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Pero a súa emenda...

Perdón, perdón, imos ser... Non sei se os letrados me poden mirar exactamente o que dicía, eu creo que a súa... —pódeme fallar a memoria—, pero eu creo que a súa non falaba de neste ano, creo. Que o mire un letrado. Porque esa é a diferenza substancial para min. Ao mellor estou equivocado, jeh!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: A ver, señor presidente, perdón. É que esa parte queda tal e como estaba. Nós chegamos a unha transacción, non aceptamos unha emenda de substitución...

O señor PRESIDENTE: Perfecto, entón...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...simplemente engadimos unha primeira parte, tal e como lle estou dicindo, desa parte da emenda presentada polo BNG. E a parte nosa queda exactamente igual que estaba.

O señor PRESIDENTE: Vale.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non sei se queda claro. Vou buscar agora mesmo a redacción, pero lina onte, pensei que quedara bastante claro.

O señor PRESIDENTE: Ben, téño claro, cambia unha parte... mantén a súa e el adáptase a unha parte da súa. *(Murmurios.)* Exactamente é así.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego no seo da Comisión Galega de Cooperación Local.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Tamén estaba pendente unha transacción co Grupo Parlamentario Socialista. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non hai?

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para iniciar o proceso de reversión ao público das residencias de maiores de titularidade pública e xestión privada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Marina Ortega.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan galego intersectorial de prevención do suicidio.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa da señora Vázquez Domínguez.

Non acepta as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e seis deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España da elaboración dun estudo da situación do mercado financeiro desde o punto de vista da concentración bancaria e a posta en marcha dun plan estatal contra a exclusión financeira.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; abstencións, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Diego Calvo.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e nove deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno de España do establecemento de bonificacións nas peaxes da autoestrada estatal AP-53.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 74.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Rematan aquí as votacións.

Agora continuamos coa orde do día, interpelacións.

O señor PRESIDENTE: Hai unha alteración, como xa se comunicou.

Interpelación de D^a Noa Susana Díaz Varela e de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en materia de xestión do patrimonio cultural galego

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Bo día, señores e señoras deputadas.

Bo día, conselleiro de Cultura.

Esta interpelación xorde a partir dun traballo da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega que, como me imaxino que sabe, terminou resultando nun foro,



no Foro Patrimonio e Sociedade, que se desenvolveu ao longo do ano pasado e que por mor da pandemia tivo que alongarse a este ano. Ese foro tiña por obxecto tratar o que debера ser o camiño ou o percorrido dese necesario cambio de paradigma para unha axeitada xestión do patrimonio galego, do noso patrimonio, que ao noso entender do Grupo Parlamentario Socialista se mostra a todas luces insuficiente.

Resulta unha obviedade —e tanta que, de feito, non os vou aburrir neste discurso para intentar ir ao gran e debater acerca do que hoxe traemos aquí— que resulta evidente que Galicia tivo un patrimonio cultural notablemente rico, singular e que, ademais —e isto é importante—, nos define e nos identifica como pobo. Polo tanto, merece toda a protección, toda a vixilancia e, por suposto, toda a súa posta en valor.

En boa parte —xa o dixen moitas veces—, aquí somos o que fomos. De aí que sexa dende o noso punto de vista imprescindible que a xestión do patrimonio se converta en eixo central e transversal da política da Xunta de Galicia, non só da cultural, senón de todas as políticas, como logo explicarei. Pero para iso, primeiro, deberan mudar a estratexia. Non sei se é mudar a estratexia ou ter unha. Probablemente sexa máis correcto dicir que, primeiro, teñen que ter unha e despois, loxicamente, incrementar fortemente eses recursos.

Diciamos que esta interpelación xorde dese foro, porque aínda que este grupo parlamentario, non así —pensamos— o Popular, está moi pendente de todos os traballos e reflexións que realiza o Consello da Cultura Galega —temos que lembrar que é o máximo órgano estatutario en materia cultural—, nesta ocasión a deputada que lles fala xa non só foi espectadora nese foro, senón que ademais foi convidada a participar como representante do meu grupo parlamentario; igual que tamén foron os restantes grupos parlamentarios, o BNG e o Partido Popular. Nesa xornada, por certo extensa e moi frutífera —e aquí aproveito para agradecerlle ese convite—, ofrecéusenos a posibilidade de compartir inxerencias, de compartir propostas e de achegalas con diferentes expertos e expertas que coordinaban as tres mesas de traballo.

Por certo, nese foro estaban participando os e as especialistas na materia de patrimonio, os mellores; os mellores especialistas participaban nese foro, que —como saben ademais— non foron poucos.

Esa participación —dicía— levounos no PSdeG a afianzar aínda máis a nosa reflexión, que xa a tiñamos ben mastigada, acerca da actual política de xestión do patrimonio cultural. Unha reflexión, por certo, que ademais vai máis aló da presentación de iniciativas ou de iniciativas espalladas e que obriga —pensamos nós— a unha reformulación global da política da Xunta de Galicia con respecto ao patrimonio cultural. Dalgún xeito, e de aí a nosa interpelación de hoxe, as teses da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega veñen reforzar o que para nós era xa un feito incontestable, e é esa política errática nesta materia por parte do Goberno galego.

Señor conselleiro, no escaso tempo que esta deputada exerce como tal e nesta cámara lexislativa teñen sido numerosísimas as queixas materializadas moitas veces, non todas, en iniciativas parlamentarias sobre a xestión do noso patrimonio cultural. Temos a Comisión 4ª ategada de iniciativas sobre este tema. Por certo, sesións desa Comisión 4ª que, ao final, se



converten en sesións frustrantes que semellan máis partidos de tenis nos que a pelota queda sempre no tellado do outro, porque finalmente saímos de alí coa idea de que nada é da súa competencia, porque sempre é competencia dos outros. Nós o que nos preguntamos é por que ten vostede ou vostedes teñen tanto medo a asumir a competencia en algo que é tan noso como o patrimonio cultural; algo que non só é tan noso, senón que é só noso.

Por iso, no PSdeG compartimos —como digo— as conclusións deste foro, porque falan dunha necesaria, dunha obrigada redefinición da política de xestión do noso patrimonio cultural. E como tamén apunta o Consello da Cultura Galega, non só do patrimonio cultural, pois, efectivamente, ese patrimonio cultural está sempre asociado tamén ao natural e á paisaxe; de xeito que non debemos dissociar eses tres campos como vostedes si fan continuamente.

Este foro do que estamos a falar culminou este verán coa presentación desta *Guía práctica para a análise dun sector clave na gobernanza do futuro*. (A señora Díaz Varela amósalle á Cámara este libro.) Por certo, unha guía que foi presentada este verán e que, igual que aconteceu coa inauguración do Foro Patrimonio e Sociedade, non contou coa participación de ningún membro do Partido Popular, tampouco do Goberno; nin ese nin esta presentación desta guía.

Nesta guía —que espero que vostede coñeza, espero que si porque sei que lle foi remitida— achéganse as conclusións específicas de cada unha das tres mesas de traballo. Pero tamén hai catro ideas forza a xeito de conclusións imprescindibles para unha mellora da xestión patrimonial en Galicia, que, ademais, no PSdeG compartimos de principio a fin. O que non sabemos é se vostede, como máximo responsable, primeiro, as coñece e, despois, as comparte. De aí a nosa interpelación de hoxe.

Dese documento, ademais, extráense numerosísimas ideas interesantes que supoñen, efectivamente, un cambio ou que deberían supoñer un cambio de paradigma no modelo de gobernanza, no modelo de xestión do patrimonio. Fala, por exemplo, de concibir o patrimonio como un recurso económico sustentable, tamén desá necesaria transversalidade —da que agora falaremos de novo—, da cuestión patrimonial á hora de legislar ou de implementar políticas que afectan de maneira directa e non só directa, tamén indirecta, ese noso patrimonio cultural.

Fala tamén da necesaria participación social. Modernícense, por favor, pois fala da necesaria participación social no deseño das políticas patrimoniais. Por certo, algo que aparece como principio inspirador na actual e vixente Lei do patrimonio cultural, pero que en ningún momento se materializou. Non sabemos moi ben a que se referían vostedes nesa lei cando fala de participación social. Por certo, unha lei que, tamén me imaxino que saberán os deputados e as deputadas deste partido, este grupo parlamentario non apoiou.

Fala tamén desas ideas interesantes que propoñen concibir o patrimonio como un todo, tanto material como inmaterial, asentado nun territorio concreto que hai que xestionar como tal. Esa cremos, ademais, que é unha das eivas que teñen vostedes nesa política de xestión cultural, que non entenden o patrimonio como un todo, senón que son para vostedes elementos illados que non están asentados nun territorio nin tampouco pertencen á súa xente. Non teñen en conta nunca ese todo nesa xestión do patrimonio.



Fala tamén de incorporar a educación patrimonial —que é tan importante— no ensino e recoñecer o seu impacto positivo, porque ten impacto positivo. E axudaría moitísimo, por certo, a algo moi importante tamén cando falamos de patrimonio que é esa corresponsabilidade.

Por suposto, —xa o dixemos ao principio— tamén fai falla un maior financiamento, e non digo maior, senón que fai falla un moito maior financiamento. Temos que superar as cifras de financiamento que teñen hoxe as políticas de xestión cultural no noso país.

Dito todo isto, porque xa me queda pouco tempo, paso a formularlle as preguntas:

Queremos saber como valora o traballo do Consello da Cultura Galega en materia de patrimonio, concretamente as conclusións. Tamén esta *Guía práctica*, se a coñece e se vai facer caso dalgunha das ideas que aquí aparecen.

Máis cuestións, e esta de suma importancia, por canto ten que ver ademais coa necesaria —como dicíamos— transversalidade das políticas sobre patrimonio cultural, para que dende a Administración galega se entenda que o noso patrimonio debe ser tido en conta en calquera outra acción política, sexa cando falamos de ordenación do territorio, sexa do medio rural ou sexa da enerxía; estamos vendo o que está pasando con todos estes propósitos parques eólicos. Por iso, nós preguntámoslle se considera necesaria unha maior colaboración interdepartamental para unha xestión eficaz do noso patrimonio, se teñen previsto crear un órgano de coordinación para tal fin. Agardo que non me diga que xa existe esa coordinación porque é evidente que non existe.

Isto no que ten que ver coa necesaria coordinación interdepartamental e mesmo interinstitucional se queren. Pero tamén pensamos que é necesario dotarnos de máis ferramentas neste parlamento nunha materia concreta e transversal como da que estamos a falar. Por iso, gustaríanos saber que pensa vostede da creación dunha comisión sobre patrimonio neste parlamento e tamén dun observatorio de patrimonio, de igual xeito que xa existe noutros ámbitos de actuación e que incorpore persoal experto e independente.

Gustaríanos tamén coñecer a súa opinión acerca do alcance da vixente Lei do patrimonio cultural, moi recente, de hai cinco anos; se pensa que garante a total proxección do noso patrimonio e se, non menos importante, considera que axuda a poñelo en valor. Preguntamos isto porque na nosa opinión esa lei favorece unha xestión do patrimonio máis reactiva que proactiva, que é o que debera ser. Non sei que opina vostede. De aí que de non modificar a lei, nós, dende logo, consideramos conveniente a creación desa comisión e dese observatorio, tal e como propón o Consello da Cultura Galega.

E remato cunha cuestión que nos preocupa, que nos preocupa moito ademais, e que non é a primeira vez que tratamos aquí, e é recoñecer a frecuencia con que a Xunta de Galicia consulta ou solicita informes ao Consello da Cultura Galega sobre cuestións relacionadas co patrimonio que non sexan de carácter preceptivo. Dende logo, para o PSdeG non é de recibo o ninguneo ao que ten sometido este —repito— máximo órgano estatutario en materia cultural.



Polo de agora, nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora deputada, a verdade é que ambos estamos de acordo no esencial, ambos estamos de acordo na importancia e no valor que ten a nosa riqueza patrimonial, os nosos bens culturais. Sen embargo, obviamente, temos diferentes percepcións e diferentes formas de interpretar e ver a realidade. Vostede fai unha descrición que é a súa, pero que é ben distinta —pensamos— da que ten a maior parte da sociedade en Galicia. Hai diferentes percepcións, e iso é bo, non é malo; é bo que haxa diferentes percepcións, é o normal. Pero si coincidimos en que o noso patrimonio ten un elevado valor tanto material como inmaterial e que tamén sen dúbida é unha valiosa herdanza que, ao final, configura a nosa identidade, nos dá moito orgullo e que, por suposto, é un activo económico. Aí hai unha coincidencia.

É certo que a posta en valor da protección dos bens culturais sempre é un traballo inacabado, nunca se dá acabado. E a verdade é que tomamos as conclusións que nos aporta o Consello da Cultura Galega cunha actitude absolutamente construtiva e que nos vai permitir seguir avanzando, seguir mellorando. É unha referencia para traballar a favor dos bens máis senlleiros de Galicia.

Non teña vostede ningunha dúbida do meu respecto político e persoal cara ao labor que fai o Consello. E non só no meu papel como conselleiro e como membro do Plenario. A miña relación co Consello é moi previa ás miñas funcións políticas e institucionais, e coñezo perfectamente como funciona, cales son as súas funcións e a importancia do seu traballo. Teño colaborado en moitas iniciativas e participado en moitas iniciativas do propio consello. Non o dubide: máximo respecto político e máximo respecto persoal.

E tamén penso que a súa preocupación como deputada e como representante pública pola xestión do patrimonio é sincera. E agardo —tamén confiando na súa sinceridade— que traslade ás institucións onde goberna o Partido Socialista, aos concellos onde goberna o Partido Socialista, as valoracións e as puntualizacións que vostede fixo nesta cámara, para que tamén as apliquen os gobernos socialistas na mellora da xestión dos bens patrimoniais no ámbito das súas competencias, no ámbito municipal, que son moitísimas, pois son os que xestionan o planeamento urbanístico. E, por suposto, o respecto dos marcos competenciais é unha base do sistema democrático; para que funcionen as institucións hai que respectar os marcos democráticos, os marcos estatutarios e os marcos competenciais.



Nos últimos anos, dende o Goberno vimos implementando unha política decidida a favor da conservación e a favor tamén da protección deste activo. Nós entendemos que é unha política efectiva e eficaz. Sen ir máis lonxe, este mesmo ano incrementamos a partida orzamentaria nun 19 %. Puidemos realizar cos orzamentos deste ano máis de noventa actuacións, algunhas xa rematadas, algunhas en marcha. Un investimento arredor de dezasete millóns de euros.

Temos e sentimos —e iso é bo que o compartamos— un orgullo san pola nosa riqueza patrimonial. É verdade que Galicia pode presumir de ter unha enorme riqueza patrimonial, espallada polo conxunto do territorio, por todas as épocas históricas, e que funciona como un elemento de cohesión social e como un elemento que nos dá identidade, que fixo a poboación. Tamén é un recurso que favorece o desenvolvemento das economías locais.

A verdade é que despois de escoitala a vostede, eu non me pododo reprimir para facer un mínimo balance do traballo feito nos últimos cinco anos, para que quede constancia nesta cámara do esforzo que fai a Xunta de Galicia, que fai o Goberno de Galicia polo patrimonio neste país. En cinco anos, máis de cincuenta millóns de euros. Estes cincuenta millóns de euros posibilitaron setecentas cincuenta actuacións de conservación en cento setenta concellos. Se vemos estes datos parece polo menos complicado ou polo menos alegre falar dunha ausencia dunha auténtica política a favor do patrimonio.

Precisamente, no comezo desta lexislatura, cumprimos cun dos grandes fitos dos últimos tempos na rehabilitación dos bens máis senlleiros do país, xa que reinauguramos a catedral de Santiago oitocentos anos despois, cun traballo de coordinación con entidades privadas e institucións públicas de diferente signo político creo que é máis que notable.

Este mesmo verán presentamos o Plan catedrais 2021-2027, co horizonte 2027 do próximo ano xacobeo, cun investimento preto dos corenta millóns de euros, arredor dos trinta e oito millóns, para ter unha visión global, planificada e participada do que son as actuacións que imos levar neste período 2021-2027 nos bens, nos activos e nos recursos culturais máis fundamentais de Galicia.

Fálanos de coordinación e pono en dúbida. Non teña ningunha dúbida. Pregunta vostede se hai coordinación. A resposta é sinxela: si. Dous exemplos —podería poñerlle moitísimos— : Plan Ribeira Sacra, un plan, 34 millóns de euros, seis consellerías involucradas nun territorio, nun espazo tan fundamental para Galicia como é a Ribeira Sacra, cunha porcentaxe de investimentos xa executados pois máis que notable.

A semana pasada —outro exemplo— presentamos unha plataforma, un proxecto «Bo Camiño!», unha plataforma cultural de Google, onde participamos tres consellerías, bueno, Antega, a Vicepresidencia primeira e a Consellería de Cultura, así como tamén outros gobernos, como o Goberno de Aragón do Partido Socialista, por exemplo; institucións privadas, federacións privadas, fundacións privadas. Todos os días hai interacción entre o departamento de Patrimonio e outro departamento da Xunta de Galicia, como a Vicepresidencia segunda, etcétera. Poderíamos poñer moitísimos exemplos.



Sorpréndeme que vostede cuestione a Lei do patrimonio cultural do ano 2016. Ao amparo desta lei, declaráronse máis de setenta bens de interese cultural. O que nos posibilita facer un labor no que neste momento temos incoado moitos, como, por exemplo, a biblioteca de Emilia Pardo Bazán, a casa Cornide, Ponte Maceira... De feito, é a propia lei a que fai explícito o papel clave do Consello da Cultura Galega como un órgano de asesoramento e consulta do Goberno de Galicia sobre o patrimonio cultural de Galicia.

Pregunta cal é a frecuencia pola cal lle solicitamos informes. Pois, practicamente, pídese un informe ao mes. Dende o ano 2016, a Xunta de Galicia pídelle un informe ao mes de media neste caso ao Consello da Cultura Galega.

Señoría, eu, a verdade, é que comparto con vostede que o patrimonio é un activo social e identitario, e non temos a mesma visión. Tamén pensamos que ten un importante papel na nosa economía, sen dúbida, pero hai un marco político, un marco administrativo e un marco competencial. Eu pídolle, coa máxima sinceridade —como se expresou anteriormente—, que tamén nos axude a falar co ministro de Cultura para recapacitar sobre un anteproxecto de reforma da Lei de patrimonio histórico, que foi iniciado polo anterior ministro, polo señor Rodríguez Uribes, que, sen dúbida, non axuda e non concorda para nada coas súas palabras.

O texto presentado polo seu partido, polo Partido Socialista, invade literalmente as competencias autonómicas, que é unha das bases da democracia, o respecto entre as institucións; incrementa notablemente as tramitacións burocráticas, desapega a cidadanía, frea a participación sen dúbida ningunha. Eu soliciteille por escrito ao ministro unha reunión, e agardo que me reciba. Porque este anteproxecto de lei é absolutamente re-centralizador do marco competencial e frea dun xeito absoluto a participación social na xestión dos bens patrimoniais.

Insisto: pídolle a vostede que traslade esta mensaxe dentro do ámbito do seu partido a quen corresponda, para ver se entre todos, e colaborando, podemos evitar —iso si que sería unha desfeita— que este proxecto de lei se materialice.

Confío na súa sinceridade. Espero que traslade as súas inquedanzas aos concellos onde goberna o Partido Socialista. Confío en que os gobernos municipais do Partido Socialista, igual que os do Partido Popular, respectemos os nosos marcos e as nosas competencias, que sigamos apostando polo valor cultural, social, económico, identitario e orgullo que nos dá o patrimonio e que, en definitiva, aportemos e apostemos por algo tan importante para a nosa cultura e para o noso país como é o patrimonio cultural.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, señora Díaz Varela.



A señora DÍAZ VARELA: Señor conselleiro, primeiro, agradezo o ton, porque xa tivemos vostede e mais eu algunha outra conversa un tanto máis acalorada. Pero hoxe agradézoo, porque entendo que vostede di que ten a mesma preocupación que o noso grupo parlamentario para a cuestión patrimonial.

Non agardaba, a verdade, outra intervención pola súa banda. Eu entendo que non pode aquí recoñecer esa política errática da que falabamos en materia de patrimonio. Tampouco me sorprende que de novo volva —aínda que xa llo advertín na miña primeira quenda— xogar ese partido de tenis no que todas as pelotas acaban no outro tellado; pode ser no Goberno de España, —evidentemente, xa me estraña que non nomease aquí a Pedro Sánchez—, pero tamén aos concellos. Por certo, agradezo tamén ese último matiz ao final que tamén fala dos concellos do Partido Popular, entendo que tamén aos do BNG —digo eu—, porque parecía que aquí os únicos que temos competencia niso son os concellos do Partido Socialista.

O que si me estraña é que vostede non asuma tal e como llo están a solicitar todos os axentes expertos na materia —que non foron poucos— que é preciso redefinir a política de xestión do patrimonio actual en Galicia, de cambiar os lentes e adecuarse a unha nova situación que fala dunha maior participación, fala de modernizar a visión que vostedes teñen sobre o noso patrimonio.

Porque falaba, por exemplo, vostede de centos de accións. E, claro, é que é precisamente iso o que a nós nos preocupa, que vostede fala de accións, e pensa que a política, a xestión cultural, a xestión do patrimonio cultural é simplemente coller un plan, meter cartos, e do que se trata é de rehabilitar catedrais. Non, e iso, precisamente, é do que lle están a falar. Por iso dicía que é conveniente que lea concienciadamente, invista algún tempo —que non é perdelo, todo o contrario— en ler esa *Guía práctica*. Darase conta de que quizais non sobra, evidentemente, ningunha acción das que vostede estaba a falar, pero que é preciso unha política máis global e ver as cousas dunha maneira bastante diferente ao que vostede di.

Non me mirou, pero dábame a risa, porque volve vostede falar do Plan Ribeira Sacra —ese plan que pedimos xa polo artigo 9 non sei cantas veces—, 34 millóns, que non coñece ningún, e ademais pono como exemplo para falar desa colaboración interdepartamental. Señor conselleiro, non estamos falando diso, e vostede sábeo perfectamente. Estamos falando de que nesta cámara se están aprobando textos lexislativos que non prestan para nada atención á cuestión patrimonial, e despois pasa todo o que está a pasar. Falamos dunha colaboración constante na tarefa cotiá de todas as consellerías, pero tamén desta cámara, nese traballo. Estamos falando diso, non estamos falando de que se se xuntan para ese bendito Plan da Ribeira Sacra. ¡Oxalá, de verdade, que algún día o teñamos en papel e o poidamos consultar! Nós non estamos falando diso, e sabe perfectamente, ademais, que non estamos falando diso.

Segundo, non me contestou acerca da súa opinión sobre a da creación da comisión de patrimonio nin do observatorio. Do patrimonio gustaríame que me dese a súa opinión.

A verdade é que nós pensamos que deberan facer caso —lembro— ao máximo órgano estatutario en materia cultural, que vostede di que lle ten moito respecto, no persoal e no pro-



fesional —que coñezo tamén a súa traxectoria, pois fomos compañeiros, de feito, de universidade—. Non o dubido, pero estou falando da credibilidade que para vostedes parece ter este Consello da Cultura Galega, que o que fai é achegar propostas de mellora; neste caso, ademais, reforzada pola participación de decenas de especialistas, colectivos, asociacións e axentes de todos os ámbitos que interveñen na cuestión do patrimonio.

Propostas moi interesantes neste seminario, ademais, que non son políticas, son de carácter propositivo; non son en absoluto propostas políticas, senón baseadas no coñecemento experto, no empírico, no científico, que apuntan á necesidade —e non somos nós quen o dicimos, nós asumimos esas teses— dunha análise profunda da xestión do patrimonio cultural.

Así que é preciso, señor conselleiro, revisar a concepción actual que existe sobre a xestión de patrimonio —vostede mesmo acaba de expoñelo ben, pois non falamos de accións espalladas no tempo— e actualizala para así pór en marcha políticas efectivas que, de verdade, protexan e poñan en valor o noso inxente patrimonio cultural. De non facelo, e de non facelo xa, serán responsables dun dano irreparable sobre o noso patrimonio. Dende logo, algo que noutros países sería impensable. Non hai tempo, non temos tempo, ¡temos que reaccionar xa!

Remato xa, coma sempre, dicindo que de facelo, de reaccionar xa, van ter e contar sempre co apoio deste grupo parlamentario socialista. Para nós, dende logo, esta cuestión é prioritaria.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González): Grazas de novo, presidente.

Señora deputada, desafortunadamente, é complicado ter puntos de encontro con vostede nun aspecto no que a priori deberíamos estar de acordo. Non creo que se poida poñer en dúbida o papel que fai o Consello da Cultura Galega, nin o respecto que lle ten o actual Goberno da Xunta de Galicia a un órgano estatutario como é o Consello da Cultura Galega. Pero a responsabilidade de gobernar é do Goberno. Nós escoitamos, lemos, opinamos, pero a responsabilidade de gobernar é do Goberno. É a nosa responsabilidade. E poderémolo facer ben ou poderémolo facer mal. Se o fixeramos mal seguramente non estaríamos aquí, estarían vostedes ou o Bloque, ou os dous como están sempre. Pero dá a sensación de que na percepción da sociedade priman os acertos. Un goberno acerta ou equivócase. Se acerta tende a manterse e se se equivoca tende a ser substituído. É a lei, afortunadamente, da democracia.

Pois eu creo que a verdade é que a xestión neste ámbito creo que ten máis luz que sombras, e por suposto moitas máis luces das que vostede presenta. Tamén hai sombras, problemas



e dificultades. Pero se poñemos enriba da mesa datos, creo que se pode falar dunha acción eficaz e efectiva na rehabilitación e na posta en valor do noso patrimonio. Xa dixen antes: fixemos un mínimo balance de cinco anos. Temos —fíxese vostede o respecto que se lle ten ao patrimonio— máis de douscentos trinta investimentos e melloras en igrexas, conventos, mosteiros; catrocentas intervencións en concellos por onde pasa o Camiño de Santiago; máis de sesenta intervencións en bens declarados patrimonios da humanidade; arredor de douscentas iniciativas en xacementos arqueolóxicos; arredor de cen iniciativas en centros museísticos. Estas intervencións feitas por esta consellería, pero hai que sumarles tamén as accións doutros departamentos, porque cando vostede fala de coordinación terá que saber que o Goberno se coordina no Consello da Xunta. Este goberno pode coordinarse no Consello da Xunta; outros gobernos autonómicos e algún goberno estatal non se coordinan nos seus consellos. Nós coordinámonos perfectamente.

E traballamos colectivamente cada un nas súas competencias a favor do patrimonio. Por exemplo, no Camiño de Santiago traballa Turismo, e traballa áxil. No litoral traballa a Consellería do Mar rehabilitando patrimonio en moitas ocasións. En vivenda, en cascos históricos, traballa Medio Ambiente a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo. Incluso en Educación traballamos en favor da rehabilitación do patrimonio físico, por suposto a nivel didáctico, con asignaturas específicas e con visións transversais, pero tamén rehabilitando edificios históricos, como, por exemplo, o Valle-Inclán en Pontevedra, o Eusebio da Guarda na Coruña, que son edificios históricos, de alto valor patrimonial e catalogados. E temos unha visión global.

Todo o seu discurso, señora deputada, pode ser máis bonito ou máis feo, non entramos a valoralo, pero é bastante contradictorio co que fai o seu partido. O Partido Socialista acaba de presentar un proxecto de lei que realmente contradí todo o que vostede di. Eu agardo que se modifiquen algúns dos principios básicos, porque se non está claro que hai unha invasión competencial absoluta, unha recentralización absoluta, unha visión absolutamente sectorial da rehabilitación. Non existe visión integral, non existe participación. Estamos case retrotraéndonos a épocas —eu ata diría— predemocráticas na xestión do patrimonio.

Todo o seu discurso de participación, implicación, visión integral non existe neste proxecto. E creo que volvo ao que lle dixen antes: pediríalle que nos axude a convencer o actual ministro, que non asuma a documentación ou o proxecto de lei que lle deixaron enriba da mesa, porque todo o seu discurso cae. Hai unha contradición absoluta entre o que vostede plantexa e o que existe branco sobre negro no Proxecto de lei de patrimonio histórico nacional.

En definitiva, non teña a menor dúbida de que nos tomamos moi en serio as nosas competencias en materia patrimonial. E tamén queremos que as outras administracións o fagan igual, sexan concellos, sexa o Estado, que teñen as súas competencias e moitas. Porque, ao final, o noso patrimonio —como xa dixemos— dáonos identidade, dáonos orgullo, significa moito para todas as persoas, e tamén é un pilar económico fundamental para as economías locais onde está o propio patrimonio.

Agradezo a súa interpelación, e váiase tranquila, que temos —como xa dixen— o máximo respecto persoal e político polo Consello da Cultura Galega.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Interpelación de D^a Alexandra Fernández Gómez e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora do acceso á vivenda

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Bo día, señorías.

Bo día, conselleira.

Gustárame proporlle algo hoxe: quero traer á súa consideración un caso práctico que ilustra perfectamente cales son as condicións de acceso á vivenda protexida en Galiza. Eu pídolle, por favor, que hoxe se esqueza de mercadotecnia, de frases baleiras e que vaíamos ao concreto, que pisemos chan.

Poñamos que temos dous casos diferentes de demandas de vivenda. Por un lado, temos unha familia conformada por unha parella e dous fillos; o pai padece dunha doenza crónica, que lle impide traballar e a nai non atopa traballo. Como consecuencia desa situación, a familia esgotou os recursos que tiña, os aforros que tiña, e agora está entrando xa nunha situación na que ten que escoller entre pagar o alugueiro ou comer. O segundo caso trátase dunha persoa, de aproximadamente uns trinta e catro anos, que ten na conta de aforro medio millón de euros, porque tivo unha herdanza ou polo que fose, e que declara un salario anual de 33.000 euros, e quere por primeira vez acceder a unha vivenda en réxime de propiedade, quere comprar a súa primeira vivenda.

Señora conselleira, ¿quen cre vostede que está nunha situación de maior vulnerabilidade? E a segunda pregunta é: ¿cal dos dous casos cre vostede que necesita con máis urxencia acceder a unha vivenda protexida? (*Aplausos.*)

E isto pode parecer unha pregunta sinxela, pero non é unha pregunta banal, porque de aquí derivan as cuestións fundamentais que explican como se configura a arquitectura das políticas públicas de vivenda, porque formula dúas cuestións esenciais: por unha parte, quen debe ser obxecto prioritario das políticas de vivenda pública e, por outra parte, a quen beneficia e a quen exclúe o actual modelo.

Vou volver despois sobre este caso concreto. Eu espero que entremos a debater sobre a realidade concreta, pero antes de nada tamén quero dar un pouco de contexto. Na actualidade existe un Rexistro de Demandantes de Vivenda, no que toda persoa que pretenda optar a unha vivenda protexida ou a algunha serie de axudas de vivenda ten que estar inscrita aí.



Ese rexistro leva anos en situación de colapso total. Neste momento hai preto de quince mil unidades de convivencia inscritas nese rexistro, e hai que ter en conta que detrás de cada unha desas unidades de convivencia hai familias enteiras. E isto non é que o digamos nós, recoñéceo o propio Plan de vivenda 2015-2020 que fixo o Partido Popular, que di que detrás desas quince mil unidades de convivencia hai cincuenta mil persoas esperando por unha vivenda pública.

Non é unha exaxeración, son os datos que están recollidos no propio Plan de vivenda. E á xente o que lle espera, unha vez que se escribe, son anos e anos agardando, incluso décadas, e incluso toda unha vida, e a vivenda non chega. Estes son os tempos reais que manexa a xente cando se inscribe nese rexistro.

Vostedes son plenamente conscientes desta situación, coñécena, só hai que pasar un rato por una oficina do Instituto Galego da Vivenda e Solo para comprobalo, e ver tamén cal é a desesperación e a odisea vital da xente que se inscribe aí. E tanto é así que coñecen isto que no anterior Plan de vivenda dicían que este colapso do Rexistro era un dos cinco problemas principais en materia de vivenda que tiña este país, e que este era un dos obxectivos prioritarios.

Pasaron cinco anos do plan, e o resultado é que temos exactamente a mesma cifra que cando empezou o plan: quince mil unidades de convivencia inscritos. Isto o que demostra, en definitiva, é o fracaso rotundo das políticas do Partido Popular en materia de vivenda e o fracaso do anterior Plan de vivenda.

Este é o contexto xeral: colapso do Rexistro, fracaso do seus plans, fracaso da súa consellería; os datos están aí. Pero hoxe vostede ten aquí a oportunidade de plantear algunha iniciativa para tratar de solucionar isto ou, polo menos, asumir este problema, ou a segunda opción, que é seguir instalada nunha posición da conselleira negacionista da realidade. ¡Oxalá nos sorprenda! Eu vou procurar que sexa así, que non vaia pola liña negacionista de que esta é a situación do Rexistro.

Para iso voulle dar datos, que é o mellor contra o negacionismo, datos que explican por que pasa isto. Primeiro, o Goberno de Feijóo recortou dúas terceiras partes do orzamento que había destinado a programas de acceso á vivenda no Goberno bipartito. Recortar dous terzos do programa de acceso á vivenda explica o segundo dato, que son os datos de vivenda protexida, (*A señora Fernández Gómez amósalle á Cámara un gráfico en tamaño A4.*) porque este é o gráfico: a liña vermella dende que vostedes gobernan, que deixaron a vivenda protexida polo chan. Tanto é así que no 2019 só saíron catro vivendas. Temos quince mil unidades de convivencia inscritas esperando vivenda, e vostedes só sacaron catro vivendas protexidas.

Para mudar a situación, o primeiro que hai que abordar é multiplicar o orzamento destes programas e impulsar a creación dun parque público de vivenda que nos sitúe en cifras similares ao contexto europeo. Por tanto, orzamento e parque de vivenda; esta é a base do problema.

Pero hai un segundo problema, que é tamén como se distribúen os recursos, e se esa distribución dos recursos serve para paliar as desigualdades sociais.



Volvamos aquí ao caso práctico do principio: ¿que acontecería se eses dous perfís van ao Rexistro de Demandantes de Vivenda solicitar unha vivenda? Pois ben, a parella con dous fillos, que se atopaba nunha situación de incapacidade para pagar o alugueiro ao final de mes, polo feito de cobrar menos de 0,7 veces o IPREM, quedan excluídos da posibilidade de optar ás vivendas de protección autonómica. Este é o primeiro filtro da Xunta, onde unha persoa ou unha unidade de convivencia que teña uns ingresos menores a 5.535 euros anuais fica excluída directamente da posibilidade de optar á maioría das vivendas que se ofertan.

Porén, no caso dunha persoa cun patrimonio de medio millón de euros e un salario de 33.000 euros anuais, esta pode acceder a unha vivenda de protección autonómica en réxime xeral. Pero é que, ademais, pode solicitar unha axuda complementaria de adquisición de vivenda protexida por un importe de 20.000 euros se a compra nas cidades e de 16.000 euros no resto de municipios.

Á vista disto resulta bastante chamativo, en primeiro lugar, que non se tome en consideración a cuestión do patrimonio que ten a persoa demandante e, en segundo lugar, que as persoas que acceden pola vía do réxime de compra soen ser as que teñen maior capacidade de poder adquisitivo comparado coas persoas que acceden mediante o alugueiro, que sexan esas persoas que acceden en réxime de compra as que adquiren pola Xunta un bono de axudas, que son bastante superiores ao que son as axudas do alugueiro.

É unha política contraria á lóxica redistributiva porque, efectivamente, se na vivenda protexida hai unha parte redistributiva que ten que ver con que se adapta ao prezo da vivenda segundo os ingresos, esa lóxica rómpese no momento en que vostedes aplican uns bonos á vivenda en réxime de compra duns importes tan elevados como os que acabo de dicir.

Voulle pór outro caso práctico: dúas persoas inscribíense solicitando vivenda en centros históricos e núcleos rurais de promoción pública, que cada vez, ademais, isto é importante, porque vai ser unha bolsa cada vez máis importante da vivenda. O requisito que teñen para optar a unha vivenda é o de ter unha renda máxima de até 5,5 veces o IPREM, de forma que unha persoa que cobre un salario de 3.000 euros ao mes opta nas mesmas condicións, por exemplo, que unha persoa que gane 600 euros ao mes, e que lle resulta neste momento imposible acceder á vivenda mediante o mercado libre. Ademais, como viamos antes, a persoa que cobra 600 euros, con toda probabilidade vai acollerse ao réxime de alugueiro porque non pode facer fronte á compra. Por tanto, a outra persoa é a que con toda probabilidade vai recibir unha axuda directa pola compra de 20.000 euros, que non vai recibir a persoa que cobra 600 euros ao mes.

En definitiva, que non existen políticas de discriminación positiva para as rendas baixas. E este último caso, evidentemente, non é tan extremo como o inicial, pero ilustra perfectamente que as súas políticas non favorecen ás persoas máis necesitadas.

En todos os casos, calquera dos perfís dos que falei vanse atopar tamén co mesmo problema de fondo, que é a falta de oferta de vivenda protexida. Esas persoas vanse inscribir no Rexistro de Demandantes e van atopar unha espera eterna. Neste momento, eu creo que se pode cualificar o Rexistro de Demandantes de Vivenda como unha especie de muro infran-



queable para moita xente, que non pode asumir pasarse a vida agardando a que haxa unha vivenda protexida e que ten que buscar alternativas. E aquí, na busca de alternativas ante o muro infranqueable do Rexistro de Demandantes de Vivenda, é onde vostedes tamén poñen alternativas que non son redistributivas, porque as alternativas son: que se ti tes un patrimonio suficiente e tes unha estabilidade laboral para poder adquirir unha vivenda, a Xunta directamente ofréceche 20.000 euros pola compra dunha vivenda libre en centros históricos —vivenda libre, nin sequera vivenda protexida—. Se queres comprar unha vivenda subvencionante con 20.000 euros para que vaías ao mercado libre; cousa que non pode facer unha persoa que ten que acudir ao réxime de alugueiro.

É dicir, recuperando o primeiro caso, ao rapaz que tiña un patrimonio de medio millón de euros, se non quere seguir agardando por unha vivenda protexida nesa odisea, a Xunta dálle directamente os cartos para que vaia mercala. Mentres que as persoas que só poden acceder en réxime de alugueiro, as máis vulnerables, seguen agardando. E as axudas que existen vostede sabe perfectamente que non chegan, que hai moitos demandantes que quedan fóra.

Señora conselleira, as preguntas: ¿vai seguir cos orzamentos actuais ou vai dunha vez por todas este goberno do Partido Popular multiplicar —porque xa non digo aumentar— o orzamento en programas de acceso á vivenda? Se ten algún programa concreto para o plan, para reducir o colapso de vivenda: obxectivos concretos, ¿cantas vivendas teñen pensado construír? ¿Por que a Xunta deixa atrás as persoas que máis o necesitan? ¿Con que criterios articulan vostedes as políticas de vivenda? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Moi bo día.

Señora Fernández, vexo eu que aínda que haxa múltiples alternativas a vostede non lle serve ningunha. E hai que diferenciar entre querer revitalizar os cascos históricos e, polo tanto, subir ata ese 5 no que ao IPREM se refire, e outra distinta é o que é a vivenda pública en si.

Aínda así, eu diríalle que lles fixera certas preguntas a certos alcaldes, podería ser o de Pontevedra, pero tamén podería ser o de Vigo. Obras totalmente rematadas, vivendas públicas, a xente agardando a que lle poidamos entregar as súas chaves, e dende hai meses agardando esa licenza de primeira ocupación; o exemplo: Vigo. E podemos falar de San Paio de Navia, onde orzamos ano tras ano, e meses de trabas continuadas para poder seguir tendo vivenda pública. Pero poderíamos ir a Pontevedra, en concreto a ese concurso de solo público para que poidan optar as cooperativas, e que tamén son anos de demora para ter as licenzas correspondentes.



Dito isto, señora Fernández, hai que dicirlle que hai máis dunha década que a Xunta de Galicia conta con esa planificación da política en materia de vivenda. E agora mesmo nin sequera o fai só a Consellería de Medio Ambiente, senón que se fai a través dun pacto social: o Pacto social pola vivenda, onde están todos representados, dende os promotores construtores, pasando polos concellos, ata tamén os consumidores, señora Fernández.

Pero é certo que debemos de falar do inminente, do que acaba de rematar, que é o Plan RehaVita 2015-2020, e xa centrarnos nese Pacto social pola vivenda, que vai ata o ano 2025. Temos unha política transversal na que non só nos centramos no acceso á vivenda, que é fundamental, tamén nos centramos na rehabilitación. Polo tanto, na maior calidade de vida dos galegos e das galegas, e poñendo o foco noutros eidos, como pode ser a política fiscal. Son doce anos cun obxectivo claro: apoiar as familias galegas. O Plan RehaVita foi o primeiro implantado polo Goberno galego, e ademais foi este goberno, o Goberno do Partido Popular, e non outro, o que intentou ter unha estrutura fundamental e sólida para deseñar esa política de vivenda, que ten que abarcar dende o rural ata os cascos históricos, sen esquecer o resto do territorio. Mudan as prioridades dos galegos e, polo tanto, tamén mudamos nós como prioridade.

Ano 2020, rematado este proxecto, poñémonos a traballar e temos un plan. Este é un plan composto, señora Fernández, por medio cento de medidas, que ten como obxectivo mobilizar ata o ano 2025 uns 1.100 millóns de euros e achegarnos ata setenta mil familias galegas. Teño que dicirlle que dese Plan social pola vivenda, onde están todos representados, actualmente o 71 % das medidas incluídas neste pacto social xa está en execución —oito meses despois da súa sinatura—, e outro 22 % atópase en preparación, polo que se prevé que tamén estean en marcha antes de que remate o ano.

Cómpre destacar que se trata dun pacto impulsado polo Goberno galego, pero que nace única e exclusivamente do consenso. Unhas xentes que están representados no Observatorio da Vivenda de Galicia, un órgano que se reúne periodicamente e que na súa última reunión fixo balance da aplicación deste pacto neste último encontro.

Tamén hai que dicilo, señora Fernández, porque fala vostede do orzamento, e por suposto que estamos traballando nos orzamentos, e dentro deses orzamentos temos que contar tamén co Plan nacional de vivenda, que bastantes cousas teñen que mudar para que sexa efectivo. Pero tamén temos que falar dos fondos europeos, e alí foi o propio sector o que puxo encima da mesa a problemática para alcanzar os obxectivos que se marcan dende Europa e dende o Goberno central. Alegacións presentadas nas que tamén o que fixemos é traballar e trasladalas ao Goberno central, e que no día de hoxe aínda non temos resposta.

O Observatorio funciona ben, señora Fernández; tamén funciona ben o Rexistro. E, por suposto, cando fala vostede de colapso, o que hai é unha lóxica evolución: por un lado, hai altas e, por outro lado, hai baixas dos solicitantes. O que son as baixas débese a porque ou ben foron adxudicatarios dunha vivenda, que pode ser pública, ou noutros casos renúnciase a esa vivenda, ou no terceiro accedeuse a un inmovible en propiedade. Neste caso, a través de ámbitos como poden ser as distintas axudas que teñen dende o Goberno galego, ben para adquirir vivenda en concellos de menos de cinco mil habitantes, ou ben para acceder a vi-



venda nos cascos históricos. E hai unhas axudas, axudas de 10 millóns de euros, este ano destinadas ao alugueiro, que é fundamental.

Pero voulles dar datos. E os datos son, por exemplo, dende a reforma do Rexistro, que en 2010 a Xunta adxudicou máis de tres mil cincocentas vivendas de promoción pública. Dende o 2015 ao ano 2020, datas de vixencia do RehaVIta, concedemos 17.500 axudas ao alugueiro, por un importe de 34 millóns de euros. Unha cifra, por suposto, na que non temos excluídos aqueles beneficiarios doutros programas —ata medio cento, dicíao anteriormente— e actuacións da Xunta de Galicia en materia de vivenda, como son aquelas extraordinarias nas que nun momento determinado nos temos que poñer a traballar. E non permitir que debido, por exemplo, a un incendio ou debido á explosión que houbo en Tui esas familias puideran quedar sen unha soa vivenda, e aí estivo a Xunta de Galicia. Ou diferentes proxectos e programas para a adquisición de vivenda. Tampouco computamos os milleiros de axudas para a rehabilitación de vivendas, porque tamén temos que traballar para que aquelas persoas que dispoñan dunha vivenda teñan mellor calidade de vida.

Como supoño que saberá, a Xunta conta con diversos programas de axudas para facilitar o acceso á vivenda dos galegos e as galegas, ben sexa en alugueiro, ou ben sexa en compravenda.

Neste impulso ao alugueiro, por exemplo, dentro deses 10 millóns de euros que vostede dicía —e pensando nas persoas que o pasan mal—, dotamos neste ano 2021 dous millóns de euros para axudas ao alugueiro-covid. Ata o momento foron concedidas 538, e podemos chegar ata 950; ninguén vai quedar sen a axuda. En 2020 concedéronse un total de 1.091 axudas a estas familias, cuns importes de ata 500 euros; no ano 2020, o importe total que demos foi de 2,2 millóns de euros. Están as axudas ao alugueiro do Plan de vivenda, ás que destinamos tamén outros 2,2 millóns de euros, que nos permitiron conceder 1.300 axudas. Actualmente, señora Fernández, están en tramitación.

E despois está o bono alugueiro social. Ningunha persoa —como vostede describía— que se atope nunha mala situación vai quedar sen unha vivenda nin sen axuda. Pero se ten nomes e apelidos, eu agradeceríalle que llo trasladara ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, porque lle daría cumprida resposta —non a vostede, por suposto, porque hai algo que temos que preservar, pero si á persoa que a está solicitando, por se houbera algún problema—. O bono social alugueiro, un importe de 2,9 millóns de euros. E pagamos a renda ao cen por cento. Entre o 2015 e o 2020 concedéronse 2.246 bonos por un importe de 6,6 millóns de euros.

E despois hai persoas máis vulnerables. Aí están as mulleres que son vítimas de violencia de xénero, 2,6 millóns de euros; tamén ese bono alugueiro é ao cen por cento. Nos últimos dous anos outorgáronse —¡oxalá que non tiveramos que outorgar ningunha!— 341 axudas, e sumaron 1,5 millóns de euros.

E así reiteradamente colaboramos cos concellos na creación dun parque público municipal, un eido no que destacan as axudas aos concellos para a rehabilitación de vivendas municipais. Mudamos incluso, pois primeiro eran as antigas escolas de mestres e agora é calquera vivenda que sexa propiedade do concello e que queira rehabilitar para que as persoas dese municipio poidan continuar no municipio e, polo tanto, poidan ter acceso a elas. Este programa comezou



no ano 2017 e permitiui rehabilitar 121 vivendas, por un importe de 4,6 millóns de euros; este ano foron 1,7 millóns de euros, e acabamos de outorgar ata o de agora 33 axudas. Despois, por suposto, están as infravivendas, cun total de 96 vivendas, por 1,1 millón de euros. E podíalle seguir relatando incluso tamén as axudas a promotores, que creamos no ano 2019, e que permitiui poñer en marcha un total de 96 vivendas cun investimento de 2,3 millóns de euros.

Por outra banda, señora Fernández, para a adquisición de vivendas contamos con tres liñas. Efectivamente, son as axudas de menores de 35 anos para comprar vivendas e en concellos de menos de cinco mil habitantes, 338 vivendas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): E son as axudas para comprar vivenda en centros históricos; é ter a oportunidade pero tamén dinamizar os cascos históricos. E, por outro lado, son as axudas para a adquisición de vivendas protexidas. Estas son unha novidade do Pacto social pola vivenda despois de que estas desapareceran do Plan nacional de vivenda no ano 2016.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Gómez.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Señora conselleira, non defrauda vostede coa súa intervención negacionista do problema.

O Rexistro de Demandantes de Vivenda está colapsado, queiran ou non recoñecelo. Efectivamente, uns danse de alta, outros danse de baixa, pero o que seguen inmutables son as quince mil unidades de convivencia inscritas, que vostedes mesmos recoñecían no anterior Plan de vivenda que era un dos principais *(Aplausos.)* problemas en materia de vivenda deste país. Non o dicíamos nós, dicíano vostedes mesmos.

Pero para cambiar iso o que se necesita, efectivamente, é investimento. E a vostede, polo que parece, parécelle que todo vai fantástico na súa consellería. Necesitamos que revertan esas políticas de recortes en materia de vivenda. Hai que ter vontade política para cambiar a situación. Pero vostedes demostran que non teñen ningunha, e a demostración diso é o actual Plan de vivenda.

Eu quixera facer unha comparativa do que é o Plan sectorial de vivenda de Cataluña, por poñer un exemplo. Un plan que pode gustar máis ou menos, non entro a valorar o concreto, *(A señora Fernández Gómez amósalle á Cámara un folio.)* pero que ten unha gráfica de cantas vivendas en concreto pensa facer ano por ano nunha previsión a quince anos vista para cada unha das modalidades. Unha previsión mínima.



Este é o Plan de vivenda da Xunta de Galicia, (*A señora Fernández Gómez amósalle á Cámara outro folio.*) que o que ten é unha carilla que podo resumir perfectamente, porque di: «Vivenda de promoción pública. Debera crearse vivenda de promoción pública». Xa está, nin un só dato. E a boa mostra é a súa intervención, que vostede veu aquí, e do Plan de vivenda o único que sabemos até o de agora é cantos millóns van ser en xeral, sabemos a canta xente vai chegar e sabemos canto traballo vai xerar así en xeral, pero non sabemos canta vivenda vai crear. O Plan de vivenda non sabemos canta vivenda vai crear.

Eu creo sinceramente que vostedes inventan as cifras de a canta xente vai chegar, (*Aplausos.*) porque se non teñen nin sequera un mínimo de rigor para elaborar o plan e definir cales van ser os obxectivos de vivenda, vostedes sacan da manga esas cifras. Iso non é un plan, directamente é un panfleto, porque está baleiro de información.

E non só fan este tipo de plans, ademais é que ocultan información respecto do que foi o plan anterior. Cando concluíu o plan anterior pedimos dende o BNG coñecer cales eran as cifras exactas da vivenda protexida que se construíu ao longo dos últimos cinco anos durante o plan anterior, que permitisen facer unha radiografía de cara a encarar o novo plan de vivenda. E a resposta por parte da Xunta a todas as preguntas foi a mesma: que xa nos entregarían un informe no final deste ano.

Claro, e a min a pregunta que me xorde, señora conselleira, é se vostedes nos van entregar a información do que se fixo a finais deste ano do Plan 2015-2020, ¿é que vostedes fixeron o Plan 2021-2025 sen saber vostedes mesmos que é o que fixeron antes? (*Aplausos.*) ¿Non teñen vostedes eses datos? Eu penso que si saben perfectamente o que fixeron durante o período anterior, o que pasa é que están intentando ocultar a información e meter debaixo da alfombra os vergoñentos resultados que obtivo ese plan. Están coa estratexia da avestruz, de meter a cabeza debaixo da terra e ver se pasa o tempo.

Pero mentres vostedes fan esa estratexia, nós traemos propostas a esta cámara. Como a que trouxemos hai pouco á Comisión 2ª para intentar revertir a situación de colapso. O que propuñamos era cando menos comezar a realizar un diagnóstico de que pasa co Rexistro de Demandantes de Vivenda, facer unha radiografía.

E pedimos que se elaborase unha análise da situación: saber cal foi o número de vivendas outorgadas, cales son os prazos temporais medios e máximos que está tardando o Instituto Galego da Vivenda e Solo en adxudicar vivendas, ver cal é o grao de accesibilidade segundo o réxime de alugueiro ou compra, analizar as variables socioeconómicas dos inscritos e o grao de urxencia no acceso á vivenda. En fin, toda unha serie de indicadores que nos permitisen polo menos definir cales deberían ser as liñas de actuación prioritarias e cales os obxectivos concretos por acadar.

Tamén pedimos que elaborasen un plan específico para abordar esta situación, que servise como un marco de referencia para o novo plan de vivenda. Xa que non hai ningunha previsión de nada concreta, só é un desiderátum baleiro, polo menos ter un marco de referencia neste sentido, con estratexias complementarias pero diferenciadas segundo perfís socioeconómicos e tendencias territoriais.



E pedimos tamén previsión de obxectivos, prezos temporais.

Todo isto foi votado en contra polo Partido Popular, que está en contra de facer unha radiografía da situación e deseñar unha estratexia mínima para abordar este problema. Nin sequera lle propuñamos un mínimo de vivenda protexida ao que tiñan que chegar. O que lle dicíamos é que polo menos aborden a situación, e, nin iso, votaron en contra.

É necesario, señora conselleira, falar de prioridades en materia de vivenda. Porque hai que escoller se os recursos van ao alugueiro ou van ao réxime de compra. Vostedes seguen empeñados en que os recursos vaian á compra; seguen instalados nunha mentalidade precrise da burbulla inmobiliaria, e teñen que cambiar.

Existe cada vez un maior consenso en admitir que o parque de vivenda protexida ten que ser principalmente en alugueiro. E dio non só este grupo, senón que o propio ministerio recoñece que foi un fracaso a política de vivenda protexida en réxime de compra. Porque agora estamos padecendo as consecuencias de que cando esa vivenda pasa ao mercado libre perde a súa función social, e as administracións públicas quedan coas mans baleiras para facer políticas públicas de vivenda. O que hai que facer é apostar pola vivenda protexida en réxime de alugueiro. Ao contrario da vía pola que vostedes van; vostedes conducen en dirección contraria.

Hai que priorizar tamén a vivenda de promoción pública fronte á vivenda de promoción privada.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: E acabo xa.

Tamén hai que priorizar, señora conselleira, onde se gastan os cartos. Porque vostedes gastaron 8.000 euros en contratar a dedo un informe a unha exdeputada do Partido Popular de Castela-A Mancha para falar de ocupación, que se basea en información de *OK Diario*. Ese é o rigor dese informe que vostedes contrataron. (*Aplausos.*) Contrataron outro informe máis, 18.000 euros para falar de ocupación, cando os datos, unha vez máis, do Consello Xeral do Poder Xudicial din que os casos de ocupación...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...caeron nun 30 % respecto do ano anterior.

Vostedes gastan os cartos en problemas que non existen, mentres a realidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández...

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...é que a xente que se ve nunha situación de non poder facer fronte ao alugueiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Gómez...



A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: ...non ten dereito absolutamente a nada. *(A señora Fernández Gómez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Señora Fernández, como vostede fai relación á prensa, mire vostede a prensa de cando en vez, reúnanse cos veciños da Coruña e diranlle se hai ou non problemas de ocupación. Oxalá que vostede non o viva, pero eu si que recibo a esa xente que ten problemas de ocupación. O que fai unha ocupación dunha vivenda non crea vostede que é porque non se lle dan recursos por parte da Xunta de Galicia para que teña acceso a esa vivenda, é porque non quere cumprir absolutamente nada, e o que está facendo é meterse nunha propiedade privada. Nós, dende a Consellería de Medio Ambiente, o que facemos é loitar polos dereitos de todos, pero tamén da propiedade privada. *(Aplausos.)*

Cando me falaba vostede se computaban ou non computaban. Mire: para ter dereito a unha vivenda pública computan tal e como figura no IRPF os rendementos do traballo, pero tamén o aforro. Non sei de onde saca vostede que non computa o aforro. Polo tanto, deixen de terxiversar.

Por outro lado, se queren saber onde se meten os millóns de euros que parece ser que, segundo vostede, simplemente son faladorías, sexa un pouco máis rigorosa, porque segurísimo que lle podemos dar os datos, e ademais é que son públicos e están certificados.

Cando pregunta vostede por que non hai máis vivenda pública, vólvolle dicir: pregúntelle vostede ao alcalde de Vigo, San Paio de Navia. Aí seguimos: 2.700 vivendas que están paralizadas por unha decisión única e exclusivamente política. Volveremos orzar este ano para poder facer a urbanización. E claro que hai moita xente en Vigo desexosa, porque é a cidade que máis demanda ten de vivenda, para poder vivir en San Paio. Pero podo remitila unha vez máis a Valdecorvos, e seguro que pode falar vostede co alcalde de Pontevedra. Pero tamén a podería mandar onde a alcaldesa de Lugo, onde na Tinería temos rehabilitadas vivendas, que tardamos meses e meses tamén en poder adjudicar por non ter licenza de primeira ocupación. Esa é a realidade, non é outra, señora Fernández.

Aínda así, vostede quere que sexa clara e que falemos de cifras. E fállolle de cifras, e as cifras son claras: 2.500 vivendas de promoción pública adjudicadas dende o ano 2010. Dezasete mil cincocentas axudas ao alugueiro concedidas dende o ano 2015, que suman un investimento superior aos trinta e catro millóns de euros.

Por suposto que optamos polo alugueiro. Mudan as políticas porque tamén mudan os criterios e muda a demanda da xente. Un parque de vivendas en alugueiro composto por 3.500



inmobles. Temos 2.920 bonos de alugueiro social e bonos de alugueiro para vítimas de violencia de xénero concedidos entre o ano 2015 e o ano 2021. Hai 162 vivendas municipais rehabilitadas por importe de 6,3 millóns de euros dende o ano 2017.

Podo seguir afondando: 113 vivendas rehabilitadas no casco vello de Vigo; 117 vivendas rehabilitadas, por un importe de 1,7 millóns de euros, dende o ano 2017; 96 axudas concedidas a promotores para a construción e rehabilitación de vivendas, por un importe de 5,9 millóns de euros; máis de catrocentas trinta axudas para a adquisición de vivendas en concellos de menos de cinco mil habitantes, e preto de cincuenta axudas para a compra de vivendas en cascos históricos, por máis de setecentos mil euros. Esas son cifras.

Por outro lado, o que si me gustaría é que teña vostede un mínimo de respecto a todas aquelas persoas que traballan arreo e se reúnen no Observatorio, e ademais son os que están no día a día traballando por e para a vivenda, pero tamén están as asociacións de consumidores.

Nós traballamos pensando nos intereses dos galegos e das galegas. E agora mesmo estamos traballando noutro reto, e é o reto de xestionar os fondos europeos, dos que 81 millóns de euros lle corresponden a Galicia. Son programas de rehabilitación, de eficiencia enerxética e de construción de vivenda pública. Por certo, dentro do que é esa construción de vivenda pública, ¿saben vostedes o máximo ao que chega o Goberno central? A un vinte por cento, o resto téñeno que poñer as comunidades autónomas. E non é só Galicia a que está dicindo que isto non pode ser, tamén son o resto das comunidades autónomas. E é bo que lle dedican un pouquiño de tempo para traballar neste eido. Uns fondos que é necesario adaptar ás realidades de cada territorio, e no noso caso a Galicia, para que sexan efectivos. Así llelo trasladamos aos que son os seus socios de goberno en Madrid.

Reclamamos mellora de criterios e requisitos nos programas de vivenda para espertar o interese dos galegos e das galegas. Se eles non teñen interese porque as axudas son mínimas, dificilmente poderemos chegar a certificar eses 80 millóns de euros.

É necesario que se incremente o tanto por cento das axudas e ofrecer incentivos, incentivos para as comunidades autónomas, pero tamén para as comunidades de propietarios en si, para os propietarios, para a mellora desas vivendas.

As axudas á rehabilitación téñense que executar a través de programas xa existentes, como son as áreas Rexurde ou as áreas de rehabilitación integral. Saben vostedes que agora queren cambiar e, polo tanto,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...acaban de inventarse un programa novo, que é o Programa de barrios.

Agradézolle o interese pola vivenda, señora Fernández, pero tamén lle agradecería ese respecto ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, á Fegamp, ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, ao Colexio Oficial de Administradores de Fincas, aos axentes da propiedade inmo-



biliaria, ao Consello Galego de Consumidores e Usuarios, ao Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos de Galicia, á Federación Galega da Construción, aos promotores de edificacións de solo de Galicia ou á Unión de Cooperativas de Vivendas, porque eles forman parte...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...do traballo que se vai desenvolver en Galicia de aquí ao ano 2025.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación de D. Pablo Arangüena Fernández e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa xestión dos encoros

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, onte o Grupo Parlamentario Socialista votou a favor e o PP votou en contra da creación dunha comisión de investigación sobre o baleirado de encoros. A xustificación para este voto inxustificable, segundo a voceira do PP, é que onde ten que formarse esa comisión de investigación é no Parlamento do Estado. Pero vostedes saben, en primeiro lugar, que é perfectamente compatible formar unha comisión de investigación no Congreso e formalala tamén aquí no Parlamento de Galicia, se fora o caso. E, en segundo lugar, cando estamos falando de catro embalses situados en Galicia, en ríos galegos, e respecto dos cales a propia Xunta de Galicia abriu expedientes sancionadores, ridículos pero sancionadores, que veñan a este parlamento dicirnos que onde hai que abrir unha comisión de investigación é no Congreso é unha tomadura de pelo, ademais de que —como dixen onte— é tamén unha demostración da súa completa adicción á pornografía política.

Diría máis: é unha exhibición de pornografía política barata, barata, votar «non» a unha comisión de investigación despois de dicir, como dixo o señor Feijóo en rolda de prensa, que o baleirado de encoros deste verán é unha irresponsabilidade de enorme transcendencia ecolóxica, un disparate e que non vira algo igual nos seus doce anos de goberno. Iso dixo. Non se poden dicir estas cousas tan tremendas que dixo Feijóo e dicir, como dixo vostede mesma, que hai convivencia entre o Estado e as eléctricas e logo non facilitar coa súa maioría parlamentaria unha comisión de investigación respecto deses mesmos feitos.



Non pode ser, ou non debería ser. Luz e taquígrafos para o que fixo ou non fixo a Xunta e luz e taquígrafos tamén para o que fixo ou non fixo o Estado. Iso é o que reclamamos desde o Grupo Parlamentario Socialista: luz e taquígrafos, señora conselleira.

E resulta dun cinismo insoportable todo o que dixeron o señor Feijóo e vostede sobre este tema cando dentro das amplas competencias medioambientais da Xunta está a protección dos ecosistemas fluviais, que teñen unha enorme importancia ecolóxica e que caen baixo o réxime preventivo e sancionador de tres leis, non dunha, senón de tres leis autonómicas galegas, cousa que aproveito para poñer novamente outra vez en coñecemento da señora conselleira, porque parece que non se molestou nin en consultar a lexislación do seu departamento, porque vostede é máis de facer unha fotiña no Día dos Humedais, unha fotiña no Día da Auga, unha fotiña no Día do Medio Ambiente. É dicir, ¡que bonita é Galicia, que bonitos son os peixes, que bonito son os paxaros e as flores, e que verde é todo!, ¡e que verde é tamén o Partido Popular de Galicia! (*Aplausos.*), e, se non é verde, pintámolo de verde e arreglado, para vostede.

Xa dixen o outro día —e repítollo hoxe— que a análise das declaracións e actuacións de dúas conselleiras, vostede e Ethel Vázquez, e do señor Feijóo no tema do baleirado de encoros amosa un nivel de falsidade e irresponsabilidade e escapismo impropios dun goberno democrático, e roza a prevaricación —reitero—, se non incorre directamente nela, porque despois de culpar —para variar— o Goberno central e de que o señor Feijóo dixese en rolda de prensa o 2 de setembro que a Xunta non fora informada polas empresas eléctricas, o 3 de setembro publicáronse dous correos de Iberdrola (10 de xuño e 12 de xuño) que demostran fehacientemente que o señor Feijóo lle mentiu a Galicia unha vez máis, e a mentira en democracia cando é flagrante, como neste caso, debería dar lugar a responsabilidades. Pero ao señor Feijóo dálle todo absolutamente igual desde que negou a súa amizade cun coñecido narcotraficante, mentindo tamén a Galicia, ata tal punto de que se o señor Feijóo fora Pinocho habería que ampliar este hemiciclo para acomodalo á lonxitude do seu nariz.

E a pesar de ser informado por partida dobre, por Iberdrola e pola Confederación, o Goberno galego tardou setenta días en iniciar catro expedientes sancionadores polo ridículo importe de 25.000 euros cada un. Pero, aínda hoxe, cento dez días despois da primeira comunicación, non determinaron vostedes as medidas preventivas legalmente obrigatorias que establece o Regulamento de pesca de Galicia que ten que fixar a Xunta de Galicia, que obriga a Xunta a dicirlles ás eléctricas que medidas teñen que adoptar para evitar danos. Pasaron cento dez días e a Xunta non fixo nada, agás abrir catro expedientes ridículos a empresas que, como no caso de Iberdrola, teñen un beneficio de 3.610 millóns de euros no ano 2020, 50.000 euros en total para unha empresa como Iberdrola que gaña nun ano esa cifra, 3.600 millóns de euros, e á que lle dá a risa coa súa sanción. E cando se lle critica pola ridiculez dese importe, cando se lle critica porque baixaron vostedes este ano o importe da sanción polo baleirado de encoros nun 95 %, nada máis e nada menos, entón di vostede que poderían imponse sancións de ata 2 millóns de euros. Di que poderían sancionar por 2 millóns, pero non sanciona nin inicia expediente sancionador por esa sanción da outra lei, un ridículo espantoso para unha administración que ten medios e funcionarios preparados pero que mete a pata ata a cintura, non se sabe se por pura e simple incompetencia ou pola amizade do señor Feijóo co



señor Galán. Pero, en todo caso, a conclusión é que tanto vostede como o señor Feijóo son unha calamidade para o medio ambiente de Galicia coas súas políticas tóxicas.

E reitero —a ver se se entera vostede pola vía da repetición— que hai tres leis autonómicas que a obrigan a actuar se hai indicios de dano medioambiental —como di o señor Feijóo que hai—, tres leis galegas medioambientais que non foron promulgadas e aprobadas por perigosos ecoloxistas nin por axentes bolivarianos, senón por vostedes mesmos, por vostedes mesmos que non son capaces nin de cumprir as súas propias leis, impulsadas e aprobadas pola Xunta de Galicia e o PP de Galicia: a Lei de pesca continental, a de patrimonio natural e a de protección ambiental de Galicia; tamén un Regulamento de pesca, que di que a Xunta é quen ten que autorizar ou non o baleirado dos encoros.

E a Xunta tiña toda a información, porque un: Iberdrola transmitiu, como xa lle dixeran, comunicacións; dous: a Confederación comunicoulle o baleirado ao 112, que depende do señor Rueda e por tanto da Xunta; tres: a Confederación comunica cada semana —como debería saber vostede— o nivel de cada un dos seus embalses a Augas de Galicia, como non podería ser doutra forma; catro: por se fora pouco todo o anterior, teñen vostedes centos de axentes medioambientais, que entre as súas competencias de oficio teñen a vixilancia dos cursos fluviais incluíndo os encoros; pero parece ser que o primeiro axente que pisou un embalse o fixo o 20 de agosto, que é a data que reflicten os expedientes sancionadores, setenta días despois da primeira comunicación de Iberdrola e da Confederación Hidrográfica. É dicir, tardaron vostedes setenta días en pisar un embalse desde a primeira comunicación, setenta días para que a Administración responsable de protexer o medio ambiente en Galicia lle dixese a un axente medioambiental que dese unha volta por eses catro embalses, setenta días, señora conselleira. ¿Pódese ser máis incompetentes?

E basta con que algún dos centos de axentes medioambientais faga esa visita polos encoros para comprobar o seu nivel e se hai dano ou non. Iso teno que facer a Xunta, porque é a súa competencia e ten moitos máis medios e capacidades que a Confederación, pero sobre todo —insisto— porque é a súa competencia e hai moitas leis que obrigan a que exerza a súa competencia. Se non o fai —reitero—, prevarican vostedes por omisión. Se a Xunta coñece que se está causando un dano ao medio ambiente, como dixo o señor Feijóo, que dixo que era unha cousa tremenda, se non actúa, pois prevarica.

E non me saia vostede, por favor, absurdamente na súa réplica con que eu desprezo os axentes medioambientais ou algunha cousa dese estilo, como fixo xa outra vez, porque os axentes medioambientais fan o que vostedes lles din, e se vostedes non lles din que inspeccionen os embalses que están por debaixo do 20 %, a pesar de que a Xunta ten a obriga legal de facelo, pois non é culpa dos axentes, é culpa da conselleira, non dos axentes.

E, por enriba de todo, resulta que este ano a propia Xunta modificou aquí, neste parlamento, a Lei de pesca continental, que era do 92, e fixo que as sancións por baleirado de encoros, que podían chegar a 300.000 euros, coa lei do 92 agora só poidan chegar a 25.000 euros; unha redución do 95 %, nada máis e nada menos que o 95 % menos por baleirar encoros.

O cal implica tamén, como dixemos aquí na tramitación da Lei de pesca, que se relaxa o control sobre as hidroeléctricas e que as agresións aos ríos saen cada vez máis baratas en Galicia,



como sucede en todas as políticas medioambientais en xeral en Galicia, que imos para atrás como os cangrexos, non por certo como os cangrexos de río, que apenas queda un.

Con estas contías máximas de 25.000 euros e os seus expedientes sancionadores pois o que temos é unha cortina de fume para tapar as vergoñas da Xunta de Galicia. En lugar de iniciar expedientes sancionadores ridículos que poden tardar anos en rematarse, díganlles vostedes ás empresas hoxe mesmo, hoxe mesmo, que medidas teñen que implantar ou pola Lei de pesca ou pola Lei de patrimonio ambiental ou pola Lei de protección ambiental de Galicia. Se poden impoñer sancións de 2 millóns de euros, impoñanas, non falen de facelo, fágano, fágano xa, fágao xa, señora conselleira, ou terei que invitala a que se dedique a outra cousa, porque algo terá que facer vostede.

E abandonen —reitero— vostedes dunha vez a pornografía política. Por certo, espero que non lle ofenda a vostede falar de pornografía; pornografía pois é unha cousa que está por aí, o que pasa é que vostedes a transplantan á política. *(Murmurios.)*

Nada máis, e seguiremos. ¿Falar de pornografía é machismo? Eu dígolles que abandonen a pornografía política asociada ao que están facendo neste tema; dígoo e reitéroo. *(Murmurios.)*

Nada máis, e seguimos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Murmurios.)

Silencio, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) Cada cousa no seu sitio, por favor, non fai falta dar máis explicacións. Non, non, neste caso é unha terminoloxía que cada deputado nese caso é libre de poder utilizar. Eu non vou... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, perdón, non vou entrar nese debate.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señor Arangüena, de verdade que é difícil ser máis desagradable. Dito isto, e sen entrar nese debate, para o cal eu non teño cualificativos, si que lle pediría que a min como muller e como conselleira non me levante a voz, *(Aplausos.)* e a poder ser tampouco faga eses xestos, que din bastante pouco de vostede.

Dito isto, tamén o teño que corrixir: non son cangrexos de río, son mexillóns; non pasa nada, todo o mundo temos equivocacións. O único é que, se podemos coidar as formas e ser un pouco máis educado, sempre é agradable.



É a terceira vez, señor Arangüena, que eu veño aquí, e por suposto estou para iso, para dar cumpridas respostas ao que se me pregunte, e por suposto tamén as interpelacións. Fíxeno no primeiro momento para falar dos baleirados, fíxoo a secretaria xeral técnica na Comisión 7ª e ademais creo que puxo luz ao que son todos os artigos e que vostede polo menos debería ir recollendo algún.

A explicación por parte da Xunta foi bastante clara. Con todo, eu non teño inconveniente en falar unha vez máis dos embalses baleirados, ante os cales o presidente da Confederación Hidrográfica vese que estaba noutros partidos, e estaban vostedes moi entretidos, porque desde logo fixo caso omiso e as súas competencias foron inexistentes ou polo menos non as exerceu.

Efectivamente, foi escandaloso, foi escandaloso e foi unha barbaridade, pero non o dixo o presidente da Xunta de Galicia e non o digo eu e non o din os técnicos; é que o di a ministra de Transición Ecolóxica. E, como di a ministra de Transición Ecolóxica, eu creo que debería ser bastante clarificante para vostede, e non seguir reiterando esa mesma situación.

Non sei que é o que ocorre para que vostede estea continuamente defendendo o presidente da Confederación Hidrográfica; ou si; igual é unha guerra que teñen vostedes dentro do partido, pero estase vostede queimando bastante.

Se eu estivera preto da prevaricación, como di vostede, dígame que delito cometería o presidente da Confederación Hidrográfica, que é o único competente neses encoros, pero dígame incluso que delitos estaría cometendo vostede cando vén defender e está ocultando aquí reiteradamente a súa actuación.

Dito isto, señor Arangüena, tamén lle teño que dicir unha vez máis: o único órgano competente para fixar os límites aos desembalses e para comunicar as intencións á Xunta de Galicia, que en ningún caso se fixeron por parte do presidente da Confederación Hidrográfica, é el, única e exclusivamente, o presidente da Confederación Hidrográfica, aínda que, segundo vostede mesmo di, aquí parece que teñen todos competencias, menos este señor, que debe cobrar unha nómina, estar de brazos cruzados e dedicarse única e exclusivamente ao partido, pero non velar polos intereses do patrimonio natural galego.

Dos seus argumentos conclúese que o presidente non ten competencia ningunha, que pode quedar sentado mirando para outro lado. E, señor Arangüena, isto non é así, e non é así porque o sabe vostede perfectamente, sábeo perfectamente, e déuselle resposta, cumprida resposta por parte da Xunta de Galicia. Pero ata lle deron resposta os seus, e non foi unha ministra, foron ata dúas.

Ao contrario do que fai o PSOE galego, a vicepresidenta si que asumiu as súas competencias, e reconece que coa normativa estatal de augas na súa man os presidentes de demarcacións hidrográficas poden evitar o baleirado dos encoros. ¿Por que non os evitou? Pois mire, efectivamente terán que investigar vostedes, vostedes saberán por que non o fixeron e que é o que se oculta arredor de todo isto. A única administración que actuou foi única e exclusivamente a Xunta de Galicia, a través da consellería competente; en dous eidos: por un lado, a



través da pesca fluvial, continental, que, por certo, a sanción foi a máxima: 25.000 euros por cada encoro, ridículo; pois volva vostede a vista atrás e vexa as sancións que se puxeron por parte do Bipartito, cando gobernaban o PSOE e o BNG en Galicia. ¿Sabe de canto eran esas sancións? De 400 euros. Iso si que é facer o ridículo, señor Arangüena. Pero non só iso, séguese investigando e ademais con informes técnicos, que foi o propio instrutor, que é un funcionario, quen así o pediu, e, por suposto, chegarase ao final das consecuencias, con sancións que poden chegar ata os 2 millóns de euros.

Por certo, estará vostede moi entretido noutras cousas, pero ten que saber que Augas de Galicia, a semana pasada, puxo unha sanción a unha hidroeléctrica, nun encoro da súa responsabilidade e da súa competencia, de 1,9 millóns de euros. Polo tanto, en vez de estar tan entretido noutras liortas, tranquilizárase vostede moito máis lendo un pouco a prensa e, polo tanto, non facendo o ridículo para seguir salvando a imaxe dun señor que parece ser que vai no seu bando nesas eleccións ou nese congreso que teñen agora á vista.

Dito isto, e asegurando que estiveron analizando a normativa en materia de augas, permítame que poña en dúbida ou polo menos que recoñeza que esa análise a fixo vostede *ad hoc*, á súa maneira. O que eu lle recomendo, se me permite, é a lectura literal da lexislación, non a lectura interpretativa ou mesmo creativa, porque janda que vostede crea! O que pasa é que crea en negativo, nunca o fai en positivo, e cun sorriso e con outros xestos, de verdade que lle ía ir moito mellor. Xa que, por exemplo, o artigo 83 do Regulamento de pesca fluvial de Galicia é claro e non admite interpretacións.

En canto á regulación das comunicacións, di o seguinte. Unha primeira: será a concesionaria a que ten que comunicarlle á Confederación Hidrográfica que quere facer uns baleirados e a onde quere chegar con eses baleirados, e é a Confederación Hidrográfica a que ten que informar favorable ou desfavorablemente; dende que así o faga, señor Arangüena, ha de trasladarllo á Consellería de Medio Ambiente, que pon as condicións para que non se vexa prexudicado sobre todo o ámbito piscícola.

E iso nunca ocorreu, señor Arangüena; pódelle dar vostede as voltas que lle dea a gana, iso non ocorreu. E fíxese en que o presidente da Confederación cando quere mandar unha carta, que, por certo, sempre o fixo ben, ata o de agora, ata este ano, que decidiu que non o facía así, xusto no momento en que máis cara estaba a luz, explicaranlles vostedes aos galegos por que o fixo desa maneira. Pero cando quere, pois fíxese que sempre o fai ben, ata incluso manda a medios de comunicación cartas para comunicarse vostedes, uns con outros.

Polo tanto, non veña sostendo unha mentira continuada para salvar a imaxe dun presidente dunha confederación, porque ten vostede unha obriga como deputado, que é salvar non a imaxe, senón o patrimonio natural de Galicia. Xa lle explicamos en comisión que soste o contrario sería inconstitucional, xa que existe doutrina do Tribunal Constitucional no relativo á compatibilidade das competencias autonómicas para protexer os recursos piscícolas e as competencias en materia de aproveitamentos hidráulicos. Neste caso, o Constitucional sinala que a intervención da consellería só pode facerse a través da comisión e do órgano de conca.



Non hai outro camiño, señor Arangüena, é ese o establecido por lei e o establecido polo regulamento. Por iso estaría ben que volvесе darlle un repaso á normativa existente en materia de augas, parando especialmente na normativa estatal e máis concretamente no texto refundido da Lei de augas e no seu artigo 52, e no Regulamento da Comisión de Desembalses. Ambos os textos determinan que é o presidente da Confederación Hidrográfica o que debe de establecer límites aos baleirados, non é Augas de Galicia, non é a Consellería de Medio Ambiente; para iso está ese señor; e, polo tanto, evitar os posibles efectos medioambientais.

E aquí non caben tampouco outras interpretacións. O único que se observa é un descoñecemento, ou, se non é descoñecemento, de verdade, quere disimulalo vostede moi ben.

Conclúo —e insisto unha vez máis—: as competencias destes encoros son estatais, é a primeira vez que hai un baleirado destas características nos últimos vinte anos, e dáse a casualidade de que non é porque sexa un mal ano hidrolóxico; todo o contrario, dáse a casualidade de que acontece cando máis caro está o recibo da luz.

Moitísimas grazas, señor Arangüena. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señora conselleira, segue vostede a voltas coa famosa comunicación. Xa lles fixeron a vostedes diversas comunicacións (a propia empresa, a propia Confederación Hidrográfica, o 112), pero vostede debería saber que non pode ser necesaria unha comunicación para defender o medio ambiente, porque o medio ambiente deféndese de oficio, e, por tanto, vostedes, cando hai danos medioambientais, non necesitan a comunicación de ninguén; isto é de puro sentido común. E podería explicarllo máis tecnicamente, pero para dicirllo en modo sentido común: é ilóxico, é absurdo o que vostede está dicindo. Se hai un dano ao medio ambiente, non necesitan vostedes comunicación de ninguén, porque teñen que actuar de oficio, porque o di toda a lexislación de Galicia e, francamente, toda a de España e a de Europa, que vostede parece que non entendeu aínda.

E díxome que non son cangrexos de río, que eu me equivoquei; non son cangrexos de río —dixo vostede—, son mexillóns. Ben, eu falei de que imos para atrás, como os cangrexos, na cuestión medioambiental, e por se non o sabe vostede, nos ríos hai cangrexos tamén, porque parece que vostede non se enterou tampouco de que hai dúas especies de cangrexos: unha autóctona e outra foránea, (*Murmurios.*) que están en grave retroceso en Galicia, a autóctona, non a foránea, que está en expansión. Por iso eu falei do retroceso dos cangrexos de río (*Aplausos.*) Pero se quere falamos de mexillóns de río tamén, porque están referenciados nos expedientes sancionadores.

Din neses expedientes sancionadores os seus axentes medioambientais que está habendo danos xa no embalse de Belesar e noutros. ¿Ou non leu o que din os seus axentes medioambientais nos seus expedientes sancionadores? Por tanto, a Xunta ten que actuar, non pode



esperar a que alguén lle comunique, non limitarse a abrir expedientes sancionadores cosméticos para tapar as súas vergoñas. Díganlle a Naturgy e a Iberdrola cales son as medidas que teñen que adoptar para protexer, antes incluso de sancionar, porque o poden facer, por tres leis. Non me cite vostede sentenzas do Tribunal Constitucional, que a vostede lle sopra que existe unha sentenza do Tribunal Constitucional; se esa sentenza é así e a súa secretaria da consellería di que iso impide aplicar o artigo 83, como me dixo o outro día, entón modifiquen o artigo 83; é que o teñen clarísimo; hai un artigo 83, úseno, di o que di, está moi claro.

E, señora conselleira, falou vostede de que eu cometín algún delito por vir aquí a non sei que. Ben, vostede —xa llo dixen— non entende moito de leis; e non ten por que entender de leis, francamente, non ten por que, se se deixa asesorar e pon interese no que fai. Pero o problema é que tampouco se molesta en entender e deixarse asesorar, porque, entre outras cousas, vostede ten uns antecedentes que a invalidan para defender o medio ambiente, falando de delitos, porque vostede foi alcaldesa de Melide dúas lexislaturas e nesas lexislaturas o polígono industrial de Melide, como sabe perfectamente vostede, contaminou reiteradamente o río Furelos, o río do seu propio pobo; vostede, sendo alcaldesa, permitiuno e non fixo absolutamente nada por remedialo, a pesar de ser multado e apercibido ese concello por Augas de Galicia. E vostede sabe que hai un informe do Seprona, no Xulgado de Instrución de Arzúa, que recomenda imputar por prevaricación, por omisión, a todos os que ocuparon responsabilidades municipais desde o ano 2004, é dicir, vostede entre outros, porque considera que hai —como digo— indicios de prevaricación por omisión.

En todo caso, ¿por que falan vostedes de sancións por 2 millóns de euros, cando os expedientes sancionadores son por 25.000 euros? Están vostedes estafando a cidadanía. Porque vostedes deberían saber, ou deberían contarlle, que hai un principio de dereito chamado *non bis in idem*, que di que non poden sancionarse os mesmos feitos dúas veces, e vostedes optaron pola sanción máis baixa, a Lei de pesca, de 25.000 euros, pero logo falan da máis alta, de 2 millóns de euros, pero non a poden aplicar, porque vulnerarían o principio *non bis in idem*. ¿Por que teño que explicarlle eu neste parlamento estas cousas, señora conselleira? Eu non debería explicarlle estas cousas, ten vostede técnicos.

A mellor proba, por outro lado, de que a lexislación estatal non permitía actuar ao Estado é que o Goberno acaba de modificar o artigo 55 da Lei de augas para facer fronte a estes casos. Porque, se modifica o artigo 55, é porque antes non llo permitía; se non, non modificaría o artigo 55.

Pero, en cambio, vostedes teñen unha normativa autonómica que establece obrigas moi claras de control, inspección e sanción, e que ademais —dígolle outra vez— permite establecer medidas preventivas e cautelares á Xunta de Galicia. E cando a Xunta foi informada o 10 de xuño —xa pasaron cento dez días— e os informes dos axentes medioambientais din que hai danos medioambientais, é increíble que o Goberno de Galicia se limite a intentar derivar a súa responsabilidade cara ao Estado cando ten a obriga legal de protexer o medio ambiente de Galicia.

Abandonen, señora conselleira, o escapismo, abandonen a inacción, e cumplan as obrigas que establece a súa propia lexislación, para variar, aínda que só sexa para variar.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

O señor PRESIDENTE: Peche da interpelación, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Arangüena, teño que dicirle que cando governei en Melide fíxeno sempre por maioría absoluta; teño un grato recordo. Cando gobernan vostedes sempre o fan —xa saben— da man de quen lles vai tendendo, porque non soben dun ou dous concelleiros, e ademais xusto cando se produce a mortalidade nos ríos é cando gobernan vostedes. (*Aplausos.*) Por certo, levo meses cun convenio para financiar un terzo da depuradora (un terzo a deputación, un terzo a Xunta de Galicia, un terzo o concello) e aínda non están postos á disposición da Xunta de Galicia os terreos.

Dito isto, vólvolle reiterar que se governei foi porque así o quixeron os meus veciños, aos cales por suposto me debo, me sigo debendo.

Continuemos, para dicirle, de verdade, que vostede ¿a quen defende aquí?, ¿defende os intereses dos galegos ou simplemente se olvidou de que había unha Confederación Hidrográfica?

En segundo lugar, os únicos que actuamos fomos a Xunta de Galicia. Pero ¡quérelle dicir vostede ao presidente da Confederación que dunha vez por todas abra expedientes, que dunha vez por todas saia do seu letargo, porque parece que está nunha sesta continuada ou, se non, está estresado por outras cousas e non dá a cara, pero di que algo se vai facer e a día de hoxe non fixeron absolutamente nada, que é el quen ten as competencias! Que é presidente desa confederación, que permitiu o baleirado, que é un atentado dende o punto de vista do patrimonio natural. Pero, por suposto, é que xa actuamos, señor Arangüena. ¿Como llo teño que dicir? Actuamos e, segundo reza a lei, demos o tempo necesario para que fagan as súas alegacións; ao presidente da Confederación, sanción; ás hidroeléctricas, sanción. ¿Que fixo o presidente da Confederación? ¿Onde o ten vostede?

A min é que, mire, dende aquí nin vexo nin sei. A única que actuou foi a Xunta de Galicia. Non sei que lles pasa a vostedes con ese señor. ¿Quere que vaia ao escano e que lle dea unha foto do señor Sánchez tamén con ese señor? Pero é que aquí non hai nomes nin apelidos, aquí hai a actuación da Xunta de Galicia nos seus encoros. Augas de Galicia a semana pasada sancionou unha hidroeléctrica con 1,9 millóns de euros, e a actuación da Consellería de Medio Ambiente, porque non actúa o presidente da Confederación, con dúas sancións: por un lado, a través da de pesca fluvial continental, e, por outro lado, a través da de patrimonio natural.

E dígolle... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pero dicir pornografía, palmar..., cambie vostede un pouco o seu vocabulario.



Ben, dito isto, e parece ser que querendo darlles a razón ás hidroeléctricas e ao presidente da Confederación e dicir que imos palmar, ¿quere dicir que non imos seguir para adiante coas dúas sancións? De verdade que vostede está de broma.

Mire, non hai ningún erro na tramitación, está todo ben feito, hai un instrutor, ese instrutor é un funcionario, están os estudos en curso e chegaremos se podemos ata os 2 millóns de euros.

E vólvolle insistir en que os únicos que estamos actuando somos nós. Pero copien vostedes do que se fai ben, copien de Augas de Galicia, que é a que ten a competencia no resto dos encoros de Galicia, nos que, por certo, o seu nivel está por enriba en comparación co ano pasado, fronte aos encoros dos cales o presidente da Confederación, o señor Quiroga, e polo tanto responsable o Ministerio de Transición Ecolóxica, que estiveron nos mínimos, os mínimos nos últimos vinte anos.

Señor Arangüena, nós queremos saber, e claro que queremos saber, e teñen que investigalo, e han de facelo no Congreso, porque é a súa competencia, por un lado, por que non se respectou nestes catro embalses Miño-Sil o réxime normal dos caudais; téñeno que explicar. Por outro lado, por que non se respectou neste caso a lexislación en materia de pesca fluvial, e mesmo de patrimonio natural. E vólvolle repetir que é a primeira vez que se fai mal, sempre se fixo ben.

En terceiro lugar, tamén queremos saber por que se puxo en risco a existencia dunha reserva mínima de auga nestes encoros, que é terrible para o patrimonio natural, pero puido ser terrible tamén para os seus veciños e veciñas. E lémbrolle que á hora de actuar nun incendio houbo que derivar os helicópteros a outro lugar, porque aí non podían facer a carga correspondente.

Somos a Xunta a única administración que tomou esas medidas reais para tentar aclarar o acontecido. Non sabemos nada do Ministerio de Transición Ecolóxica, non sabemos nada do presidente da Confederación. Teña por seguro que seguiremos adiante ata depurar responsabilidades. Non nos importa nada o ruído que se faga nin a estratexia de confusión; ao final o tempo acábanos dando a razón, e ese tempo é: revisen vostedes as sancións que puxeron cando gobernaba o Bipartito, BNG e PSOE, 400 euros de sanción ás hidroeléctricas; no caso dos que din que son amigos uns e outros, ata 2 millóns de euros, efectivo a semana pasada a través de Augas de Galicia.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos ao punto 8 da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Borja Vereá Fraiz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai o Goberno galego das axudas que se destinaron dende a Xunta de Galicia ás axencias de viaxe e aos turoperadores para facer fronte á situación da covid-19

O señor PRESIDENTE: Cando queira.



O señor VERA FRAIZ: Grazas, presidente.

Vicepresidente, se hai un subsector dentro da cadea de valor do turismo que non o pasou ben estes meses, con meses incluso dramáticos, é o sector das axencias de viaxes e dos tu-roperadores. Non é a primeira vez que nesta cámara analizamos a situación deste colectivo, un colectivo que é fundamental para a proxección no exterior das ofertas turísticas galegas, que serven de escaparate de todas as nosas industrias turísticas, unhas ofertas que segundo o balance destes meses e a afluencia turística están funcionando.

O noso sector, a nosa industria turística está funcionando con esa mestura de seguridade, de calidade, de sustentabilidade, e aí están os datos, que seguramente poderá analizar polo miúdo o señor vicepresidente, e por tanto uns meses que significaron un alivio para toda a industria turística e nomeadamente tamén para as axencias de viaxes.

Estes negocios teñen unha estrutura de custo peculiar, uns custos fixos que teñen, dende seguros de responsabilidade civil, diferentes pólizas, o mantemento tamén de aplicacións informáticas e de software para a compra de billetes e tamén para as propias reservas hoteleiras, os propios gastos de establecementos fixos, hipotecas, alugueiros, tamén nos picos das ondas as cancelacións e as necesarias nalgún caso repatriacións.

Por tanto, toda esta estrutura de custo non estivo acompañada —como digo— nalgúns meses con ningún tipo de ingresos, e por tanto nalgún momento algunha situación nalgúns meses incluso dramática.

Neste grupo parlamentario sabemos que a Xunta de Galicia estivo dende o primeiro momento do lado deste sector, do lado das axencias de viaxes, non unicamente a través das liñas de apoio xerais, como foron os plans de rescate, dos que temos que lembrar que a metade de todo o financiamento deste plan de rescate chegou ao sector turístico, e por suposto tamén a estas axencias de viaxes, senón que se activaron tamén liñas de apoio máis concretas, programas específicos para todo este sector.

Pasado ano e medio da pandemia, e rematada tamén esta tempada de verán, a este grupo parlamentario gustaríalle coñecer cal é o balance que a Xunta de Galicia fai dos diferentes apoios que dende o primeiro día, dende o inicio da crise sanitaria, a Xunta de Galicia activou coas axencias de viaxes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vereia.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Pois señor Vereia, efectivamente, houbo moitos damnificados por mor das circunstancias da pandemia, das restricións, das cousas que houbo que deixar de facer drasticamente en moitos



aspectos da vida, e polo tanto todo o que afecta á mobilidade e polo tanto á base do traballo das axencias de viaxes resultou moi directamente afectado. E é certo que moitas veces falamos, e con razón, do efecto na hostalaría, o efecto e o impacto turístico que máis se ve polo número, polo tipo de traballo máis aberto ao público, pero é certo tamén que hai un sector moi importante en Galicia con grandes firmas ademais, hai moito autónomo cunha gran profesionalidade, pero tamén hai empresas moi grandes, maioristas, que se encargan de traer moitísimos turistas a Galicia cada ano, e non só a Galicia, tamén ao conxunto de España, e de facer paquetes que cada vez fidelizan máis esas persoas que veñen e lle dan máis valor engadido.

Polo tanto, empezárono a pasar moi mal e pediron, como é lóxico, axuda dende o principio a todas as administracións e tamén á Xunta de Galicia, sobre todo cando a mobilidade internacional empezou a ser unha absoluta utopía, cando as viaxes en grupos eran implantables, como vostede dicía viñan as cancelacións de última hora, os peches de establecementos hoteleiros que tiñan reservas concertadas. Ben, todo iso, como é lóxico supoñer, afectounas moi directamente, e polo tanto traballamos dende o primeiro momento para axudalas, por facer un pequeno recordatorio, e as axudas máis importantes e máis diferenciadas, porque é certo que tamén despois entraron noutra serie de paquetes globais.

Coas dúas asociacións maioritarias no sector, Atrega e Agavi, aquí en Galicia, fixemos un primeiro paquete de axudas de 500.000 euros ao principio de todo case, para intentar reorientar os paquetes turísticos que xa estaban contratados, que se estaban cancelando e polo tanto para intentar non perder ou polo menos non perder na súa totalidade esas reservas que estaban feitas, orientándoas cara a outro tipo de destinos ou a outro tipo de turismo que aínda se podía facer cando a mobilidade se estaba restrinxindo.

Despois entraron os plans de rescate, os dous plans de rescate da Xunta de Galicia, e probablemente sexa máis pero identificadas sen ningunha dúbida como axencias de viaxes beneficiarias destes plans de rescate de axudas directas, 743 axudas, 2,4 millóns de euros, que foron directamente a axencias de viaxes solicitadas como tal axencia de viaxe. Despois houbo outras solicitudes onde tamén entraban e serían a maiores destas 743.

Tamén axudamos os guías turísticos, moi directamente conectados no seu traballo coas axencias de viaxes, 520.000 euros, e despois xa empezamos cun plan específico para elas, 2,4 millóns de euros, como vostede dicía, para pagar as pólizas de responsabilidade civil, 1,2 millóns de euros para axudarlles a pagar cando non tiñan ningún ingreso o alugueiro de locais, as cotas de hipoteca, 1,2 millóns de euros, 130 axudas.

E, a maiores, todo o que ten que ver co bono turístico, que se tramita en moitos casos a través das asociacións de viaxes no caso dos paquetes, o Plan «Elixé Galicia», dirixido especificamente a axencias de viaxes, e todas as vantaxes que tiveron grazas ao seguro covid.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Verea.



O señor Verea Fraiz: Grazas, presidente.

Dende o grupo parlamentario parabenizar o Goberno galego polo acompañamento ás axencias de viaxes ao longo desta dura travesía dende que se iniciou a crise sanitaria. A mellor das novas sen dúbida son os datos de afluencia turística, que están reflectindo que as nosas industrias turísticas están sendo capaces de reinventarse con esas tres liñas de traballo que mencionabamos antes, de calidade, de seguridade, de sustentabilidade; a sustentabilidade non entendida como unha palabra oca, senón como ter ese obxectivo de que a riqueza que se xera quede no contorno local, e que ademais aproveitemos os recursos pero deixando nas mellores condicións para as xeracións futuras.

Por tanto, dende este grupo parlamentario, insistir nesa parabenización, e en todo caso preguntarlle se outras administracións acompañaron do mesmo xeito este subsector, este sector das axencias de viaxes e turoperadores, e tamén se podía facer un pequeno balance dos datos de afluencia turística na tempada de verán.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor Presidente: Grazas, señor Verea.

Peche da pregunta, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

O señor Vicepresidente Primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela): Pois axudas directas e específicas como tivo a Xunta de Galicia dirixidas ás axencias de viaxes, non; polo menos, non que lle consten á Xunta de Galicia. Non quere dicir que si entraran noutras administracións. Algunhas xa o fixeron e outras non fixeron nada directamente dirixido ao turismo. Polo tanto, algunha deputación que hai por aí. Polo tanto, ás axencias de viaxe tampouco lles tocou absolutamente nada.

E é certo que se beneficiaron dos ERTE. O presidente da Xunta de Galicia coa ministra de Traballo, cando tivo a entrevista hai dúas semanas, trasladoulle especificamente unha solicitude destes profesionais para que se prolonguen os ERTE —aos que os necesiten— ata o mes de marzo do ano que vén, que é cando empezaría xa —esperemos que dun xeito absolutamente normal— o comezo da temporada alta turística a partir da Semana Santa. Aínda non tivemos resposta específica. Agardemos que vaia ser así e que estes profesionais poidan, se o necesitan, prorrogar os ERTE ata esa data. Iso sería unha boa nova por parte do Goberno central. E, dende logo, a Xunta de Galicia pediuno, argumentouno e esperamos que sexa así.

Mentres, nós imos seguir axudando, iso está claro, creo que hai poucas dúbidas. Fomos a única comunidade autónoma que mellorou os datos de agosto respecto do ano 2019, ano sen pandemia e ano moi bo para o turismo galego. Melloramos eses datos. Aumentamos un 20 % a media de mellora a nivel nacional respecto do ano 2020, aumentamos un 75 % as cotas de ocupación Q en Galicia no ano 2020, que xa fora mellor que no conxunto do Estado, neste ano 2021.

Iso débese a moitos factores. Esa palabra empézase a repetir cada vez máis fóra. Galicia está de moda e estivo de moda no verán —que queremos que o siga estando—. Iso debeuse a



moitísimas cousas pero, sen ningunha dúbida, ao traballo das axencias de viaxes, por moita campaña de publicidade directa que se faga, por moito esforzo que se faga dende as administracións —dende logo, a Xunta de Galicia sinceramente creo que o fixemos—.

E todos eses froitos débense tamén a que magníficos profesionais se encargan de trasladar todo iso e de trasladar esa sensación de seguridade, esa sensación de tranquilidade de poder viaxar a Galicia, de elixirnos como destino, sobre todo aqueles que antes elixían outros destinos dentro da Península e nas illas, e están vindo a Galicia. E niso as axencias de viaxe teñen moito que ver, á parte do traballo que fan para que os galegos viaxemos ao exterior. Polo tanto, imos seguir axudándoos.

Hai agora un paquete de axudas moito mellor que o anterior, porque afortunadamente xa non é tan necesario, pero segue sendo necesario contribuír a pagar os gastos de alugueiro, as cotas de hipotecas... Imos seguir facéndoo e hai unha axuda publicada hai moi pouco tempo —a semana pasada— de 6 millóns de euros para algo fundamental. O novo turismo vai demandar moito máis aplicacións informáticas, vai haber moita máis competición e competitividade entre as axencias de viaxe para reservas *on line*, promoción *on line*..., todo o que favoreza este novo tipo de turismo, que vexa directamente os valores de viaxar con seguridade. Todo isto nas redes, e está claro que xa se está facendo agora e vaise facer moito máis. E necesitamos un investimento importante aí, 6 millóns de euros que poñemos á disposición e que cremos que vai supoñer o despegue definitivo outra vez...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela): ...dunhas empresas que o pasaron francamente mal.

Moitas grazas.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a procura por parte da Xunta de Galicia dunha nova localización para a empresa Ence

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Espere, presidente, que ía esperar a que se sentara o conselleiro.

¿Ponme o tempo de novo, por favor?

O señor PRESIDENTE: Si, si. Empece cando queira.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, dende o mes de xuño deste ano, en que se publicou a Sentenza da Audiencia Nacional que resolvía un recurso de Greenpeace e do Concello de Pontevedra contra



a concesión da prórroga de sesenta anos á empresa Ence, a actitude do Goberno da Xunta foi de continuos bandazos. No canto de ter asumido o papel que como Goberno galego lles corresponde, dedicáronse a propor solucións peregrinas, que teñen moito máis de populistas que de realidade.

Vostede, como conselleiro competente no desenvolvemento industrial en Galicia, o día 11 de xuño —día despois de coñecer o fallo— falaba de reclamar un requirimento técnico a Ence para o traslado e pedía axuda ao Estado a través dos fondos Next Generation. Un día despois, o 20 de xuño, dicía: «Seremos proactivos e pedimos ao Goberno que se implique», e puña énfase na necesidade de diálogo para acadar unha solución afirmando: «Nós non contemplabamos ningún outro escenario que non fora Ence en Lourizán, pero, dado o contexto actual, hai que acadar unha solución que pase por garantir a actividade industrial e o emprego actual». Non sabemos, señor conselleiro, que lle aconteceu nas vacacións, se tivo unha chamada de Madrid ou dalgún alto cargo da empresa, porque a súa postura mudou, ata o punto de defender o indefendible e soste posturas de dubidosa legalidade.

O día 2 de setembro, á volta das vacacións, defendía vostede a permanencia en Lourizán como única alternativa, por riba de todo, incluso da lei, e pedíalle ao Goberno que non executara a sentenza. Señor conselleiro, ¡pedíalle ao Estado que incorrese nun delito de desobediencia! E o seu compañeiro, o vicepresidente Rueda —¡que pena que xa non está!, nesa liña, a ver quen ten a maior das ocorrencias—, pedíalle ao Goberno do Estado que modificara a lei para asegurar a viabilidade da empresa en Lourizán; é dicir, ¡pedíalle ao Goberno que prevaricara! (*Aplausos.*)

Non pasou un mes disto e agora teñen outra solución peregrina: prométenlles aos traballadores e traballadoras outra solución a sabendas da imposibilidade xurídica da mesma, cun comportamento totalmente doloso; unha solución como é a de integrar a pasteira nos terreos da Autoridade Portuaria de Marín, creando falsas expectativas nuns traballadores e traballadoras que teñen en xogo os postos de traballo. Mentres, falan tamén doutra pasteira para acabar o ciclo na Coruña e complementar a de Lourizán e incrementar os postos de traballo; unha fantasía.

Pero baixen á realidade. A realidade é que estamos a falar de algo moi serio e a actitude da Xunta está a ser un despropósito. Non poden seguir enganando e secundando a empresa, teñen que exixirlle un comportamento moralmente desexable, como é garantir nos termos legais os traballos dos seus traballadores e traballadoras, que levan sendo leais todo este tempo durante todos estes anos.

Señor Conde, non siga enganando, deixe de dar bandazos. O pan de moitas familias depende dos éxitos da súa xestión, colla o touro polos cornos e atope unha alternativa real á permanencia de Ence no noso territorio. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Castro.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.



O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Castro, agradézolle que recoñeza neste parlamento que os únicos que estamos buscando unha solución para os traballadores de Lourizán somos nós, efectivamente, a Xunta de Galicia e o Grupo Popular, e que, lamentablemente, o Partido Socialista, o Bloque Nacionalista Galego e o Goberno de Pedro Sánchez nin están nin se lles espera.

E lamentablemente estamos falando de cinco mil familias que están pasando nestes momentos pola incerteza de que pode pasar co seu futuro e que pode pasar co futuro da fábrica de Ence. Por iso eu pediríalle un pouco de mesura nas súas expresións e sobre todo que traslade o máximo respecto, e suxeriríalle tamén o apoio aos propios traballadores, traballadores que merecen, en primeiro lugar, a verdade.

E a verdade, señora Castro, é que as cinco mil familias que dependen de Ence, de Lourizán, están nesta situación porque tanto o Partido Socialista de Galicia como o Bloque Nacionalista Galego decidiron pechar Ence. Iso decidírono vostedes por unha decisión política, e, polo tanto, estamos nesta situación precisamente porque vostedes adoptaron esta postura, allanándose na propia demanda sobre a situación da pasteira, cando non había un problema, había unha solución. Ence tiña unha solución e vostedes xeraron o problema. Polo tanto, creo que merecemos os traballadores e a Xunta de Galicia un respecto, que lamentablemente o Partido Socialista de Galicia non está a trasladar.

Nós, efectivamente, estamos buscando solucións para que Ence permaneza en Lourizán, porque entendemos que ese é o posicionamento que nestes momentos os propios traballadores están intentando, e querémolo facer dende a legalidade. E, polo tanto, nós non plan- texaremos ningunha proposta que non estea no marco da legalidade.

O comité de empresa trasladounos, efectivamente, unha posibilidade de que se poida contemplar o feito de que os terreos non só de Ence senón terreos anexos poidan formar parte dos terreos da Autoridade Portuaria. E nós o que imos facer, señora Castro, é trasladarlle esta consulta ao Consello Consultivo para ver a súa legalidade e, polo tanto, ver se aí atopamos unha solución. Traballaremos nesa solución e, se non é esa a solución, seguiremos trasladándoa en calquera outra que permita que os traballadores poidan manter os seus postos de traballo. Lamentablemente, a vostedes o único que lles preocupa é pechar Ence, e sentímolos enormemente.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica ten a palabra a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Señor Conde, non enreden máis con informes legais, non perdan máis tempo. A posibilidade de integrar a pasteira na Autoridade Portuaria de Marín xa saben que non é viable, foi for-



mulada no ano 2015 e rexeitada polo Ministerio de Fomento por ir en contra da Lei de réxime económico e prestación de servizos nos portos de interese xeral. Cinco informes técnicos avalaban isto; un, do catedrático Francisco Javier Jiménez de Cisneros, un referente en Dereito Administrativo, catedrático da Autónoma de Madrid, que afirmaba —e vou ler literalmente—: «*Sería una artificial inclusión y chocaría con enorme violencia conceptual y frontalmente con el mandato general de la ley, en el sentido de que solo podrán llevarse a cabo dentro de la zona de servicios de los puertos actividades, instalaciones y construcciones acordes con los usos portuarios y de señalización marítima*». Así que non sigan dando falsas expectativas aos traballadores.

O informe que presentou a empresa de imposibilidade de traslado en Lourizán é un informe de parte, que nin sequera valeu para desvirtuar a decisión xudicial.

Polo tanto, ¿que levan facendo real ata agora para garantir os postos dos traballadores de Ence? Eu non son enxeñeira pero non podo crer, por sentido común, que non se poida trasladar esa empresa. ¿Por que non lle encargan á universidade pública de prestixio que temos en Galicia e aos profesionais recoñecidos un informe obxectivo e un informe viable que busque outra localización no noso territorio para garantir os postos de traballo? Non se poñan do lado da empresa, póñanse do lado dos traballadores. A empresa está actuando de forma intransixente e inaceptable e desleal con todos estes traballadores e traballadoras, que o levan dando todo, para conseguir os beneficios, como os 12 millóns de euros deste último trimestre, durante todos estes anos.

Polo tanto, vostede ten competencia plena en materia de industria, en desenvolvemento industrial. Leva dende o ano 2012 como conselleiro, non pode dicir que o de Ence, o de Ferrovial, o de Barreras ou o de Vestas e unha longa lista máis non vai con vostede, ¡póñase a traballar! Dicían na miña casa: non hai atallo sen traballo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Castro.

Para réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Castro, queda constancia neste parlamento de que, efectivamente, o Partido Socialista de Galicia evita apoiar a solución xurídica que propoñen os traballadores para manter a fábrica en Lourizán. ¡Alá vostedes! Nós, dende logo, dende a Xunta de Galicia témolo claro, e nós imos seguir estando ao lado dos traballadores, porque iso é o que nos están pedindo. *(Aplausos.)*

Mire, señora Castro, nin os traballadores de Ence nin a Xunta de Galicia sabemos onde está o liderado do Goberno do que vostede tanto presume. Seguramente ese liderado vostede non o poderá atopar na vicepresidenta terceira e ministra para a Transición Ecolóxica, que non se senta na mesa de diálogo. Seguramente tampouco poderá atopar ese liderado no feito de que a vicepresidenta segunda e ministra de Traballo —galega, por certo— lles diga aos traballadores que o peche da fábrica non é da súa competencia, como se o emprego —polo



menos o emprego en Galicia— non é da súa competencia. Acaso tamén o feito de que os vogais do goberno na Autoridade Portuaria de Marín tamén votaran que non a comparecer na defensa da prórroga da concesión. Ou acaso o liderado do Goberno seguramente siga como está mentindo a xente, como nos ten acostumados lamentablemente no caso de Ence, no caso de Alcoa, no caso tamén da situación de Vestas.

E creo sinceramente que se o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego están seguros —polo que vostede traslada— de que hai unha ubicación alternativa, seguramente vostede podería trasladala. Nós, dende logo, non temos ese dato. O que si temos é a seguridade de que nós imos seguir traballando para dar unha solución á ubicación de Ence en Lourizán. Ese é o noso obxectivo, farémolo dende a legalidade. E seguiremos traballando, en contra da posición do Partido Socialista, en contra da posición do Bloque Nacionalista Galego e en contra da posición do Goberno de España. Pero nós imos buscar razóns, argumentos e cuestións de legalidade que xustifiquen que efectivamente se poden manter eses empregos.

Pediríalle simplemente, señora Castro, que o Partido Socialista de Galicia deixe de ser o portavoz do Goberno que está pechando empresas en Galicia e por unha vez empecen a defender os intereses dos traballadores galegos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Patricia Otero Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o peche da factoría de Vestas en Chavín, no concello de Viveiro

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO ROGRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días de novo, señorías.

Benvido, señor Conde.

En primeiro lugar, quero amosar todo o apoio do Grupo Parlamentario Socialista para con esas 115 traballadoras e traballadores de Vestas que hoxe se encontran con ese anuncio de peche e con ese ERE que xa está en funcionamento. Polo tanto, todo o apoio deste Grupo Parlamentario Socialista. E non pode tampouco... *(Aplausos.)* ...caber a menor dúbida de todo o compromiso do equipo de goberno de Viveiro e, nomeadamente, da súa alcaldesa, María Loureiro, para con estes traballadores, e así o ten demostrado con diversos feitos que todos temos na nosa retina.

O pasado 20 de setembro recibiamos un novo mazazo para o futuro da nosa comarca, para a comarca da Mariña lucense. Este mazazo foi o anuncio do peche da factoría de Vestas en Chavín, que di que vai pechar as súas instalacións antes de que remate o ano 2021.



A decisión que a dirección da empresa multinacional do sector de aeroxeradores xustifica por razóns de demanda e pon en risco 115 empregos directos representaría, como dixeran, un duro golpe económico para a nosa comarca, para a comarca da Mariña, afectada por distintos peches empresariais e o intento de deslocalización doutra multinacional da produción do aluminio.

Miren, a mala fe amosada por parte de Vestas cos seus traballadores é total. De súpeto estes traballadores atopáronse cunha carta que lles entregaba a dirección da empresa para iniciar ese período de consultas, no mesmo momento ou incluso despois de que a propia multinacional anunciara este anuncio de peche na prensa. Anteriormente a dirección da empresa nada lles comunicara sobre os problemas ou sobre a decisión de peche.

Esa mala fe tamén se demostrou o outro día cando nesa reunión para iniciar o período de consultas do ERE á dirección da empresa Vestas non lle valía ningunha solución e o único que pretendía era poñer en funcionamento o reloxo para que pasara ese tempo.

Polo tanto, xa que a Xunta de Galicia non foi quen de paralizar ese expediente de regulación de emprego, algo que o señor Conde lle pedía ao Goberno central no caso de Alcoa, é o momento de que lle poñan deberes dende logo á empresa. Porque vostede, coma min, sabe que teñen potestade para poder facerlle máis complicado a esta empresa levar a cabo este expediente de regulación de emprego.

Pero dende logo o que é imprescindible a día de hoxe é que convoque xa, porque é a súa competencia, esa mesa industrial para buscar unha alternativa a este mantemento dos postos de traballo.

Polo tanto, ¿que vai facer a Xunta de Galicia?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero. Moitas grazas, rematou o seu tempo.

(Aplausos.)

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Otero, efectivamente a Xunta de Galicia recibiu, igual que os traballadores, a noticia da presentación deste expediente de regulación de emprego, e, polo tanto, como pode imaxinar, dende o primeiro momento a nosa preocupación e a nosa ocupación é identificar como podemos abordar esta situación para poder atopar unha solución. Por iso este luns reunímonos co comité de empresa de Vestas e trasladámoslle que contan dende logo co apoio desta administración na busca desta solución. Como pode imaxinar, nós non podemos estar máis en contra do que está a ocorrer e, dende logo, faremos todo o que sexa posible.



Eu o que si lle quero trasladar é que temos que estar todos e que a situación que ten Vestas non é unha situación puntual, ten unha razón de ser. Como pode imaxinar, Vestas é unha empresa que está dedicada ao sector eólico, e, polo tanto, todo o que ocorre ao redor do sector eólico ten dalgunha forma unha incidencia directa na decisión que adoptou Vestas.

E sabe perfectamente que a política enerxética que se está adoptando nestes momentos en España vai precisamente en contra da industria en Galicia e que está xerando un desmantelamento industrial en Galicia. Decidiron cerrar as térmicas, como ben sabe, e levaron por diante os empregos de Endesa e de Meirama. Non lle están poñendo freo ao incremento do prezo da luz e están poñendo en risco o futuro de toda a industria, como é Alcoa e Alu Ibérica, están botando da ría Ence, e agora, tras anos, señorías, sen apostar por un desenvolvemento eólico ordenado, parece que o Partido Socialista se sorprende de que Vestas se una ás Somozas e que deixe de fabricar aeroxeradores en Galicia.

Por se fora pouco, o Partido Socialista de Galicia tampouco está apoiando o desenvolvemento do sector eólico. Xa me explicará como imos manter fábricas vinculadas ao sector eólico se temos un Partido Socialista e un Bloque Nacionalista Galego que están en contra do propio desenvolvemento eólico en Galicia e que levan pedindo reiteradamente nesta cámara e nos concellos a paralización do sector eólico.

Polo tanto, señora Otero, un pouco de realismo. Trallemos xuntos en defensa dos traballadores de Vestas. Pero iso significa que o Partido Socialista debe de deixar de apoiar a política enerxética que é a que nos está levando a unha situación de inviabilidade da industria do sector eólico en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para réplica ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Mire, nós dende o PSdeG non estamos en contra do desenvolvemento do sector eólico, estamos en contra da forma na que a Xunta de Galicia leva a cabo este desenvolvemento. E para mostra un botón: o que dicía hoxe o señor Feijóo pola mañá, que se gababa de cero molinillos, non cero molinillos no ano 2020. Polo tanto, esa puntualización.

Mire, señor Conde, vostede mesmo o outro día cos representantes legais dos traballadores comprometeuse a convocar esa mesa da industria para Vestas, porque comprometeuse vostede, porque é vostede quen ten as competencias. Porque o ERE está plantexado aquí na nosa comunidade autónoma; porque a fábrica radica aquí, na nosa comunidade autónoma; e porque as competencias son da Xunta de Galicia, e vostede nomeadamente —ben, o Goberno galego— ten as competencias exclusivas en materia industrial. Polo tanto, deixe de botar balóns fóra, céntrese e non estea todo o tempo intentando buscar inimigos.



É fundamental ir coordinados, é fundamental ir da man, pero, dende logo, tamén hai que focalizar e dicir que as competencias son exclusivas da Xunta de Galicia.

Polo tanto, vostede, que se comprometeu cos traballadores o outro día a convocar esa mesa para a industria, para a industria de Vestas, para buscar alternativas para este mantemento dos postos de traballo, ¿por que non a convoca? ¿Non ten competencias para convocala? Convóquea xa. Dende este grupo parlamentario pedímoslle que cumpra a promesa que lles fixo o outro día aos traballadores de Vestas.

Dende logo, despois a competencia é da Xunta de Galicia neste caso. Polo tanto, deixen de botar balóns fóra.

Pero tampouco escondemos dende este grupo que é necesario tamén a colaboración doutras administracións e, nomeadamente, do Goberno central. Polo tanto, é o momento de poñerse a traballar e de mirar tamén o futuro de cara a ese plan de reindustrialización tan necesario na nosa comarca.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Otero.

Réplica do Goberno. Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Otero, non confunda a xente. A situación de Vestas non é un tema de competencias, *(Murmurios.)* é un tema sinxelamente de vontade política, de vontade política, e, polo tanto, de cal é a política enerxética que queremos desenvolver neste país. E se queremos desenvolver unha política enerxética vinculada ao desenvolvemento eólico, necesariamente esa política enerxética ten que apoiar a industria, e, lamentablemente, isto non está ocorrendo neste país. *(Aplausos.)* Iso é o que está pasando.

Polo tanto, creo que debería deixar ese slogan das competencias en materia de política industrial e volver á realidade, porque a realidade é o único que vai poder manter o emprego na industria eólica no noso país. E debería saber que este goberno o primeiro que fixo para convocar a primeira reunión cos traballadores foi convocar o Goberno de España. Ausente, señora Otero, ausente. ¿Parécelle razoable? ¿Parécelle razoable que cando estamos falando de 115 empregos vinculados co sector eólico e necesariamente coa política enerxética o Goberno estea ausente? A este goberno, non.

Nós dende logo non imos deixar os traballadores, pero creo que hai que dicir a verdade. E a verdade, señora Otero, é que se non hai un cambio de actitude por parte do Goberno de España en relación co sector eólico, non será posible manter empregos e industrias eólicas en Galicia. Esa é a realidade. Polo tanto, o Goberno de España terase que posicionar. E espere-



mos que se posicione ao lado dos traballadores de Vestas e que, polo tanto, dende a súa política enerxética mande mensaxes claras de se realmente vai apoiar o desenvolvemento eólico en Galicia ou non o vai apoiar.

Doulle un dato para falar da colaboración do Goberno no desenvolvemento do sector eólico. Gustaríame saber en que non están de acordo, porque vostedes están en contra do desenvolvemento eólico deste goberno. O que lle podo dicir é que nestes momentos nós xa temos informados 47 proxectos que están tramitándose dende o ministerio do Goberno de España e, lamentablemente, con eses informes negativos o ministerio segue tramitando. ¿Quéreme explicar por que? ¿E quéreme explicar por que o Goberno de España non se coordina coa Xunta de Galicia no desenvolvemento do sector eólico?

Lamentablemente esta política enerxética, señora Otero, está levando ao peche das industrias eólicas en Galicia e en España. E iso é unha realidade que lamentablemente está no currículo do Partido Socialista de Galicia, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e D. Xosé Luís Bará Torres, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto das verteduras contaminantes que se producen no regato de Piñor, que verte as súas augas no río Furelos, en Melide

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, presidente.

No chamado regato de Piñor, que verte as súas augas no río Furelos, a escasa distancia do polígono industrial da Madanela, en terreo da Rede Natura, en monte veciñal, o 10 de xullo detectáronse verteduras de augas residuais procedentes a todas luces do amentado polígono. Obsérvase unha derivación das augas deste regato por medio dunha canle duns 60 centímetros de ancho, feita na parte alta dunha extensión de preto de 2 hectáreas e que á súa vez ten varios regos perpendiculares destinados a repartir as augas contaminadas por toda esa superficie. Arremeda un sistema de regadío ben calculado e executado.

Esta superficie vese inzada de pozas naturais xa existentes, cunha considerable poboación de parrulos silvestres que alí crían e cunha roza mecánica de hai pouco tempo. As augas, logo deste percorrido infecto, regresan pola zona baixa destas 2 hectáreas aproximadas ao regato de procedencia e parte delas polo medio e medio dun camiño público.

Unha vez máis vémonos na obriga de denunciar politicamente esta situación. O deficiente saneamento das augas residuais e verteduras de orixe industrial do polígono da Madanela é asunto vello, pousado nos anos e na inactividade das institucións responsables de velar polo cumprimento da lei.



Ata o de agora as verteduras ían directamente ao río Furelos a través deste regato de Piñor ou de Reboredo. Agora, rizando o rizo, van ao Furelos logo de desviacións inexplicables para regresar igualmente ao maltreito río amentado, logo dun paseo purificador por espazo de Rede Natura.

Desde o BNG vimos preguntarlle polos feitos relatados, polas actuacións feitas e polo que pensan facer. As xentes de Melide e da comarca estamos cansos da indolencia do Goberno neste tema, da súa apatía, dos seus *birindos* ao vento, e o regato de Piñor, o Furelos e o Ulla están fartos e calquera día hánnolo facer notar.

O decaemento da flora e da fauna fluvial son o primeiro síntoma, logo tócanos a nós, e agora fálenos de biodiversidade, de pacto verde, de equilibrio medioambiental, da óptima saúde das nosas augas. Por certo, ¿foi alguén por alí? ¿Viron este anaco de Rede Natura cheo de escombro? Este. (*O señor Rivas Cruz mostra unha fotografía.*) Esta é unha foto de xullo, pero a 7 de setembro está igual. ¿Ou viron isto, (*O señor Rivas Cruz mostra unha fotografía.*) que é unha parte desa canle da que lles falo? ¿Viron os cordellos das alpacas e demais refugallos?, na liña das políticas medioambientais do Partido Popular de facer de cada espazo apartado un vertedoiro.

¿Que posición e que medidas pensan tomar desde o Goberno galego...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: ...diante destes feitos? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE: (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señoría, desculpe, vén vostede traer un asunto de saneamento e verteduras das redes municipais e, polo tanto —volvo repetir—, está preguntando vostede por responsabilidades e competencias municipais. Parece que non cala cando falo de que as redes municipais son de competencia dos propios concellos. Aí está a Lei de bases de réxime local. Volvo repetir: en exclusiva, artigo 25, redes municipais, competencia dos concellos. Artigo 27 da Lei de augas de Galicia: os concellos teñen as competencias para comprobar e velar por esas verteduras que pinchan na rede municipal.

Polo tanto, estamos a falar de responsabilidade municipal cando falamos de saneamento e abastecemento e depuración. E eu quero deixalo claro para que non haxa nin erros nin malas interpretacións, porque o certo é que debería vostede saber que as verteduras, cando se producen, moitísimas delas, como é o caso, son canalizadas por unha rede municipal, redes que moitas veces teñen deficiencias. O lóxico sería que lle preguntara ao Concello de Melide, non á Xunta de Galicia, porque é o Concello de Melide quen debe controlar as verteduras á rede



municipal. En Augas de Galicia controlamos e sancionamos polas verteduras ao medio e as verteduras á rede municipal son competencias municipais.

Dende Augas de Galicia, pois axuda inxente. Levamos a depuradora de Melide. Non sei se o sabe vostede. Ten o privilexio Melide de que a Xunta de Galicia apoie non economicamente concellos, senón tecnicamente e administrativamente levando a depuradora municipal. E, polo tanto, unha axuda titánica ao concello. E, a pesar desa axuda titánica, o concello non é capaz de facer o proxecto para eliminar esa vertedura, para arranxar esa rede e conducir a vertedura a depuración, e, polo tanto, que cumpra normativa.

Dende logo, Augas de Galicia pois fixo tamén o proxecto a pesar de ser competencia municipal. O concello vai algo lento, diría bastante lento, porque o certo é que o proxecto está redactado, xa se remitiu ao concello, xa o ano pasado, un proxecto, unha estación de bombeo e canalizacións para a depuración desas augas na estación de depuradora que levamos dende a Xunta de Galicia. É certo que o concello non pon os terreos á disposición e non podemos formalizar ese convenio para facer as obras. Unhas obras que xa propuxemos a terzos: un terzo o concello, un terzo a Xunta de Galicia, un terzo a deputación onde cogobernan. Entendo que xa está falado e xa estarán conformes en cofinanciar estas obras para axudar os concellos nestas competencias complexas, complicadas, custosas, que son o saneamento, a depuración e o abastecemento. É un claro exemplo das deficiencias e das complicacións.

Por iso, señorías, se está moi preocupado en eliminar verteduras contaminantes, apoien a Lei do ciclo integral da auga, porque é para eliminar verteduras contaminantes, axudar os concellos, que teñen moitas complicacións, e tamén para eliminar verteduras contaminantes.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para réplica ten a palabra o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Señora conselleira, realmente estamos fartos deste pim, pam, pum e a casa sen varrer. Porque vostedes son expertos en sacudir as pulgas, vostedes sacoden todo para fóra, vostedes nunca teñen responsabilidade. E cando a señora conselleira de Medio Ambiente foi durante dous mandatos alcaldesa de Melide, ¿tamén era responsabilidade do concello? ¿Tamén denunciaron o concello?, ¿tamén? Non. *(Aplausos.)* A vostedes o que non os preocupa é o medio ambiente, a vostedes o que non os preocupa é a auga, non, non.

Porque —repito— a situación deste transvase de auga dun regato está igual, aquilo está feito así, non hai responsabilidade. Alí non se actuou, alí personouse todo o mundo, todo o mundo facendo que facía, pero ninguén fixo nada. E isto repítese, e son anos e anos, desde a fundación, desde a ocupación das primeiras ocupacións do polígono da Madanela.

Isto repítese, excepto nun período, período que foi aproveitado para apuñalar e para utilizalo politicamente, excepto no período en que gobernou o BNG, que se preocupou de procurar unha EDAR, cousa que despois entre de aquí e de acolá, ¿non sabe?, como se fan as cousas,



aquí foi... (*Murmurios.*), si, si, vapuleado, si, si. Non se puido demostrar nada, porque era unha práctica habitual da consellería.

Pero vostedes seguen engruñando os ombreiros e aquí non pasa nada. Soamente que nós, os cidadáns deste país, estamos bebendo porquería, porquería cada vez maior, porque as EDAR funcionan como funcionan, e porque vostedes non se preocupan de fiscalizar, non se preocupan de sancionar, e, ademais, rebaixan as sancións.

Eu estiven na ponencia da Lei de pesca fluvial e sei como actúan vostedes; as moi graves pasaron a graves...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas. Rematou o seu tempo.

O señor RIVAS CRUZ: ...e non os preocupa a auga. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para réplica do Goberno ten a palabra a conselleira de Infraestrutura e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Balóns fóra, dende logo que non. Nós axudamos os concellos nas súas competencias, competencias que están aí na Lei de bases de réxime local; debería vostede sabela; e dende logo axuda titánica ao Concello de Melide neste caso, xa asumindo a depuradora; son 8 millóns de euros os que se destinan a depuración nestes anos en que ten o contrato de explotación, e dende logo é unha axuda titánica, e como o concello non é capaz de facer o proxecto —volvo insistirle— fixémoslo en Augas de Galicia, axudando os concellos.

Eu non lle podoo permitir, en absoluto, que diga que non me preocupa a auga. Eu son consciente de que non podemos vivir ninguén nin un só día sen auga. Deberían de reflexionar vostedes porque a Lei do ciclo integral da auga vén axudar os concellos, nunha materia complexísima, que está acreditado, demostrado, e, tal e como fala vostede, entendendo que a apoia.

Porque, claro, dime que está bebendo porquería, funcionan mal as depuradoras; polo tanto, hai que arranxalo. Apoien a lei, que é para axudar os concellos para eliminar verteduras contaminantes. Veñen aquí, politicamente todo moi bonito, pero logo non queren ofrecer solucións reais cando hai un problema real.

Dende logo nós estamos traballando para axudar todos os concellos, todos por igual. Creo que si estamos axudando a Tomiño levando a depuradora cunha axuda inxente e titánica. (*Murmurios.*) Ben, señoría, eu creo que non hai por que rirse cando un concello non atende a súa rede municipal e está enviando exceso de caudal á depuradora que xestiona Augas de Galicia, e é o resto dos galegos os que teñen que pagar as incompetencias e incoherencia do Concello de Tomiño, onde goberna o BNG. (*Aplausos.*) Polo tanto, deberían de remiraloo, deberían de reestudar o que está a pasar nese asunto.



Dende Augas de Galicia viñemos traballando e axudando o Concello de Melide —insisto— coa depuradora. Creo que todos os concellos de Galicia teñen o mesmo dereito para que os axudemos as administracións nestas materias, que son complexas, complicadas e custosas. Eu teño alcaldes de diferentes partidos políticos que saben da necesidade de que os axudemos, non só para facer infraestruturas senón tamén para prestar os servizos, porque a prestación dos servizos é o que afecta a calidade das augas.

Se tanto o preocupa a auga e a calidade da auga —volvo insistir—, lea a lei. A lei é unha adhesión voluntaria para mellorar non soamente infraestruturas senón sobre todo explotalas ben. E unha auditoría en redes, que é básico nesta lei, pode non soamente aforrar custos a día de hoxe, senón todo o custo no futuro e ineficiencias no futuro.

Polo tanto, auditorías de redes, imprescindibles. É unha lei que non nega a realidade, é unha realidade que vostede acaba de confirmar. Polo tanto, eu volvo insistir: apoien a Lei do ciclo integral da auga, porque é para axudar os concellos nesta materia complicadísima, é para eliminar verteduras contaminantes, que parece que o preocupan. Polo tanto, se o preocupan de verdade, apoie o anteproxecto de lei.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar para evitar que a canteira da Casalonga, no concello de Teo, se converta nun vertedoiro de residuos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señor Conde, moi bo día.

Trasládámoslle hoxe aquí a preocupación da veciñanza da Casalonga, da plataforma «Casalonga libre de residuos», á que por certo lle queremos agradecer a súa loita exemplar de catro anos en defensa (*Aplausos.*) da súa parroquia, do seu territorio, contra ese vertedoiro que vostedes lle queren impoñer.

E queremos traerlle preguntas desta plataforma e desta veciñanza. A primeira é: ¿por que unha empresa de residuos chamada Toysal está interesada en restaurar unha canteira abandonada? ¿Non lle parece sospeitoso que unha empresa de residuos teña estas intencións? ¿Por que unha empresa de residuos pretende investir 134.000 euros en restaurar unha canteira? ¿Acaso agora Toysal, sancionada por certo por numerosos delitos ambientais, se converteu nunha ONG ambientalista? ¿Por que a Xunta aprobou un expediente de expropiación de máis dun quilómetro dunha estrada pública para favorecer os intereses desta empresa? ¿Por que a Xunta non protexe, como se lle pediu reiteradamente, unhas pozas, uns humidais que teñen grandes valores ambientais e que deberían formar parte do inventario de humidais? Ben, xa dixeron vostedes que non servían para nada, pero polo menos póñano neste rexistro para protexelos.



E voulle dicir eu por que pasa todo isto, señor conselleiro. Pasa isto porque a empresa e a Xunta levan desde o ano 2017 intentando crear na Casalonga un vertedoiro de residuos, un vertedoiro, non unha explotación mineira, porque esta empresa non se dedica a isto. Esta é unha empresa de residuos que ten un grave problema porque lle pecharon a planta de Somozas, porque tamén lle pecharon o vertedoiro de Miramontes, e necesita un sitio onde levar residuos industriais e residuos de construción e demolición.

E na Casalonga xa o intentaron dúas veces, xa levan dúas tentativas, que lle pararon sobre todo pola mobilización da veciñanza da Casalonga. E agora veñen cun terceiro intento. E o que queren en realidade aí é crear un macrovertedoiro. Por certo, hai unha alarma, hai unha alerta en toda a contorna de Compostela, de norte a sur, desde Miramontes, desde Fecha ata A Casalonga, porque Compostela está ameazada por un auténtico circo-anel de megavertedoiros; neste caso, un megavertedoiro no que queren enterrar máis de dez millóns de toneladas de residuos de construción e demolición e tamén de residuos industriais. Un gran pelotazo, no que se moven moitos millóns de euros; calcúlase que arredor de cincuenta millóns de euros nesta operación, nese auténtico pelotazo que queren perpetrar.

E queremos preguntarlle unha cousa moi clara, señor conselleiro: ¿van permitir a creación dun megavertedoiro de residuos industriais contaminantes na Casalonga? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, unha vez máis o Bloque Nacionalista Galego intentando intoxicar a realidade. Lamento que vostedes, que son especialistas en mesturar todo e despois sacar as conclusións que lles parecen oportunas, falen de millóns de euros e de megaproectos e megavertedoiros. Aquí, señor Bará, imos remitirnos á realidade, porque a xente ten dereito a saber a realidade.

E a realidade é que estamos falando dunha concesión mineira, dedicada a explotación de áridos. Isto é o primeiro: concesión mineira dedicada a explotación de áridos, que está regulada a través da licenza de actividade que ten dende o ano 1978 e á que, polo tanto, lle estamos aplicando a lei.

É curioso que o Bloque Nacionalista Galego pretenda criticar a Xunta de Galicia por aplicar a lei. É máis curioso aínda, señor Bará, que vostedes pretendan criticar a Xunta de Galicia por aplicar unha lei que aprobaron vostedes. Bipartito, ano 2008, Lei da minería de Galicia. É curioso, ¿verdade?, señor Bará, é curioso.

En calquera caso, como sabe perfectamente, o titular da actual concesión está desenvolvendo unha actividade mineira e, na medida en que cumpra todas as condicións técnicas, urbanísticas e ambientais, ten dereito a desenvolver esta actividade, salvo que vostede lle pida a



este goberno que incumpra a lei. E, polo tanto, nós seguiremos traballando e establecendo todos os requirimentos establecidos.

Fala vostede do plan de restauración. Señor Bará, se lle quixera dicir á xente a verdade, tería que transmitir que a Xunta de Galicia desestimou dúas propostas da empresa, porque entendía que ese plan de restauración que estaban presentando non se axustaba á normativa. Efectivamente, nestes momentos témoslle aprobado, o pasado 11 de agosto, a actualización do plan de restauración, porque, efectivamente, introduce todos os requirimentos para cumprir co establecido no Real decreto 975/2009.

Polo tanto, señor Bará, cingase, por favor, á realidade. Non intente enganar a xente. Aquí estamos falando dunha actividade de explotación de áridos. Lamento que vostede siga intentando enganar a xente falando dun vertedoiro. E, por favor, deixe de intoxicar, porque o sector da minaría non o merece.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor vicepresidente.

Para réplica ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señor Conde, fala vostede de intoxicar. Quen intoxica son vostedes, e sábeno ben en Miramontes e en moitas parroquias deste país que sofren eses vertedoiros, esas canteiras convertidas en vertedoiros de lixo industrial, cos ríos contaminados. (*Aplausos.*)

E vostede di que desestimaron dous proxectos. Claro, desestimáronos porque tiveron unha oposición absoluta con mobilizacións, con alegacións, tanto do concello como da plataforma, e do BNG tamén (*Aplausos.*), que se lles puxeron enfronte e non lles quedou outra.

Mire, vostedes o que teñen é varios problemas e varias patacas quentes aquí. A primeira é unha absoluta falta de transparencia, porque teño que recordarlle que nin lle dan a documentación á plataforma nin lla dan ao BNG. Hai dous anos presentamos unha petición polo artigo 9 de ata sete documentos, e estamos agardando por eles. E dígollo claramente —é un aviso—: se non nos mandan ao Parlamento, iremos alí buscalos, consútalos. Xa está ben de que oculten a documentación. (*Aplausos.*)

¿Sabe cal é o problema tamén? Que a súa consellaría está baixo sospeita, señor Conde. Teñen varias investigacións xudiciais enriba por prevaricación ambiental: Varilongo, San Fins... Claro, vostede pode recolocar o anterior director xeral. Ben, por certo, aquí hai tamén implicado un membro desta cámara, un deputado do Partido Popular, que como está aforado non lle tocou aínda a cuestión, pero todo chegará. (*Aplausos.*) E teñan coidado, non vaia ser tamén que caian vostedes agora neste tema, nesta poza, na poza da Casalonga.

O problema é que vostedes son o raposo coidando do galiñeiro e están patrocinando unha grande operación para converter canteiras en todo o rural en grandes vertedoiros. E así é como vostedes tratan o rural: convertelo nun vertedoiro. A xente do rural non quere vivir



nun vertedoiro, quere vivir dignamente e con calidade de vida no rural. Polo tanto, que saiban que non llelo imos permitir, non llelo imos permitir. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Bará.

Para réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, o señor Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): A verdade, señor Bará, é que hoxe lle vou recoñecer a súa capacidade inventiva; seguramente sería un perfecto guionista de Hollywood, pero non estamos en Hollywood, señor Bará, estamos en Galicia, e estamos falando dunha actividade mineira regulada pola lei e que, polo tanto, está sometida á propia normativa.

É curioso que cando o Goberno lle dá a razón ao Bloque Nacionalista Galego resulta que é grazas á mobilización das plataformas, e cando non lle dá a razón, aínda que cumpra a lei, resulta que estamos prevaricando ou estamos intentando favorecer determinadas empresas.

Mire, señor Bará, a Xunta de Galicia actúa conforme a dereito, conforme a dereito, actúa con rigor e actúa con criterio técnico e xurídico. E vostede debería de saber que o plan de restauración desta actividade supón o desenvolvemento dun plan forestal. Nada que ver cun vertedoiro. Se vostedes queren facer unha película, pois fágana, pero o plan de restauración que está aprobado supón un uso forestal deses terreos. ¿Quéreme dicir onde está o problema? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Quéreme dicir onde está? Seguramente, cando vostede me fala da transparencia, pois ¿por que non consulta a páxina web? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Parécelle pouca transparencia que este plan de restauración estea aberto a todo o público para consultalo a través da páxina web? ¿Parécelle pouca transparencia? ¿Parécelle pouca transparencia que, efectivamente, o plan de restauración que ten aprobado o Goberno, que inclúe un uso forestal, poida ser accesible a todos os cidadáns?

Señor Bará, é moi triste ver como o BNG utiliza os empregos do sector da minaría, utiliza os traballos do sector da minaría para facer ideoloxía. É verdadeiramente lamentable. *(Aplausos.)* E xa está ben, señor Bará, xa está ben, porque a xente non se merece que se dediquen a intoxicar. E, sobre todo, a xente non se merece que non lle conten a verdade.

Non estamos falando dun vertedoiro, estamos falando dunha actividade extractiva de áridos, estamos falando dun plan de restauración que contempla un uso forestal. Esa é a realidade. E, dende logo, se a empresa cumpre todo o recollido nese plan de restauración, non haberá ningún tipo de problema. E se non o cumpre, señor Bará, a Administración actuará con total contundencia. O que non pode ser é que vostedes, unha vez máis, estean en contra da industria, do emprego e estean en contra de Galicia, señor Bará, en contra de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns polas que o Servizo Galego de Saúde non aboa os



salarios do persoal de enfermaría conforme os períodos considerados de alta e cotización pola Inspección de Traballo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

Conselleiro, o Grupo Parlamentario Socialista e, nomeadamente, o seu portavoz, o señor Torrado, vén denunciando en sede parlamentaria a precarización que sofren os traballadores e traballadoras do Sergas debido á alta temporalidade na contratación realizada pola Xunta de Galicia, unha terrible eventualidade que lles impide crecer profesionalmente en termos profesionais e de conciliación e que os obriga a estar permanentemente ao lado do teléfono.

O persoal do Sergas acumula centos de contratos por días e horas, contravindo a máis básica normativa laboral. Esta problemática afecta o persoal estatutario do Sergas: enfermeiros, enfermeiras, persoal administrativo, celadores e celadoras, fisioterapeutas, etc.

Neste contexto xa no ano 2015 o sindicato de enfermaría de Ourense Satse rexistraba unha denuncia ante Inspección de Traballo contra a EOXI Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras, motivada en que as contratacións que se realizaban consistían en contratos de luns a venres, para dalos de baixa a fin de semana, sábado e domingo, volver contratar o mesmo traballador esa semana de luns a venres e a seguinte fin de semana dalos de baixa, e así de forma sucesiva.

A raíz desta denuncia, a Inspección de Traballo concluía neste senso: que o Sergas realiza contratacións de persoal vinculadas ao contrato de chamada de forma fraudulenta, que este *modus operandi* supón unha omisión por parte da Administración das cotizacións preceptivas dos días correspondentes ás fins de semana e afirma menoscabar dereitos das traballadoras e traballadores, como o dereito ao descanso semanal, causándolles varios prexuízos, como menor tempo cotizado, máis tempo necesario para xerar trienios, etc.

Ante esta situación a Inspección levanta acta de liquidación sen recargo, porque é unha administración, e obriga a Administración a corrixir esta eiva. Pero isto non queda aquí. Ademais de que o Sergas segue a repetir ano tras ano desde o ano 2015 a mesma práctica fraudulenta, non lles aboa ás traballadoras os salarios correspondentes a estes días, teñen que reclamar ante a Administración, que lles nega este dereito, e acudir aos xulgados do contencioso-administrativo para que lles aboen os salarios.

Esta é a práctica que segue a súa consellaría. E preguntamos por que o Sergas non lles aboa de oficio ás traballadoras e traballadores os períodos que a Inspección de Traballo e Seguridade Social obriga ao Sergas a que lle coticen e consideren de alta para todos os efectos.

Moitas grazas. Na miña primeira intervención, nada máis. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas.

Bo día, presidente.

Señora Rodríguez, en primeiro lugar non é certo que o Sergas manteña unha política irregular en materia de contratación de traballadores e traballadoras. O Sergas xestiona máis de 44.000 empregados e empregadas, que, obviamente, teñen dereito a vacacións, permisos, maternidades e paternidades. E, ademais, o persoal da Administración dispón de polo menos seis días de libre disposición, ampliábelos por antigüidade; estes permisos maioritariamente son desfrutados en días laborables de luns a venres.

Para que se faga unha idea, cada ano xestionamos 723 anos, cada ano —repito—, en días libres. E todas estas urxencias dan lugar a emprego temporal vinculado á causa que os orixina. E, sen dúbida, é certo que na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco por parte da Inspección de Traballo e da Seguridade Social nos últimos anos realizáronse actividades inspectoras que deron lugar a que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social ditara altas e baixas de oficio de traballadores temporais do Servizo Galego de Saúde, relativas a períodos de fin de semana e festivos, que afectan maioritariamente a traballadores das listas de vínculos de curta duración.

Nos primeiros anos, do 2015 ao 2016, o Sergas non recorreu as resolucións da Tesouraría, polo que se declararon firmes, sendo estas resolucións as que dan orixe á pregunta que vos tede formula. No ano 2017 e seguintes producíronse varias novas actuacións inspectoras nas que o Sergas achegou documentación xustificativa que acreditaba que os movementos anteriores e posteriores ás fins de semana e os festivos si correspondían con movementos individualizados con motivos ou casos diferentes en distintos centros de saúde. A Tesouraría ditou novas resolucións formalizando de oficio altas e baixas. Dende o Sergas impugnamos a dita resolución, xa que as contratacións estaban realizadas conforme a dereito, e na vía contencioso-administrativa os pronunciamentos xudiciais entendidos ata agora son e foron favorables ao Servizo Galego de Saúde, ao anular a actuación da Inspección de Traballo da Tesouraría, ratificando que a actuación da Xerencia Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras cumpría coa lexislación. A actuación do Sergas foi ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola Sala do Contencioso-Administrativo, condenando á Tesouraría a anular altas e baixas dadas de oficio.

Así, na Sentenza 146/2021, da Sala Terceira, da que é ponente D. Luís Villares Naveira, consta que non procede en ningún caso manter a dita situación de alta cando estamos ante nomeamentos estatutarios de substitución ou eventuais, cun período de duración determinado, nos que en ningún caso existe obriga de manter ata a alta as fins de semana e os festivos.

Aínda que temos pendente a resolución dun recurso, como ven, unha vez máis o que vostedes nos queran pintar é ben diferente ao que ocorre na realidade. Primeiro, as cousas, por repetilas moitas veces, non se converten en realidade e non hai peor mentira que unha media verdade.



Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Para réplica ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Ben, non está a dicir a verdade, porque o Xulgado do Contencioso-Administrativo di textualmente: iso é así porque o presente non se trata dunha contratación en días sueltos, que es a lo que se está refiriendo usted en su contestación. Di: ... «*o para distintos centros de trabajo, sino de contratos encadenados en los que la única finalidad de la Administración es el ahorrarse el pago de los fines de semana y festivos, escatimando no solo las sumas correspondientes a los trabajadores sino el derecho a un descanso retribuido*». Esto es lo que dice el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ourense. Usted estaba hablando de contratos de días sueltos por una incidencia que no estamos a cuestionar.

Entón, ¿sabe vostede o que se quere aforrar en custos salariais? Case medio millón de euros. Porque, claro, falamos de 1.767 contratos irregulares amentados pola propia Seguridade Social. Falamos de case 200.000 euros en cotizacións á Seguridade Social, concretamente 189.580 euros. E falamos de 4.339 días, que, a unha media de 80 euros, supoñen 350.320 euros que lles deben aos traballadores.

Eu pensaba que vostede ía contestar doutra maneira, porque, ademais, cando o traballador reclama porque non lle pagan eses días, resulta que vostedes non lle contestan a esa reclamación. Despois fan un recurso de alzada e vostedes desestiman esa reclamación, e teñen que acudir aos xulgados contencioso-administrativos, que eles os condenan en custas.

Eu creo que é unha actitude vergoñenta. Igual a vostede non lle dá, eu creo que ao presidente da Xunta de Galicia non lle dá para nada, e, dende logo, teñen que esperar estes traballadores, os que reclaman, dous anos polo menos para cobrar os salarios que están estimando os xulgados, como dicía.

Entón, non confunda o que é un traballo de luns a venres que dan de baixa a fin de semana, volven dar de alta de luns a venres, baixa a fin de semana, e así sucesivamente, cun contrato dun día determinado. É moi distinto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez. Moitas grazas, xa rematou o seu tempo.

(Aplausos.)

Para réplica do Goberno ten a palabra o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Non vou insistir na xustificación porque creo que quedou perfectamente clara na resposta anterior. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



Mire, di vostede que na súa pregunta dende o Servizo Galego de Saúde non demos ningunha xustificación para emitir a alta aos traballadores as fins de semana e os festivos, máis alá dos meses, neses días en que non hai actividade nos centros de saúde.

Nos distintos procedementos xudiciais quedou acreditado —e isto parece que non o quere entender— que os nomeamentos de curta duración realizados teñen unha causa, prazo e motivo concreto, e foron formalizados seguindo estritamente o disposto no Estatuto marco e no Pacto de selección de persoal estatutario temporal do Sergas e conforme a lexislación vixente.

Se o Sergas tivese impugnado as resolucións da Tesouraría da Seguridade Social dos anos 2015 e 2016, posiblemente esta pregunta non se tería producido, dado que, como xa dixen antes, todas as resolucións que se recollen dende o ano 2017 remataron dándolle a razón ao Sergas.

Respecto das solicitudes realizadas polos traballadores nas que reclaman períodos correspondentes a diferentes resolucións da Tesouraría, nos que algunhas delas xa son firmes, outras xa foron anuladas e outras atópanse pendentes de que se dite resolución xudicial, a xerencia de área considerou que o prazo para resolver as ditas resolucións debería quedar suspendido ata que se ditase a correspondente sentenza daquelas pendentes de resolución.

Algúns traballadores recorreron as resolucións de suspensión da xerencia ante o xulgado, que, en lugar de pronunciarse sobre a suspensión, entrou no fondo do asunto, recoñecendo así o dereito de aboamento dos salarios, correspondentes eses salarios aos días que figuran nas resolucións firmes, cuestión obviamente xa recoñecida polo Sergas.

Así, a Xerencia de Ourense procederá agora a pagar os salarios correspondentes ás persoas que contan cunha sentenza favorable, a pesar de ter ditadas resolucións de suspensión. Vaise proceder, polo tanto, ao recoñecemento e aboamento aos traballadores dos días incluídos naquelas resolucións firmes.

Polo tanto, e como dicía, os xulgados teñen recoñecida a correcta actuación do Sergas nesta cuestión, naqueles casos nos que no seu día non se recorreron as actas da Tesouraría, e nestes casos procederemos a pagar o que lle corresponde a cada traballador.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os avances respecto do desenvolvemento das unidades poscovid na sanidade pública

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.



Bo día, señorías. Bo día, señor conselleiro.

Pois xa levamos máis de dezaoto meses dende que sufrimos o comezo da pandemia provocada pola covid, e nas sucesivas ondas que sufrimos houbo situacións moi complicadas. Os picos producidos pola terceira onda tiveron datos moi elevados, tanto no relativo ao número de infectados como á gran presión hospitalaria sufrida nese momento.

A día de hoxe, os datos son moi positivos, cun total de casos activos de 1.096 e cunha baixada espectacular dos ingresados na UCI ou en calquera unidade de hospitalización, datos que non viamos dende o verán do 2020, xusto nas datas posteriores ao confinamento; éxito que lle debemos, nunha gran parte, á excelente campaña de vacinación que se levou a cabo. E aproveito tamén esta ocasión para felicitalo a vostede e a todo o seu equipo á fronte da Consellería de Sanidade, porque Galicia sempre estivo entre as tres primeiras comunidades autónomas en canto a doses administradas. O pasado xoves —dicíao o presidente Feijóo— lideramos a vacinación en España, co 91,5 % da poboación inmunizada con dúas doses, e o 93,5 % con unha.

Pero non debemos esquecer en ningún momento que seguimos inmersos nunha pandemia mundial, e, aínda que a situación está moito máis controlada, son moitas as persoas que teñen pasado a infección polo SARS-CoV-2. Non cabe dúbida de que a experiencia e o coñecemento adquirido nos últimos meses respecto desta enfermidade permitiron mellorar o tratamento que se lles prestou aos pacientes que requirían de hospitalización, pero o certo é que tamén algúns deles, como moitos dos que pasaron o virus nos seus fogares, sofren a día de hoxe os efectos secundarios causados pola covid-19, o que coñecemos hoxe como covid persistente; efectos que van dende a afectación pulmonar a afectacións cardiovasculares, como arritmias, miocardites, ou insuficiencias cardíacas, ou afectacións neurolóxicas, entre as que se atopan dor de cabeza, perda de gusto e olfacto, etc., etc.

Vostede, señor conselleiro, anunciou neste hemiciclo a creación das unidades poscovid para tratar todos eses pacientes que teñen superada a enfermidade pero aínda teñen secuelas como consecuencia da infección. Por iso lle formulamos a seguinte pregunta: ¿cales son os avances respecto do desenvolvemento das unidades poscovid na sanidade pública galega?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Como saben e como vostede dicía, a infección por covid-19 en moitos casos non remata cando os pacientes negativizan ou abandonan a hospitalización. Todos estes meses de pandemia ensináronnos que moitos son os síntomas persistentes e secuelas que acompañan os pacientes meses despois.



A covid-19 é unha enfermidade nova, sendo parte do seu curso clínico aínda descoñecido, e en particular as consecuencias que presenta a medio e longo prazo. Afectación pulmonar, cardiovascular, neurolóxica, alteracións cognitivas e psiquiátricas ou alteracións hematolóxicas son frecuentes e trátase dalgunha das secuelas máis graves que padecen aquelas persoas que sufriron a infección pola covid-19.

Xa no mes de febreiro, efectivamente, nunha comparecencia comprometinme neste pleno a poñer en marcha as unidades poscovid, que permitirían unha abordaxe integral e multidisciplinar das persoas que sufriran a enfermidade, ás que se lles facilitaría unha atención continuada e coordinada entre os especialistas de atención primaria e atención hospitalaria.

Así, no mes de abril do ano 2021, despois dun traballo previo con profesionais de diferentes especialidades, aprobouse o plan funcional para a constitución das unidades multidisciplinares poscovid nas sete áreas sanitarias. O plan elaborouse con gran consenso entre profesionais e nas áreas sanitarias —repito— e tivo unha gran difusión formativa e informativa, para que a súa implantación fose o máis efectiva posible.

Nun primeiro momento realizamos unha formación para os profesionais de atención primaria, xa que serían os médicos de familia os que farían unha primeira valoración sobre a necesidade de que se realizase un seguimento nestas unidades aos seus pacientes. Esa webinar tivo máis de 2.300 visualizacións.

Ademais, unha vez que as unidades estiveron implantadas en todas as áreas, deseñouse unha enquisa que permitise a detección de secuelas naqueles pacientes que padeceran a covid. Foi deseñada por profesionais das especialidades de medicina interna, pneumoloxía e atención primaria, e permitía valorar a situación do paciente de cara a unha derivación á unidade e determinar se os pacientes padecían covid persistente.

A enquisa remitíuselles a todos os pacientes unha vez pasadas as doce semanas dende o seu diagnóstico, xa que a partir dese tempo é cando se pode considerar que poden aparecer ou detectarse certas secuelas. Esta enquisa é anónima e voluntaria.

A enquisa enviouse a un total de 94.322 persoas que padeceron a covid-19 e ao comezo da implantación remitiuse ao ritmo de 2.000 por día. Agora xa se realiza de xeito automático a partir —como dicía— de ter transcorridas as doce semanas dende o diagnóstico.

Este labor foi clave para o traballo que desenvolveron as unidades. Nas enquisas completadas polos pacientes podemos observar que o 83,9 % non estaban sendo valorados nunha consulta, o 10,2 % estaban sendo no ámbito da atención primaria e o 8,8 % no ámbito da atención hospitalaria, e o 5,9 % dos mesmos estivera ingresado no hospital e presentaba secuelas.

É preciso facer un seguimento de todos os datos, xa que a covid acompañaranos, e por iso é imprescindible poder monitorizar cales son as secuelas dos pacientes que padecen a enfermidade e facer tamén o seguimento do seu tratamento.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Rodríguez-Vispo.

A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ: Pois moitas grazas, señor conselleiro, pola información que nos acaba de dar na súa resposta. A verdade é que a creación desas unidades multidisciplinares, esas unidades poscovid, pois está sendo moi valorada polas persoas que aínda que superaron a infección seguen a padecer a sintomatoloxía, e se senten moito máis seguras con ese seguimento, e refírome tanto ás persoas que estiveron ingresadas nos hospitais e agora están dadas de alta como a aquelas persoas que padeceron a enfermidade nos seus domicilios. Ademais, algo moi importante é que se lles facilita unha atención continuada, que valoran moitísimo, porque realmente teñen unha continuidade entre a atención no centro de saúde, na atención polos especialistas de atención primaria, e os especialistas de atención hospitalaria.

Respecto da enquisa que nos acaba vostede de comentar, pois realmente nos parece moi acertado enviála aos pacientes que xa sufriran a enfermidade; a case 95.000 dixo vostede que se enviara. Permite detectar as persoas que poden realmente padecer covid persistente e non o saben, e están sen tratar. Din os expertos que moitas consecuencias da enfermidade aínda son descoñecidas e tamén parte do curso clínico desa enfermidade aínda tampouco se coñece.

Estas enquisas permiten coñecer esas secuelas e permiten tamén evitar situacións de gravidade, porque ás veces evolucionan os síntomas aos que non se lles dá importancia, e un ponse en contacto cun profesional da medicina e está controlado con esa sintomatoloxía. Por tanto, parécenos unha actuación moi importante.

E xa para rematar nesta segunda quenda, gustaríanos coñecer se xa teñen vostedes algúns resultados destas enquisas feitas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Para réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas.

Pois efectivamente as enquisas permitíronnos ver que, entre outros aspectos, o 28,3 % dos pacientes se sente en ocasións triste ou con pouco ánimo dende que tivo a infección e un 3,7 % se sente triste a diario; aquí vemos a importante secuela que é a da saúde mental. Un 19,7 % ten dificultade para respirar subindo costas, un 1,8 % camiñando en chan e un 1,2 % en repouso. Un 17,2 % manifestou ter perda de gusto despois de pasar a covid. Un 14,2 % manifestou ter ocasionalmente dor muscular nas articulacións, na espalda ou nas cervicais que non tiña antes. Un 14,4 % manifesta ter lesións na pel ou perda de cabelo. Un 13,3 % manifesta que padece síntomas incapacitantes para facer mínimos esforzos que antes si podía facer. E un 7,3 % declara ter problemas de memoria ou para concentrarse que non tiña antes.



Como poden ver, as alteracións psicolóxicas, respiratorias, fatiga, dores musculares e de cabeza, alteracións do olfacto e perda de cabelo son as referidas con maior frecuencia.

Os resultados da enquisa viñeron demostrar a necesidade de facerlles un seguimento a todas estas persoas que continúan padecendo as consecuencias da enfermidade, garantíndolles unha atención especializada por parte dun equipo multidisciplinar.

Así, as unidades comezaron a tratar os pacientes derivados e tamén os pacientes que estiveron hospitalizados. Para isto cóntase cunha estrutura formada por un coordinador, e cada unha das unidades conta como mínimo coas especialidades de medicina interna e pneumoloxía, así como unha enfermeira xestora de casos.

Ademais, e tal como xa adiantamos, púxose en marcha o comité clínico poscovid, un por cada área sanitaria, que foi preciso crear para a atención e seguimento dos casos máis complexos ou de difícil manexo. Están constituídos polos membros básicos da unidade e por aqueles profesionais dos distintos niveis asistenciais, sexa atención primaria ou hospitalaria, que sexan necesarios en función de cada caso particular, tanto persoal facultativo como persoal de enfermaría.

Actualmente, 27 facultativos conforman as unidades, sendo a especialidade máis numerosa a de pneumoloxía, con 9 médicos, e a de interna, con 12. Ademais, traballan nelas 21 enfermeiras. Nestes meses, realizáronse 4.690 consultas médicas e 244 consultas de enfermaría, un total de preto de 5.000 consultas, que permiten unha atención máis especializada aos pacientes e nas que se lles realizan todas as probas necesarias para comprobar a súa evolución.

Cónstanos que os pacientes valoran moi positivamente, como vostede dicía, esta atención, que permite facer un seguimento máis pormenorizado. Estas unidades multidisciplinares marcan tamén o camiño a outras como as de mama por exemplo; para o seu funcionamento, como tamén as doutras patoloxías, recentemente publicamos a orde que as regula, atendendo así o mandato tamén deste parlamento.

Cremos que este xeito de atender os pacientes é moito máis eficaz e evita moitos trámites e consultas intermedias, ofrecendo así unha atención de maior calidade, que, como sempre, é o obxectivo da Consellería de Sanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Elena Suárez Sarmiento e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as actuacións asistenciais e infraestruturais levadas a cabo no Hospital do Salnés

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Suárez Sarmiento.



A señora SUÁREZ SARMIENTO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Bo día, conselleiro, e grazas por estar aquí para respostar ás nosas preguntas.

O Grupo Parlamentario Popular trae hoxe esta pregunta ao pleno polo interese que espertan as previsións do Goberno galego no que respecta ás actuacións e á nova mellora de infraestruturas e servizos no Hospital comarcal do Salnés.

Desmantelamento, peche, recortes, loita, conversión do hospital nun ambulatorio, degradación, perda de servizos, perda de especialidades, privatización... Estas son palabras adicadas ao Hospital do Salnés que seguro que lle son familiares á bancada dos grupos da esquerda deste parlamento, porque formaron parte dos centos de pancartas que levan escribindo e aguantando durante anos os representantes dos grupos da oposición, algún mesmo actualmente nesta cámara, e outros que tamén estaban aquí hai un tempo e que hoxe xa non están, nin eles nin as súas siglas. Galicia saberá.

O que está claro, e ademais é constatable, é que a día de hoxe o Hospital comarcal do Salnés non é privado, non é un ambulatorio, non está desmantelado, non ten menos especialidades e si resistiu con fortaleza a presión da pandemia, como o resto da sanidade galega. *(Aplausos.)*

É xusto recoñecer que esta fortaleza se debe fundamentalmente ao compromiso do persoal do centro sanitario, ao que aproveito para agradecer dende aquí a súa incansable implicación. Pero tamén é xusto recoñecer a responsabilidade da boa xestión sanitaria da Xunta durante estes anos do Goberno do PP en Galicia, porque, mentres estes grupos da oposición se adicaban a pintar pancartas e convocar manifestacións, o Goberno galego estaba —¡como debe ser!— adicado a xestionar ampliacións, a comprar material, a mellorar as instalacións e a dotar o Hospital do Salnés dos recursos humanos necesarios para atender da mellor maneira posible a poboación da miña comarca.

Estas xestións deron os seus froitos co investimento de máis de dez millóns de euros nos últimos anos para a ampliación, entre outras especialidades, das de cardioloxía e de pediatría ou o tratamento oncolóxico, así como a mellora das urxencias coa creación dun bloque cirúrxico, ou novos espazos dentro do bloque de obstetricia, ademais do material e o persoal acaído.

Conselleiro, dende o convencemento de que o Sergas estivo, está e estará comprometido coa calidade na atención sanitaria en Vilagarcía e a súa comarca, ao Grupo Parlamentario Popular gustaríanos saber como valora a Xunta de Galicia as actuacións levadas a cabo ata o momento no Hospital comarcal do Salnés.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Suárez.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señora Suárez, volvemos por suposto falar nesta cámara de hospitais comarcais. Eses hospitais —como vostede ben dicía—, segundo a oposición, ían pechar no ano 2011, cando se aprobaron as estruturas da xestión integrada, e aí seguen. Íanse volver pechar no ano 2018, cando fusionamos as áreas sanitarias para facilitar a mobilidade profesional, e aí seguen.

E, efectivamente, o Hospital do Salnés non só non pechou senón que medrou; medrou en superficie con máis de 4.000 metros cadrados novos e coa reforma doutros 1.500 xa existentes; e medrou en carteira de servizos, incorporando no ano 2012 Cardioloxía ou Neuroloxía —como vostede ben apuntaba— ou engadindo Oncoloxía médica no ano 2016, e estendendo a prestación do servizo de hospitalización a domicilio a todo o distrito, cando antes se prestaba só no concello de Vilagarcía. Polo tanto, temos un hospital reforzado e témolo porque a Xunta apostou e investiu recursos nel.

No ano 2017 remataron as obras de ampliación, que supuxeron un investimento de máis de 8,5 millóns de euros e que incluíron ter unha nova área de urxencias —que vostede apuntaba—, que pasou de 18 locais a 39 e separou as áreas asistenciais de urxencias xerais pediátricas e obstétricas. Un bloque cirúrxico con 5 quirófanos e 9 camas de espertar para recuperación poscirúrxica, e unha área obstétrica que multiplicou por cinco a superficie do hospital destinada a atención ao parto, e que ademais grazas ao bo facer do seu persoal —como todo o mundo sabe— ten convertido o Hospital do Salnés nunha referencia en toda Galicia para o parto natural. Tamén incorpora un hospital de día con 10 *boxes* e tamén unha ampliación da área de hospitalización convencional.

Este aumento de infraestrutura completouse co equipamento preciso: cardiotocógrafos, a incubadora para a área obstétrica, respiradores bipap para as urxencias, arco cirúrxico e torre de endoscopia tamén para o bloque cirúrxico; así ata destinar preto de 1 millón de euros máis para este novo equipamento. Por certo, na última licitación de equipos de ecografía para servizos de urxencias este mesmo mes incorporárase tamén un ecógrafo valorado en 42.000 euros para o Servizo de Urxencias do Salnés.

Pero non imos quedar aí. Comprometémonos na comparecencia de orzamentos a continuar coa mellora deste hospital, e nos próximos días publicarase no portal de contratos de Galicia a licitación por 770.000 euros da obra da nova unidade de esterilización do Hospital do Salnés, que duplicará a superficie da actual para adaptala á capacidade do bloque cirúrxico antes referido con eses 5 quirófanos resultante da ampliación. Esta unidade estará na planta -1 do hospital e terá unha conexión directa mediante ascensor coa área cirúrxica, facilitando a fluidez da circulación do material.

En resumo, onte mesmo estiven no Hospital da Mariña comprobando a finalización das obras de envolvente térmica. Nos próximos días recibiremos a obra do Hospital de Monforte, neste caso o hospital de día. E continuaremos con proxectos en todos os hospitais comarcais, porque cremos neles, como se demostra co caso do Hospital do Salnés.



Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para réplica ten a palabra a señora Suárez Sarmiento.

A señora SUÁREZ SARMIENTO: Grazas, presidente.

Grazas, conselleiro. Grazas pola súa resposta, pero sobre todo grazas polo compromiso da consellaría que vostede dirixe co Hospital do Salnés e coa sanidade pública galega, en xeral, e de Vilagarcía en particular.

Centrándome en Vilagarcía, a finais de xullo tiveron a honra de ser testemuña da firma dun protocolo vital para a miña cidade que ten por obxecto a construción por parte da Consellería de Sanidade dun novo centro de saúde tan demandado como necesario. Esta nova instalación, que substituirá o actual ambulatorio de San Roque, prevé a dotación dunha superficie de máis de 5.000 metros cadrados, o que significa un incremento de máis do 50 % sobre a superficie actual do centro. Deste xeito, este novo edificio permitirá incrementar as consultas de medicina xeral, as de enfermaría, as de pediatría e as de enfermaría pediátrica, así como as especialidades de odontoloxía ou fisioterapia, entre outras; e tamén permitirá que medren instalacións vitais como, por exemplo, as salas de reanimación e observación da área de urxencias.

Cónstame a insistencia da Xunta de Galicia, dos seus antecesores e de vostede mesmo, en facer realidade este novo centro de saúde, pendente ata o de agora de que o Concello de Vilagarcía puxera á disposición da consellaría un terreo tecnicamente apto para a súa ubicación, cousa que non ocorreu durante anos.

O Partido Popular agradece, comparte este interese e celebra que a poboación de Vilagarcía, así como da súa área de influencia, poida dispoñer das instalacións necesarias e as que nos merecemos. Para iso gustaríame saber cales son as xestións realizadas polo seu departamento para a consecución deste importante proxecto promovido pola Xunta de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Suárez.

Para réplica do Goberno ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, señora Suárez.

Por suposto, o investimento en atención primaria... (*Murmurios.*) Decía que, por suposto, o investimento en atención primaria tamén é fundamental para este goberno e tamén na comarca do Salnés. Hai dous anos reformamos o centro de saúde da illa de Arousa e neste mesmo ano cumpriu a reforma do centro que cofinanciamos co Concello de Cambados, do centro de saúde, que é de titularidade municipal. E, dende logo, a mellora das infraestruturas de primaria de Vilagarcía sempre foi vontade da Xunta de Galicia.



Dende moito antes da miña chegada á consellaría xa era así. Pedírase un terreo ao concello para facelo, pero só se tiña como resposta unha parcela que dende o noso punto de vista non cumpría as condicións. Non estaba libre de cargas, porque tiña unha afectación portuaria e porque tiña unha edificación que había que demoler. Así se lle trasladou ao concello nun escrito do ano 2017, que vostede coñece.

Catro anos despois, nos que non se nos presentaba outra opción, e antes de iniciar o proceso para tratar de reformar o actual centro, fixemos un último intento de solicitarlle ao concello outra parcela que si cumprise esas condicións. O concello non deu novas opcións de parcelas, insistiu na mesma, pero aceptou mudar esas condicións que a facían inaceptable, asumindo o canon portuario e a demolición do edificio. E nesas condicións fomos adiante, como teriamos ido adiante se esas mesmas condicións se cumprisen catro anos atrás, pero a realidade é que ata este ano non se mudara esa postura.

En consecuencia, asinamos o protocolo ao que vostede facía mención, no que se recolle, por suposto, a necesidade de que se efectúe por parte do concello un estudo de mobilidade para ordenar a circulación na contorna e garantir a necesidade da cidadanía do transporte sanitario. E temos xa en tramitación o convenio que nos permitirá licitar o proxecto arquitectónico para facer este novo centro de saúde de máis de 5.000 metros cadrados que Vilagarcía merece.

Esa é sempre a actitude da Xunta ante un concello onde hai unha necesidade asistencial de mellora de infraestruturas. No momento no que se ofrece unha parcela viable, actuamos. Así o fixemos en Vilagarcía e así o temos trasladado tamén a outros concellos do Salnés como O Grove ou Meis, onde tamén temos a vontade de actuar canto antes e cando se poñan á disposición da Xunta os terreos necesarios.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta e última.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a contratación por parte do 061 de ambulancias que non cumpren os requisitos técnicos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día, señor conselleiro.

Gustárame non ter que facerlle esta pregunta, pero de novo volveu ocorrer a morte dunha persoa sen atención sanitaria.

O 16 de setembro un veciño de Vigo, José Manuel, faleceu cando era trasladado ao Hospital Álvaro Cunqueiro nunha ambulancia que non estaba adaptada para poder prestar asistencia sanitaria en ruta e unicamente cun condutor na mesma. José Manuel quedou



inconsciente e por non contar a ambulancia coas mínimas condicións nin co material preciso nin co persoal preciso non se lle prestou asistencia, non se lle fixo ningunha manobra de soporte vital e non se lle deu nin unha oportunidade de sobrevivir. E todo isto diante da impotencia, da angustia e da desesperación da súa muller, que o acompañaba na ambulancia.

A familia de José Manuel —á que lle mando desde aquí todo o afecto e apoio— pide que se tomen medidas para que non volva ocorrer e que ninguén teña que pasar polo que eles pasaron e están a pasar. Medidas porque esta desgraza é mostra de que a política sanitaria do Partido Popular pon en risco a saúde e a vida dos galegos e das galegas. E infelizmente, señor conselleiro, este fatal desenlace non é un caso illado, chove sobre mollado, non estamos ante unha cuestión puntual, un descoido, senón dunha práctica constante e que non ten ningunha xustificación que a estea mantendo.

Levamos tempo solicitando o reforzo do servizo de ambulancias na área sanitaria de Vigo, porque está permanentemente colapsado. 6 ambulancias de soporte vital básico polo día, 3 pola noite e 2 de soporte vital avanzado son totalmente insuficientes para unha área sanitaria tan ampla como a área sanitaria de Vigo e con tanta poboación. É preciso este reforzo para que o 061 teña vehículos da súa propiedade, vehículos adaptados para poder prestar asistencia sanitaria en ruta e cunha dotación de 2 profesionais co título de técnicos —como establece a normativa, señor conselleiro, como establece a legalidade, non estamos demandando nada fóra da legalidade—.

E as peticións que levamos feito sempre se toparon coa negativa por parte da súa consellaría, do Sergas, do 061, que na vez de reforzar con medios propios e prestar servizos de calidade está prestando o servizo en precario. Un de cada tres servizos que se prestan en ambulancia, servizo urxente, na área sanitaria de Vigo faise con este tipo de ambulancias en precario, botando man de empresas coas que non se fixo ningunha licitación, que non cumpren as condicións precisas, que non están preparadas para a asistencia sanitaria en ruta. Só se pode cualificar de negligencia e desatención pola súa parte cara á veciñanza da área sanitaria de Vigo.

Polo tanto, o que lle preguntamos, conselleiro, é: ¿como xustifica estas contratacións? E ¿quen vai asumir as responsabilidades pola morte dunha persoa que era totalmente evitable, neste caso José Manuel?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señora Prado, en primeiro lugar, gustaríame trasladarlle á familia desta persoa falecida as miñas condolencias e as de toda a consellaría.



En segundo lugar, quero agradecer o traballo de todas as persoas que prestan os seus servizos na fundación pública de Urxencias Sanitarias Galicia, o 061, xa que temos comprobado o seu compromiso e a ampla capacidade en moitas das situacións que teñen desenvolvido e demostrado a súa eficacia na actividade diaria que desenvolven dende o 061.

O 061 ten como obxectivo fundamentalmente realizar a atención prehospitalaria, ben sexa mediante atención telefónica ou ben a través do desprazamento de recursos a calquera punto da nosa comunidade en caso dunha emerxencia sanitaria, as 24 horas do día durante todos os días do ano. Para iso dispónse dunha importante dotación de recursos tanto humanos como materiais. Non vou pararme nas de Vigo, porque vexo que vostede as coñece ben. E ademais indicar que, no caso de ser preciso, dende a central de coordinación do 061 pódense mobilizar outros recursos existenciais con base noutros concellos próximos, así como persoal médico e enfermeiro de atención primaria.

Como saben, a rede de recursos do 061 é común a toda Galicia e son mobilizados segundo as necesidades. Os recursos contan, polo tanto, cun ámbito territorial nun determinado momento pero que se amplía a toda a comunidade autónoma cando é necesario. Cando estes recursos non están dispoñibles por estar realizando un servizo, recórrese a outros medios. Isto faise así dende a creación da fundación, e non só se fai en Galicia senón que é común en todos os servizos médicos de emerxencias.

Os recursos cos que contamos están dimensionados segundo uns criterios de actividade e de necesidades. Pode haber situacións moi concretas nas que non estean dispoñibles e, polo tanto, sexa preciso esa alternativa da que falamos pero sempre adaptada ás necesidades do paciente.

No relativo ao cumprimento da lexislación, señora Prado, todas as ambulancias pertencente á rede de transporte sanitario urxente do Servizo Público Galego de Emerxencias Sanitarias cumpren estritamente coa normativa vixente. Debemos ter coidado con isto, porque lanzar que un recurso non cumpre a normativa non é certo; todas cumpren estritamente coa normativa vixente en canto á dotación de persoal e á formación necesaria do mesmo, segundo o establecido no decreto que regula o transporte sanitario na nosa comunidade autónoma, e, do mesmo xeito, no relativo ás características técnicas e equipamento sanitario.

Ademais, no que respecta ás empresas privadas, a Fundación de Urxencias Sanitarias de Galicia 061, como responsable da xestión e coordinación do transporte urxente extrahospitalario en Galicia, requírelles a todas aquelas empresas privadas que non forman parte da rede e cuxas ambulancias son susceptibles de mobilizarse se é necesario o cumprimento estrito da lexislación. Así mesmo, todas as ambulancias que prestan servizo para o 061 están dotadas dun desfibrilador externo semiautomático e o seu persoal ten formación e a titulación exigida pola lexislación autonómica.

Polo tanto, é falso que incumpramos a normativa de ningún tipo, xa que o interese de todos pasa por garantir o mellor servizo, especialmente cando falamos de actuación en emerxencias. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.



Para réplica ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Mire unha cousa, señor conselleiro, non se confunda vostede. O BNG non lle está pedindo responsabilidades ao persoal do 061, algo que vostede o ten vendido por non terlle á disposición as ambulancias en condicións. (*Aplausos.*) Estámolle pedindo responsabilidades a vostede, e o que lle pedimos é que cese nesa práctica de contratar ambulancias que non pasaron por absolutamente ningún concurso e que non cumpren a lexislación para o transporte urxente como era este caso. (*Aplausos.*) Non a cumpren e vostede está faltando á verdade neste parlamento dicindo que a cumpren, porque estamos falando de transporte sanitario urxente, señor conselleiro, jurxente!

Co cal non caía nesa tentación de desviar a responsabilidade cara aos profesionais, que cando solicitan un transporte urxente — neste caso o persoal de primaria ou o 061— agardan telo á disposición para poder ofrecelo, e vostede non llelo ten á disposición. Non estamos diante dun caso puntual, estamos diante de algo que se repite constantemente e ao que vostede non está poñéndolle solución.

E, dende logo, o BNG non imos aceptar como normal o que non é nin normal nin aceptable; non aceptamos que teña que morrer unha persoa por falta de recursos. Porque vostede fala dun desfibrilador, e ¿quen usa o desfibrilador se non vai ninguén co paciente na cabina?, ¿quen o usa? (*Aplausos.*)

Non aceptamos como irremediable a morte de José Manuel, cando con recursos axeitados tiña que ter unha oportunidade, que vostedes non lle deron, e non aceptamos a morte dunha persoa porque a Xunta non teña a dotación de ambulancias que cumpran coas condicións, como é neste caso. Un de cada tres servizos na área sanitaria de Vigo urxentes estanse facendo con estas ambulancias que non cumpren as condicións técnicas.

E mire, un accidente é irremediable, pero cando unha persoa morre por falta de atención iso ten que ser remediado e ten que ser evitable.

E mire, unha ambulancia para atender urxencias non pode ser unha furgoneta con autorización para saltar os límites de velocidade nin os semáforos en vermello, ten que ter a dotación suficiente, o espazo e o persoal, (*Aplausos.*) o espazo e o persoal.

Polo tanto,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado. Moitas grazas, xa rematou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: ...rectifique, señor conselleiro, rectifique e tome medidas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado, rematou o seu tempo.

Para réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.



O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Dende logo que é unha vergoña escoitar un parlamentario dicir que o Sergas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si. Digo que é unha vergoña escoitar un parlamentario dicir que o Sergas mete os pacientes nunha furgoneta habilitada para saltar semáforos. Era case o último que me quedaba por escoitar. (*Aplausos.*)

Reitero que o uso dos recursos adicionais á rede de transporte sanitario urxente sempre é valorado por persoal médico da central de coordinación. A súa mobilización realízase exclusivamente nos seguintes supostos: pola ocupación de recursos pertencentes á rede propia, polo número de lesionados cando hai un accidente como o do tren no Porriño, por exemplo —podemos recorrer a furgonetas incluso nese caso, é certo—, e en situacións de emerxencia cando o tempo de resposta da ambulancia do 061 dispoñible se considera excesivo.

No caso do que hoxe falamos —e reitero de novo e lamento o falecemento deste paciente—, este paciente foi atendido no seu domicilio polo seu médico de familia, que decide trasladalo a urxencias. Para isto faise unha valoración dende a central de coordinación sobre o diagnóstico e as condicións do paciente para o seu traslado, de acordo neste caso o traslado co seu facultativo, que estaba alí con el.

E neste caso dábase un dos supostos anteriormente citados: os recursos pertencentes ao 061 estaban ocupados, e por iso os facultativos da central autorizan o traslado nunha ambulancia —repito— segundo a valoración do diagnóstico do paciente.

Non entendemos o ataque que realizan vostedes aos profesionais que atenderon esta urxencia, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) xa que sobre como debe ser o traslado desta persoa primou o criterio profesional. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Foi durante o traslado ao hospital cando o paciente empeorou e decidiuse dende a central de coordinación continuar o traxecto, xa que se priorizou a chegada o antes posible ao centro hospitalario.

Mire, señora Prado, ten que vostede revisar as súas fontes de información. Ese delegado da CIG que tanta información lle pasa, (*Murmurios.*) e que lle di que un de cada tres traslados...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...son feitos por estas ambulancias, méntelle, méntelle e engánaa.

Mire, no que vai de ano o 97,84 % das urxencias no concello de Vigo foron cubertas por recursos propios do 061, a pesar de que como consecuencia das diferentes ondas da pandemia aumentaron, como pode imaxinar, as necesidades de transporte urxente.

Eu non vou entrar na utilización mediática que vostedes adoitan facer de circunstancias como estas. Xa o fixo neste parlamento no caso da nena que morreu na piscina en Cangas hai uns meses, pero non vou entrar —repito—, como xa non entrei daquela, porque se trata —como digo— de cuestionar o traballo do persoal que realiza o seu traballo tanto en aten-



ción primaria como no 061, do que non podo máis que estar orgulloso e agradecido e defenderei sempre que sexa preciso.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Pois finiquitados os puntos da orde do día, remata a sesión.

Remata a sesión ás tres e seis minutos da tarde.











RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez López, Daniel	(BNG)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez López, Noelia	(P)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Porro Martínez, María Corina	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Prado del Río, Paula	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
11. Candia López, María Elena	(P)	49. Puy Fraga, Pedro	(P)
12. Carballo Páez, Ramón	(P)	50. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
13. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	51. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
14. Castro García, Daniel	(BNG)	52. Rey Varela, José Manuel	(P)
15. Castro Rey, Paloma	(S)	53. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
17. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	55. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
18. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	56. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
20. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. García Martínez, Fabiola	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Santos Costa, Manuel	(P)
27. González Albert, María	(BNG)	65. Sanz Arias, Cristina	(P)
28. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	66. Seco García, Martín	(S)
29. González Vázquez, José	(P)	67. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
30. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
31. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
32. Martínez García, Valeriano	(P)	70. Torrado Quintela, Julio	(S)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

